



ACTAS DA **X** XORNADA DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

# Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes... con historia



GATO MIÓN | MOUCHO | BUFO | NOUCHO

Actas da X Xornada de Literatura de Tradición Oral

**Palabras con memoria: topónimos,  
ditos, frases, nomes... con historia**



Consello Directivo da AELG    Presidencia    Cesáreo Sánchez  
Vicepresidencia    Alicia Fernández  
Secretaría xeral    Mercedes Queixas  
Tesouraría    Marta Dacosta  
Vogalía de Lugo    Isidro Novo  
Vogalía de Vigo    Leticia Costas  
Vogalía de Santiago de Compostela    Carlos Negro  
Vogalía de Relacións coa Lusofonía    Carlos Quiroga  
Vogalía de Relacións Internacionais    Xavier Queipo  
Vogalía de Literatura de Tradición Oral    Antonio Reigosa  
Vogalía de novos formatos da escrita    Rosalía Fernández Rial  
Vogalía de comunicación    Ramiro Torres  
Vogalía de Literatura Dramática    Afonso Becerra

Secretaría económica e técnica  
e revisión lingüística    Ramiro Torres Maceiras e Ernesto E. Calo

Edita    Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)  
aelg.gal / oficina@aelg.org  
aelg.gal/Polafias

Deseño base da capa    Alberte Sánchez Regueiro – Distrito Xermar

Gravación e edición do DVD, e fotografías  
do apartado de biografías    Xosé Miguel Castro (Olo de Vidro - A. C. Alexandre Bóveda)

Maquetación    Gráficas Mera

D. L.    VG-1293-2005

ISSN    1889-9579

Imaxes (os dereitos de reprodución son os  
mesmos que os que se citan nas fontes  
das que se obtiveron)    Wikimedia Commons 3, 5, 7, 11, 13, 41, 53, 59, 73, 85, 93, 101 (From Old Books) musica-  
tradicional.eu (Fondo de Música Tradicional) 5, 6, 7, 8, 9, 10 iltuffatore.es 14 coordinado-  
raendl.org 25 eduga (Revista Galega do Ensino) 25 Asociación Galega de Onomástica 25  
editorialgalaxia.gal 28 todocoleccion.net 28 archive.org 36 elcoriteingles.es 28, 37 La Voz de Ga-  
licia 54 Diario de Arousa 55, 56 Diario de Ferrol 57 cirp.gal 71 xerais.gal 72 omarfeitotradi-  
cion.gal 94-99

As restantes imaxes foron achegadas polas autoras/es

©Das respectivas autoras/es

©Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Decembro de 2017

Agradecementos

Grupo de traballo da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (Ana Acuña, Calros Solla, Carme Pernas Bermúdez, Félix Castro Vicente, Isi-  
dro Novo, Lois Pérez, Xosé Manuel Varela e Xurxo Souto).

Esta edición contou co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos/as titu-  
lares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra: [www.conlicencia.com](http://www.conlicencia.com),  
91 702 19 70 / 93 272 04 47.

Actas da X Xornada de Literatura de Tradición Oral

**Palabras con memoria: topónimos,  
ditos, frases, nomes... con historia**







Xa son dez as Xornadas de Literatura de Tradición Oral que dende a Deputación de Lugo impulsamos, este ano afondando nunha temática tan de noso como as palabras con memoria, escolma da nosa historia de apaixonante interpretación.

Presente no cotián da nosa fala, afondan os topónimos, os refráns, os ditos e demais, na propia identidade que como colectivo nos define e vencella.

O estudo, e recoñecemento, da nosa tradición oral é labor imprescindible para a comprensión dun presente que tería sido diferente sen a nosa capacidade creativa e de superación dos obstáculos, e que reflexa tan ben a abundancia de ricas manifestacións na literatura oral.

Os que nacemos en recunchos da nosa terra nos que aínda se pasaban días sen luz (así se refería o corte na subministración eléctrica) non hai moito, os que acordamos as rogas de traballo, os cantos de reises, as mallas, as esfollas, tivemos a impagable oportunidade de coñecer a nosa historia máis humana da man de cantigas, romances, ailalelos, cantos de cego, refráns, contos, mitos, lendas e demais expresións que, co nexos común da nosa lingua, recolleron fiel testemuño do que poderes desprezativos co máis noso, e con nós mesmos, pretendían mudar coa imposición do silencio. E algo terán conseguido cando no treito final da segunda década do século XX temos que loitar por valorizar o raizame da nosa existencia. E grazas que hai quen o faga!

O estudo minucioso e rigoroso dende a óptica científica desenvolvido nas Xornadas de Literatura e Tradición Oral promovidas pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega vén recuperar a dignidade que a historia parecía ter arrebatado a esta eclosión de creatividade en tempos pouco doados para un pobo que, baixo o teito da lingua que anhelaban soterrar, soubo construír o abrigo que acollese a crónica de todo un pobo en torno á fala. E así, quedou recollida na memoria a nosa historia.

É por isto que a magnitude do agradecemento pola organización desta X Xornada de Literatura de Tradición Oral, e polas anteriores, resulta


complexo de verbalizar con atinadas palabras que agardo expresar, co desexo de que poidamos organizar outras tantas cando menos.

Madia leva a merecelo a nosa riqueza de tradición oral. Imos por outra xeira.

*Álvaro Santos Ramos*

*Deputado delegado da Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais da*

*Deputación de Lugo*





A historia destas xornadas que hoxe iniciamos é, no fondo, unha historia de amor ás palabras do noso idioma mais, sobre todo, a aquelas que andaban e andan a errar pola nosa realidade cultural e social, que andan ceibas sen lar nin arrimo tan só; ou principalmente, na fala das clases populares que as crearon e as conservan ao telas utilizado ao longo dos séculos.

Esta xa décima edición das Xornadas de Literatura de Tradición Oral é posíbel grazas á Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que, da man de Antonio Reigosa e Isidro Novo, nos axuda a crear este espazo de liberdade de expresión, co apoio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo e a colaboración da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Negámonos a que as palabras morran extenuadas porque non tiveron a fortuna de que algún amante do idioma lle dese acollida nalgún dicionario ou texto escrito. Amamos as palabras, as máis valiosas as que teñen o pequeno e esencial fardel da súa memoria e só teñen no seu camiñar o seren e viviren ceibas, vivas, que se doen e se conmoen de ledicia ou de dor, seres vivos que se doen ou entristecen, que son compañía para quen que as pronuncia, fundadoras da cultura desta terra. Elas, humildes e xenerosas, forman parte con milleiros e milleiros delas do río do memoria, caudaloso, que vén avantando séculos e séculos para chegar até nós traendo nas súas maos o que é esencialmente humano.

Esa construción sociocultural e política que é Occidente, o Occidente hexemónico globalizador e asimilador, invasivo culturalmente, non gusta moito da oralidade, é prexuzoso con ela e transmitiunos os seus prexuízos. Occidente fai unha interpretación do mundo que reduce todo a categorías temporais mediante as que pretende explicar de xeito lineal os feitos, cunha mesma visión básica. Segundo isto a verdade é única e, a verdade das cousas só se pode comprender en termos de desenvolvemento histórico lineal e progreso deshumanizador que só pode expresarse coa palabra escrita, contraponéndose ás máis complexas e plurais que se basean nas tradicións orais. Somos as culturas dos distintos pobos da Europa milenaria, á que pertencemos e que axudamos a fundar, as que temos unha visión plural do mundo como a que se pode inferir das diversas temáticas que se teñen tratado na vida destas Xornadas de Literatura de Tradición Oral (o demo,





a mitoloxía da morte ou do lobo, as lendas urbanas ou de mouras e mouros, os amuletos e as reliquias ou os ritos da medicina popular, as historias do mar ou o sexo e a obscenidade no imaxinario popular).

Así o explica o noso idioma, mesmo con eses seres inaprensíbeis, fuxidíos, que son as palabras que só existen na oralidade e nos dan memoria e admiten moitas versións da verdade, sendo a verdade última a inexpresábel. As palabras fixeron unha viaxe pola nosa tradición para chegar a nós a través da historia, unha viaxe ao pasado, aos pasados que se suman na tradición oral onde os séculos coexisten. Podemos pensar na nosa tradición como o lugar no que conviven elementos de diversas épocas, con centos de anos de distancia entre eles no seu nacer, mais que viven e conviven nun contínuum de memoria viva, transmitidos oralmente por sucesivas xeracións.

Nesta décima edición fixemos unha viaxe á memoria das palabras, as palabras que teñen memoria de si propias, que naceron nun contexto social e son válidas para novos contextos sociais, coa textura do seu son para poder facérmolas habitar de novo no noso idioma. Ao tempo que podemos saber, dende o noso lonxincuo pasado até hoxe, dos traballos e os seus días que as crearon, de como aquelas e aqueles sabios avós resolveron os medos e incertezas fronte ao descoñecido da alma humana.

Topónimos, ditos, frases, nomes... con historia, son as palabras coas que os galegos enfrontamos o tempo e o espazo e que fan que o poder da memoria teña unha extensión sen límite. Mantelas vivas é darlle á nosa cultura unha renovada inmortalidade. As palabras con memoria son a autobiografía colectiva polo dito e, tantas veces o non escrito, polos galegos como colectivo humano. Sabemos que, ás veces, entre todas elas encerran todo canto soñamos e tememos.

A literatura oral permítenos contar a nosa máis recente e máis antiga experiencia humana, para así podermos ler na liña da vida luces e sombras, coñecementos, soños, afectos, reflexións do que intuímos e, en fin, todo canto constitúe a verdade máis humilde, a máis eterna.

*Cesáreo Sánchez Iglesias  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*



Hai palabras, falas e ditos que andan arredor de nós e que ás veces non entendemos. Neste grupo están as xergas, moitos refráns e frases feitas de todo tipo, ademais de palabras esquecidas, de uso local ou profesional restrinxido, que nin sequera aparecen nos dicionarios. *Ir e vir chámase carrear* quere dicir que hai que ir facendo as cousas aos poucos e con xeito; en cambio *A gata co apuro trouxo os fillos cegos* dá a entender que as présas non son boas. Mais tampouco convén confiarse pois *O mellor mariñeiro morre no mar*. En definitiva, o mellor é traballar para facer as cousas ben e non *cantar no papo* (agardar a que apareza feito) nin tampouco *comer a figura* (insistir para que o que debера facer un o teñan que facer os demais).

Somos singulares porque cadaquén temos reservado en exclusiva un nome e uns apelidos; sabemos onde andamos e vivimos, o lugar que ocupamos no universo, porque pisamos territorios nomeados. Relacionámonos case exclusivamente con palabras que son consecuencia de ideas, pensamentos e accións que podemos verbalizar.

Para recuperar e actualizar esa memoria, nesta décima edición da Xornada de Literatura de Tradición Oral convocamos recoñecidas autoridades en toponimia, onomástica, lexicografía, fraseoloxía e incluso falantes dalgunha xerga para evocar esa memoria, esa sabedoría que atesouran as palabras.

Os nomes da terra, dos camiños, das plantas, das fontes e dos ríos, das covas e das pedras, dos ventos e das estrelas, das néboas, das montañas ou do mar son rastros que deixamos. Os nomes dos obxectos, os dos males que padecemos, os nosos propios nomes e apelidos, incluídos os alcumes, gardan historias que contar, nadas unhas no lonxincuo esplendor das vellas culturas e outras no íntimo da casa, aldea ou rúa, con significados concretos, por veces case secretos.

A maneira de chamarnos con nome e apelidos, que nos distingue dos demais e di de quen somos fillos, non sempre foi así. Desde o costume romano dos tres nomes, *tria nomina –praenomem, nomen e cognomen* pasouse ao uso dun único nome na alta Idade Media. A partir do século IX



apareceu un segundo nome, que é o xerme ou orixe dos apelidos actuais, que podía ser o do pai, o da profesión ou cargo, o da orixe xeográfica ou xentilicio, o dun santo ou santa, ou simplemente un alcume ou calidades, físicas ou morais, da persoa.

Outro grupo de vocábulos con incógnita que tratamos foron esas palabras ou acepcións que por diversas razóns non atoparon sitio nos dicionarios e que están en verdadeiro perigo de extinción. A sección *Palabras con Memoria*, accesíbel libremente na web da AELG, ten o obxectivo de recuperar este patrimonio esquecido e poñelo ao servizo da colectividade.

Para o peche preparamos un faladoiro arredor dunha xerga ou xiria de orixe descoñecida chamada Verbo, Verbo Xido, Verbo dos Buxas, Verbo dos Arginas, Lacre dos Arginas, Ghalrucio ou Latín dos Canteiros. Esta fala gremial, exclusiva dos canteiros dalgunhas bisbarras galegas, sobre todo de Terra de Montes e Bergantiños, usábase segundo algunhas estimacións un 20.000 individuos a principios do século XX. Agora xa quedan moi poucos que a saiban e apenas teñen oportunidade para practicala.

De todo isto se falou nesta X Xornada de Literatura de Tradición Oral, de *Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes... con historia*. Unha posta ao día que entendemos de proveito para as aulas e para coñecermos mellor algunhas das razóns polas que nos nomeamos e nomeamos a contorna.

Grazas aos relatores e relatoras Xulia Marqués Valea, Isidro Novo, M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias, Gonzalo Navaza e Marcos Escudero, que nos ilustraron co seu saber. E sentido agradecemento tamén ás persoas asistentes por acompañarnos en gran número un ano máis; tamén á AS-PG pola súa colaboración, á Deputación de Lugo polo patrocinio necesario, ao consello directivo e á oficina técnica da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, así como a Oullo de Vidro: todas e todos imprescindíbeis para que poidades ter nas mans este volume que resume todo canto se dixo e debateu en Lugo o pasado 21 de outubro de 2017.

*Isidro Novo e Antonio Reigosa*  
*Coordinadores da X Xornada de Literatura de Tradición Oral*



## Programa

X Xornada Literatura de Tradición Oral  
**Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes... con historia**  
Lugo, 21 de outubro de 2017

**Os sinais de identidade na tradición oral: breve achegamento dende o sistema antroponímico galego** (conferencia)  
Xulia Marqués Valea

**Orfanato para ágrafas: Palabras ao ventimperio** (conferencia)  
Isidro Novo

**Saber o seu nome sen perder a súa voz** (mesa redonda)  
Xulia Marqués Valea e Isidro Novo  
Antonio Reigosa, moderador

**Presenza de valores antropolóxicos, etnográficos e míticos na fraseoloxía** (conferencia)  
M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias

**Toponimia e lendas** (conferencia)  
Gonzalo Navaza

**O abecé do noso ADN simbólico-cultural** (mesa redonda)  
M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias e Gonzalo Navaza  
Isidro Novo, moderador

**Palabras con misterio: O Latín dos canteiros**  
Faladoiro con Marcos Escudero (canteiro)





## Os sinais de identidade na tradición oral: breve achegamento dende o sistema antroponímico galego

Xulia Marqués Valea  
xuliatrabada@gmail.com

### A xeito de introdución

A maior parte das manifestacións inmateriais da cultura son percibidas pola sociedade que as vive como un elemento de identidade que se afianza a través do tempo. O patrimonio onomástico, como parte do patrimonio cultural inmaterial, adquire un papel esencial na construción da identidade, como substancia en canto ao seu valor simbólico e como ferramenta vinculadora en canto ao seu valor de uso (García Redondo 2012: 15).

Se por *esencia* entendemos «*Aquilo que define a natureza propia dunha cousa ou dun ser, que é o que constitúe o seu fundamento e o que o diferencia dos demais.*» (DRAG), o patrimonio cultural non é máis có *receptáculo das esencias* de cada comunidade porque constitúe o permanente e o perdurable, aquilo que une o pasado e o presente da xente nunha cadea que se mantén en forma de folclore, ritos, festas, xogos, lingua e nomes propios.

O conxunto dos nomes propios dunha lingua denomínase *onomástica*, e nel diferenciamos a *onomástica persoal* ou *antroponimia*, que se ocupa dos antroponimos ou nomes de persoa, e a *toponimia*, dos nomes de lugar.

Ao tratarmos de procesos de nominación persoal cómpre considerar, en primeiro termo, as distintas formas de recoñecemento identitario que existen para un mesmo individuo. Zonabend (1980: 17) sinala que «*L'identité de la personne est faite de la somme de tous ses noms.*» [*A identidade da persoa é a suma de todos os seus nomes.*] A denominación oficial, nome e apelidos, convive con outro tipo de fórmulas válidas e propias da vida familiar, do nivel informal, coma os nomes da casa, os alcumes ou os hipocorísticos. É común que no ámbito rural, segundo Zabalza (2005: 245), se dea unha disociación entre a identidade real e a oficial.

### Cal é o noso obxectivo e de que nos valem os

Nesta comunicación marcamos dous obxectivos: o primeiro, analizar o sistema antroponímico galego a través dos seus distintos compoñentes -os nomes de pía ou bautismo, apelidos, nomes da casa, alcumes e hipocorísticos-; o segundo, considerar este sistema de

denominación na súa dimensión cultural, porque será esta a que nos forneza os códigos que dotarán de significado os termos onomásticos.

O estudo dos gustos e criterios cos que unha sociedade organiza o sistema apelativo e identificador dos seus membros remite a un terreo amplo no que se ven implicadas as relacións e xerarquías domésticas e familiares, os usos e costumes a escala local e supracomunal, o papel da Igrexa e do Estado como modeladores ou reguladores de determinadas prácticas e, en definitiva, as transformacións que todo sistema antroponímico vai experimentando no contexto dos cambios estruturais de cada sociedade (Pujadas-Comas 1989: 368).

Para achegármonos ao sistema antroponímico galego desde un contexto como a X Xornada de Literatura de Tradición Oral, imos tirar primeiramente do fio inmaterial das tradicións orais co fin de desvelar os elementos onomásticos que nos definen; en segundo lugar da obra cunqueirá, en particular de *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979), polo seu nexco coa dita literatura; e en terceiro lugar de dúas obras etnográficas, unha de conxunto, *Cultura espiritual* de Vicente Risco, e outra particular, *Etnografía mindoniense*, de Eduardo Lence Santar. Engadiremos, en último termo, o material resultante da análise das seguintes compilacións:

- *Antoloxía do conto de tradición oral*
- *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*
- *Antoloxía do conto popular galego*
- *Contos populares*
- *Antoloxía de contos populares de Galicia*
- *Contos populares da provincia de Lugo*
- *Contos populares da Galiza*
- *Contos do Valadouro*
- *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*
- *A carón do lume*
- *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*

### **Recreando ese universo propio**

Nesa tarefa de caracterizar a idiosincrasia dun pobo imos converter en esteos a casa, a parroquia e o ser humano, e en aditamentos necesarios a palabra escrita de Vicente Risco e as imaxes fotográficas de Vicente Ansola no libro *Aldeas sen voz*.

Na Galicia rural, dicía Llinares (1992: 124), a xente noméase e é nomeada polo nome da casa. É ben habitual escoitar aquilo de «*E logo ti, de quen vés sendo?*» O *ecónimo* (ou *oicónimo*) é a denominación que unha comunidade utiliza para designar un grupo de persoas circunscritas a unha casa. Está restrinxida a un uso familiar, non oficial, e funciona a modo de *carta de identidade* (Rodríguez 2007: 257-258). Tanto é así que as persoas de máis idade que viven na casa familiar acaban por asumir o nome dela, esquecendo o propio. No lugar de Pacios, na Ría de Abres –parroquia do concello de Trabada onde eu nacín– *O Rei Vello* era *José María Neira, da casa do Rei*. Finado o pai, *O Rei* é agora o fillo e *O Rei Novo* o neto.



Este tipo de identificación absoluta coa casa dáse, exclusivamente, no caso dos varóns. No caso das mulleres dáse outra particularidade: cando están solteiras e son novas non se produce a súa asimilación polo nome da casa, pero si que sucede en moitos casos cando casan para fóra (Llinares 1997: 295-296). Un exemplo con outra veciña: *Pilar de Galego*, casada na casa do Rolo, pasa a ser *Pilar do Rolo* ou *A Rola*.

Estamos diante dunha realidade lingüística presente nos núcleos rurais, non castelanizante, que gozaba de plenitude no vivir cotián da comunidade. Non é raro que os letreiros das entradas das vivendas e mesmo os panteóns familiares levasen e aínda leven o nome da casa. Na actualidade estase a producir un descenso do coñecemento dos nomes das casas e unha mingua de emprego real, de modo que a menos idade do/da veciño/a, menor uso (Rodríguez 2007: 258-259).

Un segundo espazo de referencia que se utilizaba para definir a identidade familiar era a aldea (Zabalza 2005: 248). A casa insírese no lugar, na aldea e na parroquia, nesa «*sociedade natural inteira compreta e pechada*», como a definía Risco. Referente aos moradores, aos homes e mulleres galegos, escribía o ourensán:

*O galego tende á concentración en moitos respectos: no seu mundo interior, no seu fogar, na súa aldea, na súa parroquia, na súa terra. Moitos fenómenos da nosa vida social e histórica como: a perduranza do vencello familiar [...] os pequenos agrupamentos parroquiás [...] o fondo sentimento da terra, aínda o fero sentimento da propiedade, do «meu» [...] exprícanse por unha introversión extrema, indicante dunha forza moi rexa metida aló no fondo da personalidade de cada un (264).*

## **O nome**

O primeiro compoñente do sistema antroponímico ao que nos imos achegar é o nome de pía, e abordáremolo axudados por Vicente Risco, fundador da etnografía galega e tamén autor da maior obra etnográfica de conxunto, *Cultura espiritual*, publicada en 1962 no volume 1 da *Historia de Galiza* en Bos Aires pola editorial Nós:

*O nome de pía é de usanza na aldea. Os apelidos oficiás non se empregan máis que nas relacións cos poderes públicos. Danse casos de non sabelos os mesmos interesados, e moitísimos máis de non coñecelos os parentes e veciños. Prácticamente, na vida de tódolos días, levan o nome de pía, engadéndolle o nome do pai (o Xaquín do Manuel) ou da nai (o Facundo da Xenerosa) ou de calquera dos abós (o Pepe do tío Servando, o Ramón da Señora Manuela) ou tamén, á muller o do marido (a Camila do Severino) ou ó home o da muller (o Benigno da Andrea), o cual ven siñificar que levan o nome da persoa máis coñecida, ou da que leva a xefatura da casa.*

*Outros engaden ó nome de pía o do lugar en que viven (o Benito do Pombal, o Facundo da Eira). Esta designación emprégase tamén [...] pra moitas familias de señores e fidalgos, ós que lle poñen o nome dalgunha posesión ou finca (os de Tosende, os da Córrega, os da Ferrería, Don Fernando de Valdoseira). Os abades levan sempre o da parroquia.*

*Tamén sirven de apelido usual, non oficial, os nomes dos pobos ou terras de que viñeron os que os levan ou os seus antepasados: o Masidao, de Maside, o Caixacao, de Queixa, o Limíao, da Limía [...] (493-494).*

Sobre o feito de poñer nome:



*Os nomes que lle poñen ós nenos no bautismo soen ser nomes herdados que levan ou levaron outras persoas da familia, en especial dos que morreron na casa, pra perpetuos [...]*

*Outras veces pónenlle os dos padriños, e tamén con frecuencia (case sempre por imposición dos párrocos) o do santo do día. Cada neno soe levar varios nomes, principalmente na clás dos señores, anque despóis empreguen somentes o primeiro, que pode ser composto (Xosé María, Xosé Ramón etc.) caso frecuente na aldea [...]*

*Foi tamén costume dalgús abades o pór ós fillos de solteira nomes raros ou que parecen ridículos, como castigo da falta das nais (493-494).*

A seguir incorporamos algúns ditos arredor da importancia que ten de seu o nome de pía e o que comporta unha boa elección na sabedoría popular:

*Cada home ten o seu nome.* O nome de pía é un elemento onomástico cargado de significación.

Os nomes, segundo Pujadas-Comas (1989: 371, 391), clasifican os membros dun mesmo grupo de irmáns, identifican o futuro herdeiro e simbolizan a continuidade patrimonial da casa.

*Os nomes bonitos reclaman persoas guapas.* Ao poñerlle un nome prestixiado a un cativo, os pais teñen a sensación de embelecer a vida do seu fillo. Hai persoas que resultan atractivas pola súa beleza, física, moral, pola súa riqueza, pola auréola de triunfo que as rodean. Algo así como se a beleza física ou moral do modelo que teñen *in mente* se transmitise á nova criatura pola imposición do nome (DNG, 23).

*O nome hai que sabelo levar.* O nome comporta privilexios, mais tamén responsabilidades.

*O nome dura máis có nome.* O nome hai que facelo digno de respecto e estima porque a súa sona dura e perdura.

Semella que tras a aparente liberdade para impoñer o nome a unha persoa acabada de nacer, hai unhas regras tácitas que limitan na práctica o repertorio que se elixe. Nos países de tradición católica, a acción da Igrexa tivo historicamente unha importancia decisiva na elección do repertorio dos nomes de pía. Nas terras de Quiroga, atopara Ánxel Fole nomes como *Rómulo, Píndaro, Lucrecia, Valerio, Belisario, Flaminio, Tiberio* ou *Ovidio*, que el explicaba así:

*Esto penso que debeu de ser algún cura de por alí, que se dedicou a poñer nomes clásicos ós nenos do lugar. Digo eu, porque senón non se entende (Casares 1984: 67).*

A idea, concretada no Concilio de Trento, era que a través do nome o individuo recibía as virtudes morais e psicolóxicas do seu santo patrón, a quen debía tratar de emular (Pujadas-Comas 1989: 371).

### **Do outro lado do espello... Cunqueiro**

A esta altura do relatorio imos situarnos *do outro lado do espello* coa axuda de Álvaro Cunqueiro. Esta achega formulouse e débese á estreita relación que ten boa parte da obra creativa do escritor mindoniense –nomeadamente *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979)– coa literatura popular tradicional.

Serán obxecto de estudo algúns dos 521 personaxes que cruzan estes relatos e que se identifican por medio de 641 nomes propios. Non nos deteremos nas pegadas do popular na maneira de nomear os personaxes que protagonizan as súas historias, senón nalgunhas reflexións “meta-onomásticas” que saen da boca destas xentes de aquí e de acolá, e que nos valen á hora de entendelas e de nos entender a nós mesmos. Estámonos referindo, en particular, aos comentarios que analizan e interpretan a construción e o funcionamento do sistema e a informacións centradas na etioloxía e na propia historia do acto denominativo. (Ionescu 1993: 18). Amosaranse baixo as tres epígrafes *Chamar e coñecer*, *O poder do nome propio* e *Sobre alcumes*

– Chamar e coñecer

*Chamar* indica que o termo é nome individual, apelido ou fórmula oficial; *coñecer* ('alias' ou 'dito') funciona como índice de sobrenome e fórmula non oficial:

*Todos o coñecían por Pedro Corto ou Pedro de Anteiro, pro chamábase Pedro Regueira García* ("Pedro Corto", *Xente de aquí e de acolá*, páx. 237)

*Chamábase Manuel Berdía González [...] máis coñecido por Souto de Lires* ("A ánima de Souto de Lires", *Xente de aquí e de acolá*, páx. 247)

*Manuel Costa, alias Louzao de Mouride* ("Louzao de Mouride", *Xente de aquí e de acolá*, páx. 170)

As fórmulas oficiais van asociadas a rexistros de comunicación estándar e a cambios de código lingüístico, e as fórmulas non oficiais ao código oral:

*—Son Xacintiño! —decíalle á muller. —¡Si eres Jacinto Onega Ribas casado con María García Verdes, da una prueba!* ("O paraugas Xacinto", *Xente de aquí e de acolá*, páx. 183)

*Hermelina foi facer a Ourense unhas tarxetas nas que se dixese que traballaba en luares para a Casa Real de Portugal. Consultou o da imprenta con don Vicente Risco [...] e por consello deste puxeron nas tarxetas: Hermelinda Cartelle Portas / Proveedora de luares dos Reises de Portugal / Verín* ("Hermelinda da Ponte", *Os outros feirantes*, páx. 361)

– O poder do nome propio

O poder *curativo* do nome propio queda probado nas prácticas dos menciñeiros:

*Tódalas doencias teñen un nome humán, que os médicos non saben; os médicos sábenlles ás doencias en xeneral un nome centífico.*

*Na illada terá unha pedra ou dúas, pro ten ademais toda isa historia, á que hai que dar un nome humán, e soio cando se lle atopa ise nome humán á doencia, saberase si Pedro Pérez, dito do Ferreiro, dito Fol, dito Baluga, poderá curar ou non.* ("Lamas Vello", *Escola de menciñeiros*, páxs. 72-73)

No caso das enfermidades mentais Borrallo da Lagoa, como primeira medida, cambiáballo o nome ao enfermo:

*O primeiro que facía cun tolo era cambearlle de nome. Decíalle ó tolo que, por un casual, chamábase Secundino: Ti eres Pepito i nada máis. Contesta solo Pepito.* ("Borrallo de Lagoa", *Escola de menciñeiros*, páxs. 63-64)

Ás veces, o menciñeiro solicitaba para poder diagnosticar con exactitude non só o nome, senón a identificación completa do doente:

*Sentábase e mandaba sentar ó doente diante dil. Preguntáballo nome e motes: o apodo da casa e da familia, o seu propio, como lle chamaban de neno ou de rapaz, por bulra de irmáns, parentes i amigos [...]* ("Lamas Vello", *Escola de menciñeiros*, páx. 71)

Tamén ocorre no caso de prácticas *alternativas*. Velaquí Silva da Posta dirixindo o cerimonial de *chocar unha ánima*:

*Estaban chocando a ánima dun que morrera no monte. Chocar unha ánima quer decir engañala e darlle terra. [...]*

*O ceremonial que dirixía Silva pretendía atraer a ánima vagante á pelica da ovella, e cando estivera nela confiada, atala i enterrala. [...]*

*Silva decía a media voz nomes de persoa. Chamaba ó finado.*

*Antón, Augenio, Bras, señor José, Francisco...*

*Así máis de tres horas. Cando dixo Vitoriano, a pel moveuse. ("Silva da Posta", *Escola de menciñeiros*, páxs. 87-88)*

A diferenza de Silva da Posta, os lobos non poden pronunciar nomes de cristiáns:

*O lobo non pode pronunciar nomes de cristiáns: Pedro, Xosé, Roque, Antón, Edelmiro... ("O lobo", Novidades do mundo e fauna máxica, *Escola de menciñeiros*, pág. 105)*

Pero nós, si que lles poñemos nomes (e apelidos) a eles:

*Xan de Montouto, Xan García, Xan Perillán (Memorias dun raposo).*

– Sobre alcumes

*Os alcumes, alcuñas, nomeadas ou motes [...] cuia usanza é xeneral, substituíndo ás outras designacións.*

*Fúndanse as nomeadas nalgunha particularidade dos costumes dunha persoa, nalgunha rareza do corpo ou da cara, moitas veces en defectos de pronunciación, que son os que máis risa dan, ou nalgunha ocurrencia da súa vida, que chamase a atención.*

*Os alcumes hérdanse tamén de pais a fillos, netos e bisnetos e dahí pra diante.*

*As máis das veces, as nomeadas cóllense de nenos, duran toda a vida e déixanse ós descendentes, de xeneración en xeneración (Risco, 494-496).*

O *alcume* é un sobrenome para unha persoa ou familia de carácter informal e coloquial, que recolle polo xeral un defecto ou circunstancia persoal e adquire carácter social (Novo, 2013). Con relación á súa creación e uso, indica Escourido (2007: 149) que aínda que a creación dun alcume resulta sempre da imaxinación dunha única persoa, a súa consolidación depende do grao de aceptación na comunidade onde nace. Pode acontecer que, en certos casos, substitúa para todos os efectos o nome verdadeiro –véxanse, por exemplo, algunhas necrolóxicas. Os alcumes deixan ver a realidade sociocultural e lingüística da comunidade na que se orixinan e son testemuñas da inventiva popular. Tanto os alcumes coma os nomes das casas constitúen unha proba da resistencia á castellanización nas comunidades tradicionais. A continuación recordamos algunhas das aseveracións de Vicente Risco relativas aos alcumes engalanadas con exemplos de Cunqueiro:

*Os alcumes hérdanse tamén de pais a fillos, netos e bisnetos e dahí pra diante (Risco)*

*Chamábase Jesualdo Pértega, pro era coñecido por Leiras de Tardiz. O seu abó era Leiras Vello, e o seu fillo Leiriñas. ("Leiras de Tardiz", *Xente de aquí e acolá*, pág. 217)*

*Xa seu pai e máilo seu abó apodábanse das Esmelgas, e quizaves seu bisabó e seu trisabó, porque acaeríalles moi ben o esmelgar. (“O Loro das Esmelgas”, *Os outros feirantes*, páx. 408)*

*Chamábanlle a familia de Ramiro, «os da Barca», porque seu bisabó e seu abó tiveran barca no Miño, entre Portomarín e Belesar. (“Ramiro da Barca”, *Os outros feirantes*, páx. 368)*

*Chamábanlle a Peneireira porque estivera casada con Manuel o Peneireiro, que tiña o apodo por adicarse a facer peneiras e borteles. (“María a Peneireira”, *Os outros feirantes*, páx. 455)*

*Fúndanse as nomeadas nalgunha particularidade dos costumes dunha persoa, nalgunha rareza do corpo ou da cara, moitas veces en defectos de pronunciación, que son os que máis risa dan, ou nalgunha ocorrencia da súa vida, que chamase a atención (Risco).*

*Merlo morréuse fai pouco [...] Nevaba o día do enterro [...] e ausentes todos os paxaros que imitaba, ferreiros, pimpís, os pazpallares e merlo mesmo do seu mote. (“Merlo de Lousadela”, *Xente de aquí e acolá*, páx. 206)*

*María de Fontes, que era conocida pola Voadora de Serantes, aínda que ninguén sabía de onde lle viñera o apodo. Pro ben sabía que era acertado, que a señora María voaba. (“A voadora de Serantes”, *Os outros feirantes*, páx. 347)*

*Ao ollar que calmaba aos tolos máis furiosos, os outros loqueiros chamábanlle Felpeto Calmante. (“Felpeto, mariñeiro e músico”, *Os outros feirantes*, páx. 362).*

### **Voltas curiosas na vida dos nomes de persoa**

Se entramos de cheo nese mundo tan rico da tradición oral descubrimos que os seus protagonistas son a meirande parte das veces anónimos, todo o máis foron bautizados con nomes xenéricos como *Xan*, *Pedro*, *Marica* ou *Sabela*. Mais como un nome non significa unicamente o que cabe na etimoloxía, *Marica* chámase tamén a ‘calquera muller’ e *Xan* a ‘calquera home’. E de *Xan* dise, amais, que é ‘de pouco carácter e personalidade’, ‘que se deixa dominar’. Ata estas páxinas van chegar *Xan*, *Xanciño*, *Pedro*, *Perico*, *Xan de Outeiro*, *Xan Soldado* ou *Xan das Mozas*, entre outros, e tamén xentes que teñen diante o ‘don’, tíos, tías e señores... nun contexto ateigado de bo humor, chanza e retranca.

A busca dos nomes de pía iniciámola nos contos populares aos que nos referimos anteriormente e continuámola nos refráns, xogos, cantigas, etc. Incorporamos primeiro os nomes de home máis frecuentes, *Xan* e *Pedro*, e deseguido os dos tíos, señores e personaxes co ‘don’ diante, para ao final presentar os nomes de muller. Todos aparecen organizados en táboas nas que figura o título do conto no que se localizou e a carón a obra na que está publicado (para a sigla, véxase a bibliografía). Os refráns veñen do *Dicionario dos nomes galegos* de Ferro Ruibal, e as cantigas, xogos... de *Orella pendella* (orellapendella.gal):

Nomes masculinos	Contos
Xan	Que hai que dicir (Ct) O burro matalobos (Ct) Gardando as aparencias (Ct) A burra, a mesa e o pao (Acto) Xan e a filla do Rei (CpPL) Xan e os zapatos (CpPL) O Mata Lobos (CpG) Xan e a criada do cura (Df) Dobra Xan, dobra (Acl) A muller mandona (Acl) Xan e os títulos (Acl)
Xan Soldado	O demo e a mochila (Acto) O ferreiro e o demo (Ct) Xan soldado e o rei Levitas (Df)
Xan Guindán (Quintán)	A voda de Xan Guindán (Ct) Xan Quintán (CpPL)
Xan do Outeiro	O xuíz é quen saca partido (Ct) Pedir axuda nos santos para non traballar (Ct) Xan de Outeiro (CpPL) Pra quen cucou o cuco (CpPL)
Xan das Bolas	Sacar ánimas do Purgatorio (Ct)
Xan das Zocas	Xan das Zocas (CpPL)
Xan de Acolá	Tres pra min e dous pra ti (CpG)
Xan o Tonto	Xan o Tonto (CpPL)
Xan e Marica	Xan e Marica de camiño (CpPL)
Xan e Marijuana	A chuvia de roxóns (Ct) Xan e Mari-juana (CpPL)
Xoán e Xoana	Xoán e Xoana rezando o rosario (Df)
Xanciño	A mesa, o burro e o pau (Ct) Xaniño despido (CpG) O marido leva a muller ás costas á casa do amante (Ct) O parvo coida da casa e do gando (Ct)
Xanciño e Mariquiña	O matrimonio priguizoso (CpPL)

- *Dous Pedros e un Xan fan un home cabal.*
- *Dous Xans e un Pedro fan esta-lo burro quedo.*
- *Tanto ten Xan coma Pericán.*
- *Dígocho Xan, enténdemo Pedro.*
- *O Xan e maila Xuana foron ós garabullíños, a Xuana caeu de cu i o Xaniño de fuciños.*

*Xuana de Don Xuan  
Xuana de Don Xuan,  
deixa vi-lo trigo novo  
que con el che pagarán.*

*Xan Perillán  
fixo unha casa  
con merda de can.  
Saleu para fóra,  
mirou para ela,  
¡válgame Dios  
que non ten cheminea!*

*Xan Carallán,  
amigo das nenas.  
Tanto lles quer  
que mexa por elas.*

*Xan xaranxán,  
dacabalo dun can,  
o can era coxo  
e tirouno nun toxo,  
o toxo era bravo  
e tirouno nun prado,  
o prado era fondo  
e tirouno nun bombo,  
o bombo tocaba e...*

*Xan di a Xan  
que lle diga a Xan  
que vaia abrir a Xan  
que está Xan á porta.*

Nomes	Contos
Pedro	Facer que se come, facer que se traballa (Ct)
Pedro de Malas Artes	O home non sabe facer os traballos da muller (Ct)
Pedro e Xan	O lobo e o raposo (CpG)
Peruxo	A cova da loba (CpPL)
Periquiño	O saco das berzas (CpPL)

- *Pedro, nin velo nin na casa telo.*
- *Pedro Pérez e mais o bandullo van os dous ó cabo do mundo.*
- *Casamos a Pedro con Manoela; se ruín é el, ruín é ela.*
- *Moito vos quero Pedro, non digo porque vos quero.*
- *Cando Periquiño chegue a don Pedro, meterá medo!*
- *Se queres coñecer a Periquiño, dálle un carguiño.*

*Triscus, beliscus  
anacos de pan.  
Párteos Pedro  
e dállos a Xan.  
Xan non os quixo  
e dállos ó can.  
[...]*

*Pedro Miñol tiña unha col.  
Veú a cabra e comeu a col.  
Veú o pau e pegoulle á cabra.  
Veú o lume e queimou o pau.  
[...]*

Nome	Conto
Manuel, Manoliño e Manecho (hipocs.)	Accións inadecuadas na igrexa (Ct) O trasno e a liñaza (CpG) Quen é o outro (CpG) Carafío! co enciño (CpG) O fillo estudado esquece a súa lingua (Ct)
Francisquiño e Farruco	Vállanme as once virxes! (Ct)
Jesús e Jesusiño Xesusiño	Un parvo na misa (Ct)
Antón (de Acolá)	Meu santiño de San Amede (CpG)
Brais, Bras	O esposo burlado (Ct)
Mingos	Mingos ten xenio (CpL)

– Fágase ben, fágao Xoán ou Manuel.

Manoel Manoliño  
pernas de gato monteiro  
pensas enganar as nenas  
engánaste ti primeiro.

Aviva a gaita Farruco,  
n'a traías amortizada,  
qu'as rapaciñas de agora  
queren a gaita avivada.

Estudia, Farruquiño  
estudia, meu amor  
estudia, Farruquiño  
serás o meu confesor.

Paco repaco  
 camisa lavada,  
 foi á cociña  
 lambeu a pescada.  
 Luis Pitís,  
 copa de cana  
 copa de anís,  
 foi á cociña  
 e rompeu o naris.

Pepe reepe  
 camisa rachada,  
 foi á Coruña  
 lamber a pescada.  
 Lambeu, lambeu  
 e nunca se encheu.

Tío/Don/Señor	Conto
O Tío Xan	O caxigal do Tío Xan (CpPL)
O Tío Manuel	O home proba a esposa facendo que morre (Ct)
O Tío Cosme	Atraca, Cosme (CpG)
O Tío Chinto	Quen é o outro (CpG)
O Tío Mingos	A lebre do tío Mingos (CpG) Os coellos do tío Mingos (CpG)
O Tío Xacobe	Deixe que xa... (CpG)
O Tío Manuel de Lozano	O touciño e os consumeiros (CpPL)
O Tío Jesús de Outeiro	A promesa do labrego (Ct)
Señor García	O compadre solidario (Ct)
Señor Tomás	O señor Tomás e o celibato (CpG)
Señor Pedro	A galiña e outros animás (CpG)

*Pola porta do tío Xan  
 pasa o can do tío Miguel,  
 cunhas polainiñas novas  
 forradiñas de papel.*

Nomes femininos	Contos
Marica	Todos andamos de casa mudada (CpG)
Mariquiña	O matrimonio priguizoso (CpPL)
A Tía Marica	A Tía Marica (Acto)
Marica a Rachada	Aplicación do sermón (Ct)
Marica Farfantona	Alivio para o burro (Ct)
María e Tío Naranxo	O casamento de María e o Tío Naranxo (CpPL)
Marica e Antón	Unha espiña (CpG)
Pedro e Marica	Pedro e Marica (CV)
Sabela	A criada do bispo (Df)



- *Este é o ben que Marica ten.*
- *Agora xa foi, Marica non chores.*
- *Marica Montón, Deus llo dá, Deus llo quita, Deus llo pon.*
- *Comez a Marica ás once a cocinár, o home ás doce non terá que xantar.*
- *O sábado Marica colle a roca.*
- *Maruxiña espérame aquí: si outra non teño, vólvome a ti.*
- *Marica e Antón, para un son.*
- *Casaron a Xan con Sabela; se ruín é el, peor é ela.*
- *Ri Sabel e non do por que.*

*A tía Marica  
encima da abada  
espelicou  
as castañas louradas.  
[...]*

*Por aquí me vou,  
por aquí me veño  
a miña Mariquiña  
na casa teño.  
(xogo)*

### Os hipocorísticos

A lectura das antoloxías de contos populares posibilitou a compilación dun bo número de nomes familiares que incluímos seguidamente:

Nomes	Hipocorísticos nos contos	Outros
Xan (var. Xoán)	Xanciño, Xanocas, Xanoquiño	Xaniño, Xanote, Nucho
Pedro (var. Pero)	Peruxo, Periquiño	Perico, Perucho, Peruco, Peruleiro
Manuel (var. Manoel)	Manoliño, Manecho	Manolo, Manel, Lolo, Nel, Chono, Locho, Lilo, Lete, Mané, Nelos
Francisco (var. Franco)	Francisquiño, Farruco, Paco	Quico, Chisco, Pancho, Fuco, Cholo, Chuco, Chicho, Xico
Domingos	Mingos	Mingote, Mingacho, Mingucho, Minguíño
Xesús	Xesusiño	Suso, Chucho
Xosé	Pepe	Xepe, Se, Che, Cheíño, Seso, Sesé, Pucho, Xosiño
María (var. Maruxa)	Marica, Mariquiña	Maruca, Chicha, Maricha, Maruña, Piruca
Sabela (var. Isabel)	Sabel, Beluca	

Chamamos *hipocorístico* a un nome persoal modificado, de sentido afectuoso e orixe infantil, propio do ámbito familiar e rexistro coloquial. Os hipocorísticos forman un corpus abondoso con trazos propios. Segundo se observa na táboa, no que toca á sufixación, os sufixos preferidos son *-uco/a*, *-echo*, *-ico* e *-uxo e -iño/a*. O último é hoxe o máis utilizado fronte aos restantes, que experimentaron un descenso de uso.

No que toca á súa formación, tradicionalmente os hipocorísticos creábanse sobre as últimas sílabas do nome *–Mingos de Domingos–* mentres que na actualidade se fan sobre as primeiras

–*Fran* de Francisco (fronte a *Fuco* e *Farruco*), *Manu* de Manuel (fronte a *Lolo* ou *Nel*)–. Cada vez máis se usa a apócope (actual) en lugar da aférese (tradicional): *Bego*, *Vane*, *Noe*, *Bea* (con supresión da última sílaba) ou *Cris*, *Lu* (con acurtamento ata unha forma monosilábica). Algúns hipocorísticos rematan en -i átono (*Pili*, *Loli*), contrario á estrutura fonética do galego, pero semellante ao -i átono dos hipocorísticos ingleses. Tamén se adoptan formas que corresponden ao nome orixinario, foráneo, como *Betty*, *Richi* e *Henri* (Boullón 2016: 205).

Se algo corrobora o exposto é que no corpus actual se está a producir unha perda de sinais de identidade con respecto ao corpus tradicional. O emprego dos hipocorísticos como nomes oficiais estivo prohibido na Lei do Rexistro Civil Español ata o ano 2007 (BOE, número 65, de 16/03/2007). Arestora, ao non haber obstáculos legais, algúns hipocorísticos chegaron a adquirir o rango de nomes formais, isto é, “aptos” para a denominación oficial. É o caso de *Sabela*, *Carmela*, *Catuxa*, *Maruxa*, *Xocas*, *Xela*, *Xandre/a*, *Nela* ou *Xonxa* (Boullón 2016: 204). Este amparo lexislativo axuda a contrarrestar a situación anteriormente descrita causada, en gran parte, pola presión uniformizadora que exercen os medios de comunicación de masas.

### «Aló polo tempo en que os animais falaban...»

Para rematar a achega aos nomes de pía, recuperamos aquí un mundo gobernado por crenzas máxico-relixiosas e supersticións no que se bautizan certas entidades que dan medo con creacións onomásticas de base eufemística. Neste bautismo os nomes de persoa transvásanse aos animais, aos animais salvaxes, nomeadamente aos lobos, pero tamén aos raposos e raposas e aos sapos e pegas.

E isto aconteceu «*Alá en tempos pasados cando falaban todas as cousas*»...



Personaxe	Nome	Conto	Tradición popular	
O raposo	Pedro	Os zapatos de casca de noz (Ct) O raposo e o barqueiro (CpG)	Eduardo Lence Santar ... <i>como se chama, que come e como escorrentan:</i>  «No Valadouro chaman golpe ô raposo; pro din que o verdadeiro nome d'él é Peruxo.»	
	Perico	O raposo forza a loba (Ct) O que non foi aínda pode ser (Df)	Álvaro Cunqueiro. <i>Escola de menciñeiros.</i> Novidades do mundo e fauna máxica "O golpe":  «Cando se fala do raposo hai que darlle nomes seus que il non seipa: Pedro, Perico [...] e tamén Afonso. —Afonso? —Polo Rei de Castela, hom! Oíndo falar de Afonso, colle medo e toma campo.» (páx. 106)	
	Peruxo	Ao raposo chámalle Peruxo (CV, LXXXVI, páx. 55)	Antonio Reigosa. <i>Memorias dun raposo:</i>  «Eu chámome Afonso Alfonso, fillo de Alfonso Alfonso e neto de Perico Alfonso, dos Alfonso da Golpilleira.» (páx. 11)	
	Pedro Arteiro, Perico Ladrón, Pedro das Galiñas			«Chámome, xa o dixer, Afonso Alfonso pero hai quen me chama Pedro, ou Perico [...] Outros [...] chámame O das zapatillas.» (páx. 12)
	Afonso	Beber e Vamos (Df)		
A raposa	Marica	Marica arteira vai cabaleira (Acto)	Mil Mañas (alcume) (páx. 21)  Marica Arteira (páx. 65)	
O lobo	Xan	O lobo e o raposo (CpPL) (CpG)	Antonio Reigosa. <i>Memorias dun raposo:</i>  Xan de Montouto, Xan García, Xan Perillán, Xamperico (páx. 52, 65, 88, 111)	
	Afonso	O lobo chámase Afonso... (CV, LXXIV, páx. 55)	Eduardo Lence Santar ... <i>como se chama, y-o que come o lobo:</i>  «No Valadouro din que o lobo tén o nome de Afonso»	
	O Tío Pérez, O Tío Pepe, Xan das Mañas			
O sapo	Alonso Alfonso	O socio inxusto (Ct) O sapo e a raposa (CpPL) Carreira da lebre e o ourizo (Ct)	Antonio Reigosa. <i>Memorias dun raposo:</i>  Afonso Louro (páx. 39)	
	Lucas	Aventura do raposo e o saco (CpG)		
O gato e o raposo	Mingos e Pedro	O raposo das mil mañas (CpPL)		
O lobo e o raposo	Xan e Pedro	O lobo e o raposo (CpPL) (CpG)		
A pega e o raposo	Marica e Golpiño	A pega e o raposo (CpG)		
A raposa e o lobo	Marica e Xan	Marica arteira vai cabaleira (Acto)		

## Os apelidos

A onomástica foi considerada como o reflexo directo da realidade histórica dun pobo, e a onomástica persoal –en particular os apelidos– como un espello que nos devolve a imaxe da súa vida social: a maneira de nomear o territorio ao longo dos séculos, as profesións exercidas, os trazos psicolóxicos inferidos á hora de alcumar, a influencia da Igrexa Católica, as relacións familiares e a importancia das connotacións sociais que comportaban as filiacións paternas non recoñecidas (Boullón 2007b: 305).

Agora imos aproximarnos á realidade histórico-social do pobo trabadense a partir dos 25 apelidos máis frecuentes da súa poboación:

## Apelidos máis frecuentes por concello

Seleccione un concello:



CONCELLO DE TRABADA

Apellido	1º apellido		2º apellido		Indistinto	
	Número	%	Número	%	Número	%
FERNANDEZ	134	119,32	142	126,45	250	222,62
RODRIGUEZ	72	64,11	65	57,88	133	118,43
LOPEZ	60	53,43	60	53,43	118	105,08
GARCÍA	56	49,87	37	32,95	86	76,58
DÍAZ	30	26,71	28	24,93	56	48,98
GONZALEZ	25	22,26	29	25,82	53	47,20
YANES	30	26,71	18	16,03	48	42,74
GASALLA	16	14,25	24	21,37	39	34,73
PEREZ	18	16,03	19	16,92	37	32,95
COTO	20	17,81	15	13,36	35	31,17
ALVAREZ	19	16,92	15	13,36	33	29,39
AMOR	19	16,92	14	12,47	32	28,50
MARTINEZ	20	17,81	12	10,69	32	28,50
VARELA	14	12,47	17	15,14	31	27,60
BARRERA	13	11,58	17	15,14	30	26,71
MASEDA	8	7,12	18	16,03	26	23,15
IGLESIAS	14	12,47	12	10,69	26	23,15
BERMUDEZ	15	13,36	10	8,90	25	22,26
FREIJE	-	-	-	-	25	22,26
VILLAPOL	17	15,14	6	5,34	23	20,48
SANTAMARINA	10	8,90	11	9,80	21	18,70
REY	14	12,47	6	5,34	20	17,81
VAZQUEZ	12	10,69	7	6,23	19	16,92
PRIETO	12	10,69	7	6,23	19	16,92
ROCHA	-	-	-	-	15	13,36

[ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/apeconc.jsp](http://ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/apeconc.jsp)

A información de base para a elaboración do mapa e da táboa é o ficheiro do Padrón municipal de habitantes do día 1 de xullo de 2016, que o Instituto Nacional de Estadística (INE) facilita ao Instituto Galego de Estatística (IGE).

Se atendemos a unha clasificación semántico-formal, os apelidos cunha maior presenza son os patronímicos: *Fernández, Rodríguez, López, González, Pérez, Álvarez, Martínez, Bermúdez, Vázquez, García, Díaz e Yanes*. Coincide o repertorio trabadense co do galego actual, no que os apelidos que proveñen de nomes persoais son os máis importantes cuantitativamente.

O primeiro apelido derivado de topónimo (ou detopónimo) é *Coto*, que presenta, segundo a *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG), 993 ocorrencias en 29 concellos. O maior número de formas correspóndelle a Trabada onde, ademais, segue vivo o nome de lugar do que quizabes proceda, *O Coto*. Trátase dun lugar da parroquia de Trabada xerador á vez de microtopónimos como *A casa de Coto, O Cerrado de Coto, A Cruz de Coto e A fonte do Coto*. Un diminutivo seu, *Cotarelo*, está presente na *casa de Cotarelo, Os Chaos de Cotarelo, O Prado de Cotarelo e Derriba dos Arcos de Cotarelo*. O apelido *Coto*, ligado en orixe a un topónimo maior, alude á procedencia do seu portador.

Seguramente tamén se deba incluír neste grupo de ascendencia toponímica a forma castellanizada *Villapol*, con 82 ocorrencias en 6 concellos (CAG). A maior frecuencia obsérvase en Trabada, de onde puido estenderse aos concellos veciños da Pontenova, O Valadouro, Ribadeo e Foz. Acontece igual co apelido *Barrera*, con 693 ocorrencias en 29 concellos (CAG). A primeira posición ocúpaa Trabada, pero está presente, así mesmo, en Ribadeo, Barreiros e Mondoñedo. Outro apelido deturpado e de similar natureza é *Freije*, con 199 ocorrencias en 10 concellos (CAG). O de Trabada é o concello onde máis ocorrencias se rexistran. Coincide este dato amais co feito de que *Freixe* é un microtopónimo que se mantén hoxe en día nas parroquias de Sante e da Ría de Abres. Cremos que a partir de Trabada se puido espallar a Ribadeo, terceiro por orde de frecuencia, O Valadouro (4º) e á Pontenova (5º).

Directamente relacionados co mundo relixioso están o apelido *Iglesias*, presuntamente toponímico e con moi alta incidencia na poboación galega (56.097 ocorrencias en 278 concellos), e o haxiónimo *Santamarina*. Para este o CAG dá 583 ocorrencias en 19 concellos; Trabada ocupa o primeiro posto en canto a frecuencia, seguido da Pontenova (4º), Ribadeo (5º) e Barreiros (7º); a forma *Santamariña* é menos común: 334 ocorrencias en 15 concellos. Como podemos advertir, o castelanismo supera en frecuencia a forma xenuína.

Méndez Ferrín (2007: 310) considera o apelido *Amor* de ascendencia toponímica. A CAG recolle 2.127 ocorrencias repartidas por 50 concellos. Trabada ocupa a primeira posición nesta lista, a 2ª correspóndelle a Barreiros e a 5ª a Ribadeo.

De procedencia delexical (apelativos que se refiren a unha característica da persoa) son os apelidos *Prieto* (alcume, 'negro') e *Rey* (forma xenérica 'os homes do rei', ou filiación paterna descoñecida 'fillos do rei'). Para o primeiro, segundo a CAG, contamos con 14.332 ocorrencias en 192 concellos. Non rexistra esta fonte a forma *Preto*. Para *Rey* recolle a CAG 35.614 ocorrencias en 233 concellos, o que confirma un importante peso cuantitativo fronte á moi feble *Rei*, con 9 ocorrencias nun único concello, Santiago de Compostela.


*Varela* foi considerado detoponímico por Navaza (2007: 85-86), que o supón herdeiro do diminutivo latino VALĒLLA 'val pequeno', e delexical por Méndez Ferrín (2007: 105-106), que interpreta *Varela* como 'persoa mal asentada de pés ou maos'. O apelido *Varela* presenta 43.166 ocorrencias en 237 concellos (CAG). Trabada ocupa o posto 62º na listaxe.

Para *Gasalla* atopa 304 ocorrencias en 14 concellos, o primeiro posto na relación por frecuencia é para Trabada, seguido de Riotorto (2º), A Pastoriza (3º), Barreiros (4º), A Pontenova (5º), Lourenzá (6º), Mondoñedo (7º), Ribadeo (8º) e Foz (9º).

*Maseda* presenta 1.643 ocorrencias en 41 concellos. Trabada ocupa o segundo lugar despois do Valadouro, que encabeza a relación, Lourenzá (3º), Alfoz (5º), Mondoñedo (6º) e Barreiros (7º). Como asegura Zabalza (2005: 248), o apelido é o termo de referencia do grupo doméstico e o seu soporte é a terra.

Como trabadense e portadora de apelidos non moi comúns no corpus galego, *Marqués* e *Valea*, pasamos a describir cal é a súa distribución por áreas actual e que singularidades ensinan nesta zona. No que toca á distribución cartográfica do apelido *Marqués*, presenta 594 ocorrencias en 35 concellos. Na relación, por índice de frecuencia, aparece en primeiro termo na Pontenova, onde puido existir un foco de irradiación inicial a partir do que se estendería a Trabada.





[ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=MARQU%C3%89S](http://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=MARQU%C3%89S)

Trátase dun apelido que pola súa conformación semántica posiblemente estea vinculado a un posto ou dignidade social, ou a medio camiño entre o profesional e o cargo. Portaban este apelido ‘os homes do marqués’, isto é, aqueles que dependían de quen ostentaba o título (Boullón 2007b: 296).

Na documentación da sé mindoniense encontramos atestacións históricas do apelido *Marqués* desde o inicio do século XIV:

[1307, febreiro, 9] Relación dos veciños da freguesía de San Cosme de Barreiros que eran peiteiros do bispo e do cabido.

[...] *Este he o traslado desta sobredita carta a qual eu Johan / Romeu notario de Vilamayor a rogo de Rodrigo Marques en minna presenza fige trasladar [...]* (*Calendarios...* doc. 505, páx. 137).

[1313] *Rui Marques* Racioneiro na catedral de Mondoñedo (*Ep...* 156).

[1313, agosto, 10] O bispo e o cabido esixíronlles aos administradores que, ao final do mes correspondente, puxesen de relevo o que correspondía á ración de *Roy Marques* (*Calendarios...* doc. 615, páx. 182).

[1316, outubro, 25] O cabido arrendou as súas casas da rúa de Batitalas a Rodrigo Alfonso, cóengo. Entre as testemuñas, *D. Vasco Marqués*, arcediago de Montenegro (*Calendarios...* doc. 645, páx. 200).

[1317, setembro, 6. Vilamaior-Mondoñedo] Convenio entre o bispo de Mondoñedo D. Rodrigo e o Cabido, dunha parte, e D. Gutierre, fillo de Fernán Pérez Ponço, da outra, polo que se obrigan mutuamente, como o fixeran en tempos do pai deste, á defensa mutua, especialmente contra Lopo Núñez de Montenegro.

*Testemoyas don Pedro Gonçalves dayan don Diego Fernandes archidiago don Pay Eanes maestrescola don Roy Lopes thesoureyro Johan Affonso de Saavedra Roy Marques comendeyro de Mendonnedo Fernan Nunes das Canoyras. Aluar Suares chanceler de don Guterre et outros (Colección... , doc. 83).*

[1318] *Vasco Marques*. Arcediago de Montenegro, sendo bispo de Mondoñedo D. Rodrigo Vázquez (*Ep...* 155-)

[1318, xullo, 14] O chantre de Lugo Fernán Deus, ante a reclamación do cabido mindoniense, presentou os fiadores esixidos pola renda da igrexa de Viveiro.

[...] *Et o dito chantre disso que lles daría ia agora por fiador / da dita renda. don Vasco Marques archidiago de Montenegro que siia aquí na vila. Et enton nos notarios sobreditos por mandado dos sobreditos / vigarios fomos con lo dito chantre aa pousada do dito don Vasco Marques et lemos a ese archidiago por ante as testemoyas subscri/tas o dito instrumento da dita renda que iaz ençima desta folla. Et o dicho chantre rogou a este don Vasco Marques que lle / entrasse por fiador da dita renda. Et enton arçidiago don Vasco Marques outorgou et obligouse por fiador da / dita renda do cabidoo de Mendonnedo pelas condiciónes que se conten no instrumento sobredito da dita renda. ata que o dicho chantre desse / outros fiadores por ela ao cabidoo a sou placer do cabidoo. (Calendarios... doc. 665, páx. 211).*

[1327, xaneiro, 20] O cabido arrendou ao arcediago de Trasancos Roy Fernández, por días de vida, a administración das meses de *Villamayor*. Entre os presentes e testemuñas: *D. Vasco Marqués*, arcediago de Montenegro (*Calendarios...* doc. 747, páx. 251).

[1327, xaneiro, 21] O cabido arrendoulle ao cóengo García Pérez a administración das meses de San Cosme de Barreiros, por días de vida.

[...] *Testemoyas don Affonso Peres / chantre. don Roy Fernandes. Vasco Marques archidiagos [...]* (*Calendarios...*, doc. 746, páx. 250)

[1333, outubro, 20] O cóengo Paulucho ofreceu á catedral de Mondoñedo as casas que posuía na vila de Viveiro, sitas na rúa de San Francisco.

[...] *as quaes eu comprey a Martin Peres de Grallal fillo de / Pedro Uidal Daluarelle que foy, et a sua muller Eldonca Alfonso [...]*

Entre as testemuñas: *D. Vasco Marqués «arcediago de Caruallada»* (*Calendarios...* doc. 716, páx. 234).

[1333, outubro, 13] Carta do bispo D. Álvaro (1329-1343) dirixida aos racioneiros capeláns da capela do bispo D. Rodrigo para que tivesen sumo esmero en celebrar a Misa á que estaban obrigados.

[...] *Sabede que don Vasco Marques archidiacono de Caruallada et de Valdemirel ennas yglesias de / Astorga et de Leon. et capelan de nosso señor o Papa. et sobrinno do dito obispo don Rodrigo / se nos querelou que commo uos et cada vn de uos seiades teudos de diser Missa / cada dia enna dita capela. et uossas ditas raçones seian dadas con esta ca/rrega segudo*


*vimos por la ordinaçon que foy feyta por lo dito bispo. persoas / et cabidoo que era [...]* (*Calendarios...* doc. 829, páx. 286).

[1322]

*Era. m. ccc. lx (iiiº idus marcii). Obiit Maria Iohannis vsor Fernandi Menen qui quidem Fernandus et Dominicus / Papon et Johannes Bouçeyro assignauerunt pro anima ipsius canonicis annuatim .ii. soildos legionenses / et dimidium per ortam et placiam suam que est inter ortas de Azenna prope ortam Alfonsi Lupi et Fer/nandi Lupi et archoni Velasci Marques (Calendarios... doc. 705, páx. 229).*

[1323, agosto, 5] O cabido dá o seu consentimento para que o bispo don Gonzalo (1319-1326) obrigue a certas persoas as rendas da mitra ata unha cantidade de 20.000 marabedís. [...] Vascus Marques *et Rodericus Petri archidiani* [...] (*Calendarios...* doc. 711, páx. 231).

Para o apelido *Valea* recolle a CAG 120 ocorrencias en 7 concellos. O primeiro por orde de frecuencia é Trabada, seguido de Lourenzà (2º), Barreiros (3º), Ribadeo (4º), Burela (5º) e Foz (6º).



[ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=VALEA](http://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=VALEA)

De orixe posiblemente toponímica, *Valea* podería ter relación co nome de lugar *A Abalea* existente en San Pedro de Benquerencia, no concello de Barreiros. Os apelidos procedentes de topónimos maiores, como é o caso, son os que máis claras evidencias ofrecen da expansión dun apelido, pois indican de maneira clara o foco de orixe (Boullón 2006: 236).

Cal Pardo (1983: 58), ao citar os bens que o mosteiro da Coelleira tiña en Viveiro *y su valle*, menciona nun apeo realizado o ano 1545:



*Una heredad sita <<enna Balea>>, que, en otro tiempo había sido viña, que podría tener dos o tres jornales de viña, si bien, a la sazón, estaba destinada a campo. Lindaba en viña da Barrela, pescador, en terras de Mayor de Val y en un soto y otras viñas.*

Na documentación figura, sen concretar, este lugar preto de Viveiro.

Ao lado do apelido *Valea (Balea)*, detopónimo de procedencia incerta, podería haber un *Balea*, delexical con raíz nun alcume ou no apelativo *balea*. O apelido *Valea (Balea)* pódese documentar dende os primeiros anos do século XV en distintas coleccións documentais ligadas á sé mindoniense. Preséntanse a continuación por orde cronolóxica:

[1414] Testemuña no testamento do cóengo de Mondoñedo Afonso Eanes da Camara outorgado en Mondoñedo:

*[...] et eran del testemoyas Afonso Esteuaes bachiller en Decretos et juys enna iglesia de Mendonnedo et Rodrigo Afonso de Masma notario et Johan Gonçalves Chico o Nouo et Afonso Yanes da iglesia de Vilamor et Fernando Gomes Ballea et outros [...]* (*Tumbo...*, 240).

[1465] Título de presentación e colación do curato de Santa Cristina de Celeiro de Mariñaos, feito polos administradores de San Miguel en favor do cóengo *Fernando Valea*:

*[...] tibi Fernando Valea clerico prefate mindoniensis diocesis filio Alfonsi Roderici et eius uxoris Maioris Fernandi [...]* (*Colección...* doc. 188 A).

[1468] *Fernand Balea*, cóengo (*Colección...*, doc. 192).

[1471] *Fernand Balea*, cóengo. Fiador de Juan Martínez de Suegos, cóengo e rendeiro das igrexas de Santa María e Santiago de Viveiro, tras o falecemento de Lopo Rodríguez Lobeira (*De Viveiro...* doc. 89, páx. 215).

[1473] *Fernando Balea*, cóengo, colaborador do bispo mindoniense D. Fadrique (*Ep...*, 235).


[1479] *Fernando Valea*, cóengo administrador da administración de San Cosme de Barreiros (xunto a Vasco Martínez). Entre as testemuñas da dita freguesía consta «Pedro Valea, *sobrino del dicho* Fernando Valea» (*Tumbo...*, 457 y 458).

[1497] *Alonso Balea*, veciño de Mondoñedo. Recibe un foro (*Mondoñedo...*, doc. 50, páx. 19).

[1498] *Fernando Balea*, nomeado contador das contas do ano e *fabricario* (*Mondoñedo...*, doc. 90, páx. 26).

[1499]

*Los canónigos, dando por hecho lo hasta aquí realizado en el pleito de las iretas de la Marina de San Cosme (de Barreiros) por Alvaro Yanes y Alvaro Balea, criado de Fernando Balea, como sustituto y procurador de Pedro de Páramo (Mondoñedo...*, doc. 112, páxs. 30, 31).



[ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=BALEA](http://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=BALEA)

Unha forma *Balea* aparece no CAG con 338 ocorrencias repartidas por 12 concellos. Na provincia de Lugo atopámola fóra da contorna mariñá nos concellos de Pol, Castro de Rei e Lugo, mais a maior densidade concéntrase na provincia de Pontevedra en Poio, Pontevedra, Sanxenxo e Nigrán. Actualmente permanece o topónimo *Balea* en Darbo (Cangas), en S. Vicente (O Grove) e *A Balea* en Cerponzóns (Pontevedra).

### Imos chamar as cousas polo seu nome

Galicia estivo sometida a un proceso de espoliación cultural que comportou unha perda de trazos propios e distintivos e a asunción de elementos alleos (DNG, 35). Os nomes propios foron vítimas da deturpación que afectou sobre todo ao ámbito escrito desde principios do século XVI cando o galego empezou a ser substituído polo castelán. As consecuencias da castelanización notáronse de modo diferente nos nomes de pía e nos apelidos. O corpus dos nomes propios foi afectado na súa inmensa maioría, quedando minoritario ata as últimas décadas do século XX. Se realizamos unha análise comparativa entre os nomes (de home e muller) máis frecuentes anteriores a 1930 e da década dos 70 do pasado século na comarca da Mariña oriental, obtemos os seguintes resultados

([ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/nomdecadas.jsp](http://ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=onomast/nomdecadas.jsp)):

### Nomes máis frecuentes da poboación segundo a década de nacemento



Sexo:  
 Home  Muller

Década de nacemento:

Total  
 Anterior a 1930  
 Década de 1930  
 Década de 1940  
 Década de 1950

Seleccione unha comarca:  
 A Mariña Oriental

#### Comarca de A Mariña Oriental

Anterior a 1930
1ª MANUEL
2ª JOSE
3ª ANTONIO
4ª JOSE MARIA
5ª FRANCISCO
6ª JESUS
7ª -
8ª -
9ª -
10ª -

### Nomes máis frecuentes da poboación segundo a década de nacemento



Sexo:  
 Home  Muller

Década de nacemento:

Total  
 Anterior a 1930  
 Década de 1930  
 Década de 1940  
 Década de 1950

Seleccione unha comarca:  
 A Mariña Oriental

#### Comarca de A Mariña Oriental

Anterior a 1930
1ª MARIA
2ª CARMEN
3ª JOSEFA
4ª MARIA JOSEFA
5ª FRANCISCA
6ª CONCEPCION
7ª ENCARNACION
8ª JULIA
9ª MARIA DEL CARMEN
10ª MERCEDES

### Nomes máis frecuentes da poboación segundo a década de nacemento



Sexo:  
 Home  Muller

Década de nacemento:

Década de 1930  
 Década de 1940  
 Década de 1950  
 Década de 1960  
 Década de 1970

Selecione unha comarca:  
 A Mariña Oriental

Consultar

#### Comarca de A Mariña Oriental

Década de 1970
1º JOSE MANUEL
2º JOSE
3º ANTONIO
4º JAVIER
5º MIGUEL ANGEL
6º JOSE LUIS
7º JOSE ANTONIO
8º JESUS
9º MANUEL
10º PABLO

### Nomes máis frecuentes da poboación segundo a década de nacemento



Sexo:  
 Home  Muller

Década de nacemento:

Década de 1930  
 Década de 1940  
 Década de 1950  
 Década de 1960  
 Década de 1970

Selecione unha comarca:  
 A Mariña Oriental

Consultar

#### Comarca de A Mariña Oriental

Década de 1970
1º MARIA JOSE
2º MARIA DEL CARMEN
3º MONICA
4º ANA MARIA
5º ANA BELEN
6º SUSANA
7º MARIA TERESA
8º MARIA ISABEL
9º MARIA
10º MARIA DEL MAR

Constatamos en primeiro lugar que o sistema onomástico é dinámico, e as mudanzas que se producen nos nomes de muller entre unha década e outra así o proban. *María* pasa de ocupar o primeiro lugar (anterior a 1930) ao 9º (década dos 70), *María Josefa* do 4º ao 1º, *María del Carmen* do 9º ao 2º. Desaparecen da relación de 1970 *Francisca*, *Concepción*, *Encarnación*, *Julia* e *Mercedes*. Tamén se van incorporando de forma constante novos nomes de home (*Javier*, *Miguel Ángel*, *José Luis*, *José Antonio* e *Pablo*) e de muller (*Mónica*, *Ana María*, *Ana Belén*, *Susana*, *María Teresa*, *María Isabel* e *María del Mar*).

Non figura porén nos repertorios mariñáns ningún nome especificamente galego aínda que, segundo o Observatorio da Cultura Galega, dende 1970 o número de nomes galegos entre os nomes máis frecuentes de Galicia incrementouse en máis dun 1.000% (INE). A mediados da década dos 70 finaliza a ditadura franquista e chega a democracia. No ámbito político e social esta veu acompañada de grandes cambios que se traduciron en reformas lexislativas: a Lei de 4 de xaneiro de 1977 consentía que os nomes puidesen estar en galego, castelán ou éuscaro, ou substituír o nome propio polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas, nun trámite sinxelo e de balde.

Pero foi a partir dos 80 cando se deixa ver un aumento progresivo e se vai producindo, cara a finais de século, unha renovación do corpus antroponímico (Boullón 2007a: 34). Na primeira década do século XXI consolídase, segundo esta investigadora (2016: 195-196), as tendencias que comezaran a mudar nos últimos dez anos do pasado, sendo o dos nomes galegos o principal grupo con relevancia estatística. Entre 2000 e 2010 pasa do 13% nos nomes femininos e chega ao 12% nos masculinos.

Os apelidos presentan unha casuística diferente. A presión do castelán deixouse sentir en diferente grao ca no caso dos nomes e só se viu afectado aproximadamente un 16%, o que non deixa de ser significativo posto que atinxiu formas moi frecuentes. Aínda que non se poden dar criterios no que concirne aos procesos castelanizadores que afectaron aos apelidos, tal e como indica Méndez Ferrín (2007: 125-126), si se poden establecer gradacións.

O máis abundante dos apelidos galegos deturpados é o patronímico correspondente ao nome *Martiño*, que tiña as formas tradicionais de *Martíns* e *Martís*. *Martís* (con 202 ocorrencias en 6 concellos) e *Martíns* (739 ocorrencias en 33 concellos) son hoxe formas pouco frecuentes fronte ao maioritario *Martínez* (113.434 ocorrencias en 310 concellos), que é a forma castelá.

De entre os toponímicos os máis abundantes dos deturpados son *Otero* (42.558 ocorrencias en 260 concellos) e *Villar* (15.622 ocorrencias en 184 concellos), correspondentes aos galegos *Outeiro* (291 ocorrencias en 110 concellos) e *Vilar* (4.785 ocorrencias en 110 concellos).

Outros casos nos que se observan diversas deturpacións son os daqueles apelidos nos que se eliminou o ditongo: *Mosquera* (13.656 ocorrencias en 162 concellos / *Mosqueira* 175 ocorrencias en 5 concellos), *Montero* (8.671 ocorrencias en 166 concellos / *Monteiro* 625 ocorrencias en 24 concellos), *Losada* (970 ocorrencias en 174 concellos / *Lousada* 21 ocorrencias en 3



concellos). Nalgúns apelidos introducíronse ditongos onde o galego non os ten: *Nieto* (7.180 ocorrencias en 130 concellos / *Neto* 19 ocorrencias en 3 concellos), *Prieto* (14.332 ocorrencias en 192 concellos), *Nieves* (1.488 ocorrencias en 40 concellos / *Neves* 50 ocorrencias en 5 concellos).

Para facilitar a restitución das formas estándares dos apelidos galegos, a Real Academia Galega publicou a comezos do 2017 *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*, un volume que contén os 1.500 apelidos máis frecuentes. Esta relación está dispoñible no web da RAG ([academia.gal/documents/10157/704901/Os+apelidos+en+galego.pdf](http://academia.gal/documents/10157/704901/Os+apelidos+en+galego.pdf)) e na intranet que emprega o persoal da administración de xustiza.



### **Cabo**

A recuperación da onomástica persoal xenuína non é un proceso longo nin custoso, unicamente precisa que cada un dos nós, os galegos e as galegas, tome conciencia da súa identidade e a asuma sen prexuízos. Cada acción individual, sexa restituíndo os apelidos sexa regularizando os nomes de pía, medirase en termos de eficacia simbólica e de función rexeneradora para a nosa onomástica.

Se un dos labores máis urxentes que se debe acometer no momento actual é o de preservar o patrimonio cultural inmaterial, non debería ser menor o de reafirmar o compromiso de mantelo vivo no seu contexto de orixe porque, como moi atinadamente nos fai saber O. Fontal (2004: 84) «*é imposible que exista unha cultura sen patrimonio e unha sociedade sen memoria.*»



## Bibliografía

- Antoloxía do conto de tradición oral*. A Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 2001. (=Acto)
- Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. [edición de] Camiño Noia Campos. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, D.L. 2010. (=Ct)
- Antoloxía do conto popular galego* [recompilados por] Henrique Harguindey, Maruxa Barrio. Vigo: Galaxia, D.L. 1994.
- Contos populares*. Vigo: Galaxia, 1995.
- Antoloxía de contos populares de Galicia*. Oleiros, A Coruña: Tambre, 1993.
- Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia, 1979. (=CpPL)
- Contos populares da Galiza*. Lois Carré Alvarellos. Porto: Museu de Etnografía e História, 1968. (=CpG)
- Contos do Valadouro*. X. Pisón, M. Lourenzo e I. Ferreira. Vigo: A Nosa Terra, 1998. (=CV)
- Pola vila na Pontenova. Lendas, contos e romances*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo, Servicio de Publicacións, D.L. 1998.
- A carón do lume*. Lugo: Citania de Publicacións, D.L. 1999. (=Acl)
- Da fala dos brañegos: literatura oral do concello de Abadín* / [compilada por] M.<sup>a</sup> Ofelia Carnero Vázquez, Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Antonio Reigosa Carreiras, M<sup>a</sup> de las Mercedes Salvador Castañer ; Lugo: Deputación Provincial de Lugo : Museo Provincial de Lugo, 2004. (=Df)
- Cunqueiro, A. Obra en galego completa* Vigo: Galaxia, D.L. 1980-1991. III. Semblanzas / Prólogo García-Sabell (*Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá, Os outros feirantes*).
- Etnografía mindoniense / Eduardo Lence Santar*, edición de Armando Requeixo Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, 2000.
- Cultura espiritual*, vol. 1 da *Historia de Galiza*. Bos Aires: Nós, 1962.
- Ansola Trueba, Vicente (2016): *Aldeas sen voz*. A Coruña: Ed. Canela.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2016): “Os nomes galegos no século XXI”, *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*, Manuel González González (ed.), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 191-212.
- (2009): “Sobre a estandarización da antroponimia: Anxelo/Anxela e familia”, *Estudos de lingüística galega*, I, 191-197.
- (2008): “Antón, Sabela, Catuxa... De como os hipocorísticos deveñen en nomes”, *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.), Santiago de Compostela: USC, 77-93.
- (2007a): “Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia”, *Revista Galega de Filoloxía*, 8, 11-56.
- (2007b): “Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 34, 285-309.
- (2007c): “A escolla dos nomes en Galicia a finais do século XX”, *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*, Santiago de Compostela: AGOn-ILG, 99-114.
- (2006): “Antroponimia e territorio. Sobre a difusión dos apelidos en Galicia”, *Lingua e territorio*, R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.), Santiago de Compostela, ILG/CCG, 235-255.
- Buján Otero, Patricia (2007): “Digocho Xan, enténdemo Pedro. Os antropónimos na fraseoloxía galega”, *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*, Santiago de Compostela: AGOn-ILG, 683-695.

Cal Pardo, Enrique

*Episcopologio Mindoniense*. Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, CSIC-XuGa, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anexo 28. Santiago de Compostela, 2003 (=Ep...)

*Tumbos de la Catedral de Mondoñedo. Tombo Pechado. Transcripción íntegra de sus documentos. Tomos I y II*. Deputación Provincial de Lugo, 2006. (=Tombo...)

*Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Consello da Cultura Galega, 1999. (=Colección...)

*Mondoñedo –Catedral, ciudad, obispado- en el siglo XVI. Catálogo de documentación del Archivo Catedralicio*. Gráficas Bao, Lugo, 1992. (=Mondoñedo...)

“De Viveiro en la Edad Media”, *Estudios Mindonienses. Anuario de estudios histórico-teológicos de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol*, vol. 7, 1991; páxs. 11-226. (=De Viveiro...)

“Los deanes de la S.I. catedral de Mondoñedo”, *Estudios Mindonienses*, vol. 26 (2010), páxs. 61-146. (=Los Deanes...)

*Tumbos del archivo de la Catedral de Mondoñedo. Calendarios. Transcripción íntegra de sus documentos*. Servizo de Publicacións Deputación Provincial de Lugo, 2005. (=Calendarios...)

*El monasterio de San Miguel de la Isla de la Colleira (Historia y leyenda). Colección documental*. Madrid, 1983.

Casares, Carlos (1984): *Conversas con Ánxel Fole*. Vigo: Galaxia.

Escourido Pernas, Ana Belén (2007) “Sobrenomes na parroquia de Miñotos, Oourol (Lugo)”, *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*, Santiago de Compostela: AGOn-ILG, 149-158.

Fernández Castro, Juan Andrés (2010): “Os nomes dos devanceiros”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, 13, 179-200.

Ferreiro, Manuel (2009): “O territorio e a cidadanía. Percorrido pola onomástica galega”, *Sobre o racismo lingüístico*. Celia María Armas García [et al.]; [María Pilar García Negro (ed.)]. Ames: Eds. Laiovento, 67-94.

Ferro, Xesús / Boullón, Ana Isabel (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo (=DNG).

Fontal, Olaia (2004): “La dimensión contemporánea de la cultura: nuevos planteamientos para el patrimonio cultural y su educación”, *Comunicación educativa del patrimonio: referentes, modelos y ejemplos*. Roser Calaf (coord.). Gijón: Trea, 81-104.

García Redondo, Carmen (2012): “Patrimonio e identidade: la educación patrimonial como vínculo entre individuo y entorno”, *Actas I Congreso Internacional de Educación Patrimonial. Mirando a Europa: estado de la cuestión y perspectivas de futuro*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 15-22.

Ionescu, Christian (1993): “La onomástica en Cunqueiro. Antroponimia de los relatos cortos”, *Congreso Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Cultura, 15-33.

Llinares García, Mar (1997): “Identidades e linguaxe: unha forma de designación da pertenza familiar no Val de San Mamede de Carnota”, *As linguas e as identidades. Ensaios de etnografía e de interpretación antropolóxica*. X. Rodríguez Campos (coord.), Santiago de Compostela: USC, 295-301.

Llinares García, Mar (1992): “O sistema onomástico no Val de San Mamede de Carnota. Contribución ao estudo da identidade na cultura popular galega”, *Boletín Auriense* XXII, 123-138.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (2007): *Consultorio dos nomes e dos apelidos*. Vigo, Xerais.

Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

Novo Folgueira, Paulino (2013): *Os insultos en galego: estudo lingüístico*. Tese de doutoramento.



- Pujadas, Juan J. / Comas d'Argemir, Dolores (1989): "Antroponimia altoaragonesa", *Homenaje a "Amigos de Serrablo"*. Instituto de Estudios Altoaragoneses, 367-412.
- Reigosa Carreiras, Antonio (1999): *Memorias dun raposo*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez Ruibal, Fátima (2007): "Os nomes de casa da Amil (Moraña)", *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*, Santiago de Compostela: AGOn-ILG, 257-273.
- Terrado Pablo, Javier (2005): "Interpretaciones de la historia de Cataluña a la luz de la ciencia onomástica", *La Onomástica en Navarra y su relación con la de España: actas de las primeras Jornadas de Onomástica*. (Pamplona, 2003) / José Luis Ramírez Sádaba (aut.), 129-146.
- Vázquez López, Fernando (2007): "Os nomes de casa do Buriz", *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*, Santiago de Compostela: AGOn-ILG, 337-351.
- Zabalza Seguí, Ana (2005): "Identidades cambiantes. La formación del nombre y del apellido en la Navarra moderna", *La Onomástica en Navarra y su relación con la de España: actas de las primeras Jornadas de Onomástica* (Pamplona, 2003) / José Luis Ramírez Sádaba (aut.), 245-262.
- Zapico Barbeito, Pilar (2007): "Os alcumes nas Encrobas", *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*, Santiago de Compostela: AGOn-ILG, 363-374.
- Zonabend, Françoise (1980): "Le nom de personne", *L'Homme XX* (4), 7-23.





## Orfanato para ágrafas: Palabras ao ventimperio

*Isidro Novo*

Se non lembro mal, a primeira vez que o falamos fora nun Galeusca. Eu estaba convencido de que había unha boa cantidade de palabras da nosa lingua que non estaban rexistradas nas páxinas dos dicionarios e non perdía a ocasión de manifestalo e de dicirle a Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, que había que buscarlle solución, que había que facer unha especie de hospicio para acoller esas palabras que vivían ao ventimperio sen que os dicionarios lles desen albergue. O presidente e toda a directiva atenderon a miña proposta e no ano 2008 creouse esa sección chamada *Palabras con memoria* na páxina web da Asociación, que a día de hoxe pasa das mil catrocentas entradas, concretamente temos 1.410. Comezamos acollendo non só palabras sen rexistrar, principal obxectivo do proxecto, senón tamén algunhas outras semiesquecidas que só habitaban nalgúns dicionarios históricos; pero vendo co paso do tempo que as palabras sen ningún acollemento dictionarial eran máis abondosas do que en principio pensabamos, limitamos a dedicación a estas e soamente no caso de considerar que algunha palabra recibida trae unha definición máis completa e precisa que no dicionario onde está rexistrada, soamente nese caso, dáselle tamén acollemento. De todas as maneiras, a gran maioría das entradas non están, ou non estaban rexistradas cando foron recollidas, en ningún dicionario ao que se puidese ter acceso. E agora digo entradas con toda a intención, porque se ben é certo que a maioría son palabras soltas, tamén aparecen no noso hospicio algunhas expresións. Convén sinalar tamén que como estabamos e estamos preocupados pola desaparición do vocabulario dos produtos do campo, debido ao abandono que sofre e á invasión nos mercados de produtos substitutos de orixe foránea, abrimos neste asilo de palabras e dentro do mesmo proxecto unha subsección *verde* para que a xente nos mande nomes de castes de mazás, de peras, de ameixas, de patacas, de verduras, etc.

Para todos os casos a mecánica de rexistro non pode ser máis simple: a palabra, o seu significado ou significados, algún exemplo de uso se se considera necesario, o lugar de escoita, o nome da fonte, ou sexa, de quen nos envía a palabra, e un derradeiro apartado por se cómpre engadir algún matiz ou facer algunha precisión denominado *Outros apuntamentos*.

Entre as curiosidades que se poden salientar neste glosario habitado na súa maioría por palabras ágrafas está a de conviviren con outras que, estando nos dicionarios históricos ou convencionais, non recollen o significado que a nós nos mandaron, polo que cando rexistramos

a palabra non temos máis remedio que poñer unha paréntese onde se aclara: «Ademais de significados xa rexistrados».

Cómpre salientar tamén que, se ben a maioría das entradas que están acollidas en *Palabras con Memoria* proceden de envíos de particulares, algunhas foron extraídas de vocabularios locais como do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CPI de Navia de Suarna, do CPI O Cruce de Cerceda, do blog *SOS Courel. Asociación Ecolóxico-Cultural*, do blog *Proxecto Buserana. Muxía, pola defensa do Patrimonio Cultural Inmaterial...*. Convidouse ademais a participar no proxecto á xente residente nos xeriátricos ou visitantes dos centros de día, e actualmente podemos citar algúns como colaboradores: vallan como exemplos o Xeriátrico de Ortigueira e o Centro de Día Atalaia de Vigo. Recibíronse e seguen a recibirse palabras de todos os lugares de Galiza, se ben é certo que hai algunhas localidades, grazas á simpatía que espertou o proxecto nalgúns dos seus habitantes, que contan con máis entradas que outras.

Certamente estarían na lista as localidades onde están os centros antes citados, pero tamén outras destacan a pesar de contar soamente con envíos individuais, como sería o caso da Costa da Morte e Ferrolterra na Coruña, da Mariña e a comarca de Sarria en Lugo, da de Tabeirós e do Morrazo en Pontevedra, e da comarca da Limia e de Ramirás en Ourense.

Cómpre dicir tamén que neses envíos adoitan repetirse remitentes, moitos deles persoas relacionadas co ensino, e non as vou nomear agora aquí, unha por unha, por medo a deixar de lado alguén e tamén por avanzar no tema; de todas maneiras quero facer unha excepción co poeta Suso López Gaioso (Suso do Páramo), falecido hai dous anos, que me enviaba as súas palabras por mediación dunha amiga común, Bea Cedrón, en ortografía lusista e sempre acubillado baixo o nome de Suzana do Páramo. Del é un bo feixe de vocábulos que integran o glosario, e aínda que a maioría son do seu concello paramés, ten mandado algún da comarca de Sarria, da de Lugo, da de Ancares e tamén nos ten achegado palabras ouvidas na Fonsagrada e na Terra Chá. El, baixo o seu heterónimo feminino, como era a súa vontade, e todas as persoas que nos enviaron algunha palabra orfa, figuran como fonte no noso glosario, porque son as responsábeis e protagonistas da súa existencia nel.

Afortunadamente, hoxe os medios dixitais chegan a case todos os lugares do noso país e é moita a xente que ten acceso directa ou indirectamente a un correo electrónico, polo que podemos dicir que hai palabras para todos os eidos do noso desenvolvemento, sexa no litoral ou no interior.

De momento a primeira palabra que aparece no noso particular dicionario é **abarqueiro**. Abarqueiro é desas palabras que, aparecendo noutros dicionarios, non o fai co mesmo significado co que nós a temos recollido, aínda que neste caso está relacionado. Un abarqueiro é o que fai ou vende abarcas, iso é o rexistrado, un substantivo, pero o significado que a nós nos mandaron indica que abarqueiro é unha persoa que viste con roupa que non lle acae ou lle senta moi folgada, porque quizais era así como vestían os dese gremio que transitaban pola zona de Navia de Suarna, por iso en *Palabras con memoria* aparece como cualificativo despectivo. Desta maneira, a modo de exemplo, poderíamos dicir: «Saca de aí, que vas feito un abarqueiro» ou «Vaia abarqueiro que levas, pareces un pallaso». Co asunto da roupa por medio temos recollidas unhas cantas, pero por citar outra cun significado semellante á anterior temos **patrafolas**, aínda que un patrafolas pode selo por vestir con roupa maior do que lle corresponde ou tamén por andar descamisado e así, pola zona de San Sadurniño, que é por onde se usa este adxectivo, pódese ouvir: «Aínda es patrafolas! Andas coma Xan da Riola, coa camisa de fóra». De vestir mal, tamén temos unha moi simpática da Pobra do Brollón, pois cando alguén vai farrapento, astroso, pódennlle dicir os que o ven: «O rapaz vai feito un **mequello**». Aínda que unha das miñas favoritas para cualificar roupa mal admitida socialmente polo seu aspecto veu da zona de Valdoviño, onde se consideran que alguén non vai como é debido pódennlle dicir: «Sácateme ese **liquindó**, que das vergoña». Parónimas palabras referidas a roupa, pero substantivas e sen matices

pexorativos están o **cubritó**, o **levitó** e o **landó**, que na Terra Cha son pezas de roupa de abrigo que se poñen por riba das demais. Un **carracán** é polo Morrazo unha roupa de durmir infantil aberta polo lombo, unha **capileira** é no Courel unha carapucha, e unha **campa** é pola zona de Cuntis unha prenda de roupa nova, unha prenda de vestir de estrea.

Para as persoas pouco amigas de verse cubertas, para as que lles gusta andar en porrancho, en porro ou en coiro, teñen ademais a opción de andar **en ran** ou **en perrelo**, como fan os do concello de Covelo ou **á lanqueta** como din no Courel, o que non debe confundirse con **póirse de lanqueta**, expresión que usan en Ramirás para os que sentan mal na cadeira ou noutro asento aínda que estean vestidos.

Unha palabra comodín esta lanqueta, que os dicionarios históricos recollen na expresión *andar de lanqueta* que significa andar á pata coxa e nas de *ir de lanqueta* ou *correr de lanqueta*, que vén ser como correr botando unha cadeira para un lado só. Os de Lugo a iso de correr, sen mediar postura, aínda lle chamamos **escardar**, mentres que pola Terra Cha escóitase conxugar o verbo **xibar**.

Pero a maioría da xente non corre senón que anda, e aquí hai varias maneiras de facelo, ademais da habitual. Non corren, pero case, en Muxía cando falan de **ir de toda en banda**, mentres que os de Cerceda cando andan á présa utilizan o verbo **entepoñer**. Un exemplo sería: «Cando lle dixeron que era urxente, entepuxo pola estrada embaixo». Pero ademais hai outras maneiras de andar, como por exemplo en Burela, onde se alguén fala de **andar de curricán** fala de non ter parada, de moverse unha determinada persoa dun sitio para outro. Pola zona de Ortegál, en cambio, a iso de non ter paraxe chámalle **andar de xirité**. Pero como a palabra andar ten máis dimensión que a de avanzar sobre unha superficie, temos que en Burela **andar ás toas** é andar pola ribeira apañando todos os obxectos útiles que trae o mar, froito dun naufraxio ou dunha caída accidental dun barco. Ou sexa, o que noutros lugares de Galiza é andar ás crebas, como andaban os Crebinsky da película de Enrique Otero. Que **anda á sucaina** din en Cuntis de alguén que actúa con picardía e sen que ninguén se decate, mentres que por aquí por Lugo e as súas proximidades **andar á rebendía** adoita dicirse cando dúas persoas ou máis andan á competencia, á porfía, e co mesmo significado din por Ramirás **andar á cotrena**.

De Ramirás precisamente tamén nos veu unha expresión cun significado máis relaxado que é **ir dar un raite**, que non é outra cousa que ir dar unha volta, un paseo, e tamén van relaxados os ou as que conseguen **ir ó sentinolo**, que é ir sobre os ombros de alguén en terras de Muxía. Un significado moi distinto ten **ir de boria**, que polas terras da Baña significa ir de festa. Pero chegados a esta palabra, *boria*, querería prestarlle unha atención especial porque aparece como complemento de moitas expresións con significados totalmente diferentes. A palabra, a secas, pode significar xolda, diversión ruidosa, pero tamén se lle aplica a quen anda dun lado para outro, sen destino fixo, a unha persoa indolente que non ten ansia de nada, e incluso se lle chama boria á bolsa na que os cerralleiros levan as ferramentas. E malia o dito, nalgúns dicionarios atoparedes que a expresión *á boria* significa á intemperie, e se xa nos metemos no propio glosario veremos que un **borias**, en plural, pola zona de Lalín é un mentirán, un contista, e se alguén escoita pola bisbarra de Bergantiños a expresión **librar a boria** é que alguén fala de conseguir un bo resultado nunha acción e, así, cando un mariñeiro lle pregunta a outro: «Colliches algo?» e o outro lle contesta: «Catro maragotas e tres pintos», o primeiro dirá admirado: «Ben. Libraches a boria!».

Esta zona de Bergantiños ten outras peculiaridades a maiores, pois integran no galego palabras que proveñen da xiria dos canteiros, e así é doado escoitar **zoína** ou **zoino** para referirse ao cura, **caicoa** para nomear a igrexa, **aureta** ou **oureta** para mencionar a auga, **arria** para dicir pedra, **areona** para referirse á vaca, **xais** para nomear os cartos ou **ciba** para dicir casa.

Da casa como protagonista e arredor dela hai tamén palabras interesantes neste glosario da AELG. Por exemplo a que denomina unha agrupación delas –que xeralmente chamamos

rueiro– pola zona de Aranga é **ruño**, que tamén vale para outras pequenas agrupacións, por exemplo: un ruño de piñeiros. Por Ramirás chámanlle **rouseo** ao terreo circundante á casa, xeralmente coñecido por cortiña ou eixido, e ese mesmo espazo chámase **resiu** pola bisbarra chantadesa. Por Cerceda chámanlle **llalar** ao lugar onde se garda a leña, que noutros sitios din anllar ou simplemente leñeiro. E sen saír de Cerceda nin do tema de quentar a casa temos a palabra **lechón**, que é un cacho grande de madeira que se mete na cociña de leña para caldear. Tamén é ben saber que na Baña ao lugar situado diante da porta principal dunha casa de aldea chámanlle **cañeira**, e no Courel dinlle **subeiro** ao alboio que pode haber diante desa porta principal.

No Courel tamén, pero cambiando de tema, á cara norte, á ladeira xabreira do monte chámanlle **abesedo**, mentres que en Burela á ladeira do monte libre de árbores polo que baixa a madeira dinlle **rastreira**. Seguindo polas altas paraxes, é agradable coñecer que en Baltar á pequena área herbácea que rodea as fontes que atopamos nos lugares montesíos chámanlle **nemarello**. E se do monte baixamos ao prado, convén saber que pola zona de Navia de Suarna se é ruín e pequeno chámanlle **chavasqueiro**, que no Courel denominan **arroxo** a unha ferverza que baixa dos prados ao romper a canle principal e que en Lugo denomínase **pación** un prado logo de lle segar a herba.

E se dos prados pasamos ás árbores, cómpre dicir que na comarca de Chantada a abanear para que caian os froitos chámanlle **acolar** e por Cercedo din **apolitar** cando queren falar de aganchar, de subir ás árbores.

Nas árbores, se é o tempo, están os froitos, e como xa dixemos temos unha sección *verde* na que tratamos de rescatar as castes que aínda quedan no noso país. Pola zona de Ortigueira mandáronnos datos dunha mazá colorada e pequena que chaman **encarnadiña**, doutra chamada **delfina**, que é de tamaño medio, forma redondeada e de cor amarela ao madurecer, e tamén desa zona mandaron nota da **caladiña**, que é unha mazá grande e branca que se garda moito tempo. De Ramirás mandáronnos a **antonina**, caste de mazá temperá de sabor acedo polo xeral de tamaño pequeno, e a **santiaguesa**, que é unha caste de mazás pequeniñas e vermellas, con moito zume e sabor semellante ao da sidra, chegounos dende o Val do Dubra. Pero **santiaguesa** tamén lle chaman por Miño a unha caste de peras redondas e amarelas, e da zona de Ortigueira chegounos unha que lle chaman **rabuda**, porque ten o rabo longo e cómpre comela verde, porque maduras están moi secas. Tamén de alí nos mandaron noticia dun pero chamado **Xan de Viveiro**, que é verde e alongado e que amarela ao madurar.

E xa que chegamos aquí, ao noso campo, cómpre poñer algún exemplo de nomes para o produto máis común, as patacas, que en Bergantiños, quizais por esa integración no galego da xiria dos canteiros chaman **nácoras** e que pola zona de Corme dinlle **badocas**, unha variante de balocas que se emprega en moitos lugares de Galiza para denominar as patacas pequenas. Tamén temos recollido algún legume como un tipo de fabas chamadas **chaparro**, que poden ser pintas ou brancas e que de forma son arredondadas, por vez da máis común de ril, e danse pola zona de Sarria. Outro tipo chamado **navia** dáse en Quiroga e coincide en nome cunha uva tinta da que mandaron aviso dende Taboada, onde nos din que é semellante á mencia pero trátase polo visto dunha uva autóctona da Ribeira Sacra.

De Taboada téñennos chegado palabras ben curiosas: por exemplo, a unha persoa que lle gustan moito os doces, por vez de lambón ou lambona, chámanlle **zugado** ou **zugada**; se a alguén lle dan unha tunda, unha malleira, naquelas terras danlle unha **zarapilda**; e se esqueces algo e tes que ir exclusivamente por ese algo, por vez de ir a propósito ou adrede, por alí din que van **de pé feito** ou **a pé feito** por ese algo. Tamén utilizan unha expresión moi fermosa para agardar por alguén, sabendo as rutinas dese alguén, por exemplo: «Se tes que falar coa Carme, **gárdalle o golpe** cando veña coas vacas». E ao mellor hai que agardar máis tempo do pensado, pois os taboadeses parecen entender a lentitude como pracer, xa que para aconsellarte que vaias

amodo ou amodiño, eles dinche que vaias **agusto** ou **agustiño**, e por iso simplemente quizais debería estar integrada no movemento *Slow*, que como sabedes é un movemento que naceu en Italia e que propón que a xente tome a vida máis pausada (a título de curiosidade e desviándonos un pouco do tema, direivos que na actualidade no estado español hai sete cidades *Slow*, pero en Galiza non temos ningunha; e seguindo coa curiosidade direivos que a cidade máis simbólica deste movemento é a italiana chamada Bra, onde o reloxo da praza está atrasado media hora, as tendas pechan os xoves e os domingos e os coches non poden entrar no centro para non provocar estrés).

Pero seguindo co noso, quizais é que esa Carme do exemplo á que se lle garda o golpe tarde moito por vir demasiado agustiño ou talvez porque lle houbo que insistir ás vacas para que bebesen, pero cómpre saber que en Taboada tamén teñen fórmula verbal para que as vacas se hidraten. Utilízase a palabra **aguch**, polo menos dúas veces e alongando o 'a' inicial. Pero fixédevos que cambiando de provincia, na localidade de Maside, para que beba a vaca hai que dicirlle **grouch**, e así como o trago líquido humano se denomina grolo, ao do animal por alí díselle **groucho**.

Moi curioso resulta que entre a xente humana falamos, pero aos animais afalámoslles, levámoslos ao lindeiro para alindalos, pero non só iso: se lles deron de comer na zona do Porto do Son están **acomerados**; dinlle **aloitar** por Sabucedo á acción de tentar domear a besta na rapa e chámánlle **aloitador** ao que realiza esa acción; fálase de **apoxar** por San Sadurniño a estimular as ubres dunha vaca cando se vai muxir para que dea leite... Sempre co 'a' por diante dunha palabra que xa ten significado por si mesma.

Pero por suposto nunha comunidade como a nosa hai moitas palabras de relación das persoas cos animais, e algunhas non aparecían nos dicionarios. Caso de **urria!**, que é unha voz para chamar as ovellas polas terras altas do Courel, mentres utilizan o monosílabo **llin!** se queren chamar o porco, e en cambio pola Terra Cha bérranlle **curí!** Unha voz que se utiliza pola zona do Morrazo é **buis!** para guiar e animar a vaca aboiada para que a monte o boi, e mesmo hai unha expresión moi curiosa pola zona de San Sadurniño, unha fórmula interxectiva empregada coas vacas ao tempo de pasarlles a man por riba dos cadrís cando se desconfía que estean en celo. Alongando o primeiro 'u' a expresión é: **buñi, puch!** Se a vaca se panda é sinal de que está quente. Por certo que pola zona de Amoeiro, en Ourense, cando un animal está en celo dise que **anda ó carraviro**, claro que se ese animal fose da zona de Burela e estivese ben mantido e con bo pelo dirían del que está **lontrudo**, aínda que non sexa un mustélido, algo que non se lle pode chamar a un cágado, a unha cría de ra, que por Cuntis chaman **culler de rabo**.

Unha vila, esta de Cuntis, ben curiosa, pois como se sabe está moi considerada polas súas augas termais e polo seu balneario, o que fai que sexa doado ver xente de fóra transitando por ela. Ao parecer cando un da localidade contacta cun descoñecido, a frase ritual é: «Ti es de aquí ou vés aos baños?». Pero non queda aí a cousa, porque a eses foráneos, entre os de alí, danlles a denominación de **verderolos**. Cómpre dicir, ademais que en Cuntis ser un ou unha **chapante** é ser afeccionado/a a comer e beber, palabra curiosa porque os concellos veciños coñecen os habitantes deste, máis que por cuntenses, por chapantes.

Chegando aquí, non quixera deixar pasar por alto unha obra iniciada por Camilo José Cela titulada *Diccionario geográfico popular de España*, do que o de Iria tiña pensado facer dezanove tomos pero só se chegou a publicar un en 1998. Un proxecto que iniciou no 1971 enviando ás xefaturas de correos máis de 25.000 enquisas solicitando a boa disposición dos funcionarios para que lle achegasen topónimos, xentilicios, pseudoxentilicios, refráns, cantigas e calquera outra curiosidade que puidese obrar a prol da identidade do lugar. Logo da morte de Cela, a súa Fundación puxo a parte galega do proxecto en mans do Instituto da Lingua Galega, que a colgou na rede co nome de Portal de Ditados Tópicos Galegos, e nel aparecen algúns deses pseudoxentilicios. Entre eles o citado de que aos de Cuntis os de fóra lles chaman chapantes, pero

en *Palabras con memoria* está *chapante* polo significado da palabra en si, que non aparece nos dicionarios. Aconsello, a quen teña curiosidade por este tema, visitar ese portal, porque hai cousas sorprendentes e ademais dá para botar unhas risas. Por poñer exemplos achegados, chamoume a atención que os de Lugo teñan como alcumes colectivos *callarengos* ou *luceros* ou *congos* ou *indios*, e fixéronme rir moitos, entre eles o dedicado aos de Rábade, alcumados *comenencias*, aos de Viveiro, que seica lles chaman *capelos* ou *fúfaros*, e xa non tan sorprendente pero simpático é o dedicado aos de Mondoñedo, que son *os da paula*, pola campá, igual que *valecos* os de Lourenzá, por motivos xeolóxicos, e por diversas causas os de Monforte poden ser *fidalgos* ou *rabudos*, os de Burela *pataqueiros* e os de Xove *xovencos*. Pero así e todo non chegaron a recoller para esa enciclopedia un dos pseudoxentilicios, un dos alcumes colectivos – como a min me gusta denominalos – máis simpáticos de cantos hai e que está nas nosas *Palabras con memoria*. É atípico ademais polas súas características, xa que non está inspirado nas persoas designadas, senón no seu medio de transporte. Trátase de **lulú**, xentilicio humorístico que os habitantes da localidade coruñesa de Miño dedican a cada un dos lugueses praieiros que adoitan ateigala nos meses de verán. Esta simpática e canina denominación, ten a súa raíz etimolóxica na matrícula dos autos cando esa identificación era provincial (LU), así que aínda hoxe se pode escoitar algún miñense que diga: «Nos meses de xullo e agosto, a nosa praia está chea de lulús». E outro xentilicio para luguesas e lugueses que van veranear á Mariña é **lugoslavo/a**, e así podes escoitar: «Este verán había nas festas moitos lugoslavos». Destes xentilicios para veraneantes tamén temos recollido **fodechinchos**, que se lle aplica a toda a xente que se achega pola área metropolitana de Vigo no verán de vacacións, pois por culpa dela aumenta ata o prezo do peixe máis humilde. Parece ser que a denominación naceu concretamente en Cangas do Morrazo.

Supoño que a maioría da xente incluída nun destes alcumes colectivos tomará a cousa polo ben, xa que estes alcuños están máis que para insultar ou facer escarnio, para facer broma. Aínda que, tamén hai que dicilo, se o insulto non se fai con grosería ten o seu mérito, como no caso dos muxiáns, que a alguén que di parvadas e cousas que están fóra de lugar, para recriminarllo pódennlle largar: «Ah, **retrato**, que ben estarías calado!» ou ben: «Saca de aí, **almanaque**, que non paras de dicir parvadas». Coido que está fóra de discusión que tanto retrato, como almanaque, son palabras elegantísimas para insultar. A esa mesma xente por Ferrol chamaríanlle **conacho**, e por Cervo **contratafal**, que tamén teñen a súa graza. Claro que no concepto parvo está esta persoa que fai ou di parvadas á que nos acabamos de referir, pero tamén está quen fai parvadas porque ten poucas luces. En Navia a un individuo así poden definilo de moitas maneiras, pero das que non aparecen nos dicionarios están **pab(v)ilón/a** e **palimón/a**, polo Barbanza á xente desas características dinlle **troscos/a** e polo Courel en cambio é **troxo/a**. Tamén está o que só fai o parvo con intención de divertir ou irritar, e a ese tipo de individuo por Santa María de Xeve no concello de Pontevedra chámanlle **pascacio**.

A propósito de Pontevedra, por unha franxa desta provincia e da de Ourense (O Morrazo, Ponte Sampaio, Beariz, Castro Caldelas...) poden sorprendernos cunha locución que dá moito xogo malia estar feita con só catro letras. Trátase da expresión **ou ou** e malia ser tan pouquiña cousa, segundo o caso pode significar *máis* ou pode significar *mellor*. Por exemplo, se alguén di: «Manolo xa terá setenta anos ou ou», quere dicir que seguramente teña máis, e se ese mesmo alguén quixese enxalzar as habilidades do tal Manolo nunha determinada actividade, podería dicir: «Fai os coitelos tan ben coma o ferreiro ou ou». Unha locución de construción parecida canto a repetición dunha palabra é unha empregada pola zona da Estrada, pois por alí pódese escoitar dicir: «Mañá, **alba non alba**, todos preparados para marchar». Vén significar que esa marcha hai que iniciala non ben raie o día. Tamén con repetición de palabra, recibida de Burela, temos a expresión **a chapín chapín**, que significa que algo está ateigado ou cheo ata o máximo, por exemplo cando un autobús vén a tope da festa dise que *ven a chapín chapín*. Da zona do Morrazo mandáronnos a locución **onde e onde**, que significa aquí e alí ou aquí e alá, por

exemplo: «Botei unhas leitugas onde e onde». E da Costa da Morte temos un dobre pronome **quenquén** que na súa duplicidade fai que o significado sexa mentira, e así por Vimianzo, por exemplo podemos escoitar: «O que me dis é de verdade ou de quenquén?»

De quen nunca se sabe se di a verdade, e probabelmente nin el o saíba, é do virachaquetas, que segundo sexa o lugar, ten unha denominación distinta: en Cerceda chámalle **andavía**, por Ramirás coñéceno por **xunguerraposas** e pola zona de Amoeiro **belbo** ou **belba** segundo sexa home ou muller. Virachaquetas adóitase empregar sobre todo para a clase política, pero a carón deste sector social adoita darse un espécime de características moi particulares porque, non representando ningunha institución, ten un vínculo oficioso con elas que redunde no proveito das dúas partes. A este tipo de individuo pola zona do Barbanza, concretamente na Pobra do Caramiñal, dásele o nome de **bichicoma** e ao conxunto de bichicomas outórgaselles a denominación de **bichicomada**. Un exemplo de uso sería este: «Ese non é concelleiro nin nada; é o típico bichicoma que sempre anda polo medio». Especialmente curiosa resulta no Barbanza a expresión que utilizan para falar dunha persoa presuntuosa, que gasta moita chulería, xa que noutros lugares significaría todo o contrario. A expresión é **ter empanada**. Por exemplo: «Dende que o ascenderon, ten unha empanada que calquera o atura». Moi interesante é que alí santifican a xente que non é de fiar, así que podes ouvir dicir: «Manolo éche un **santo macoco**», ou sexa, unha boa prea, pero se por vez de non ser de fiar o fulano en cuestión ten pouco siso, dise que **ten o xuízo da cabala**. Se en cambio é unha desas persoas que fan cousas ou falan por tras, recibe o nome de **sacometeiro** ou **sacometeira**, e as accións destas xentes serían **sacometadas**.

E seguindo con defectos de conduta respecto dos demais, temos que en Vilagarcía a unha persoa envexosa chámalle **valixeiro/a** e a unha iracunda, a unha que se alporiza, chámalle por Padrón **rebarusa**. Por certo, avisamos que se alguén escoita pola zona de Muros que alguén se puxo **como un luterano** ou **como unha luterana**, non é que esa persoa cambiase momentaneamente de igrexa, senón que se puxo feita unha furia. E unha furia non controlada a tempo, nalgún caso, pode levar ao desastre, ou como dirían pola zona do Morrazo **á hecatumba**. Ao desastre pola zona de Carnota chámalle en cambio **equinosio**, con seseo, onde podes escoitar á xente cando narra un acabado de acontecer: «Fixo un equinosio» ou «Foi un equinosio».

Aínda que sen chegar a tanto dramatismo, pola zona de Meira cando hai unha lea ou un barullo con violencia, eles chámalle unha **adoucisa**, así que calquera día poderíamos escoitar por aquelas terras: «Vaia adoucisa se armou ao saír do bar onte á noite!»

Algunhas noites teñen esas cousas. Menos mal que logo da noite vén o día, ou sexa, alborexa, amence, ou como din en Navia de Suarna, aculumbra. E é no tempo de **aculumbrar**, de alborecer, ou no do atardecer, no do solpor, cando se forman ás veces néboas avermelladas que no Courel de Novoneyra denominan **rubieis**. Na zona de Navia de Suarna, en cambio, cando o ceo se pon colorado empregan o verbo **derrubear** e podemos escoitalle á xente comentarios como: «Olla o que derrubea alá no teso do Castro».

Seguindo coas cores, aínda que baixándoos do ceo e levándoos a outros ámbitos, cando algo está moi cargado de cor, ademais de rechamante, os de Lugo dicimos que ese algo resulta **chamón** ou **chamona**, por exemplo: «Esa porta está pintada dun verde moi chamón», ou «Levaba posta unha camisa moi chamona». Por Burela, ao parecer, se unha muller viste dunha maneira considerada rechamante ou chamona polo resto da xente, porque se cre que abusa de complementos, xoias e/ou maquillaxe empregan a palabra **coca** para definila, e talvez digan dela: «A nova veciña é moi coca, é unha vella e pensa que ten quince anos». En compensación, en Taboada, cando unha muller se amosa con donaire e disposición din dela que é unha **tiatina**.

Unha muller disposta montou sempre a cabalo, pero cando non vestían outra cousa que saía faciano botando as dúas pernas polo mesmo lado da besta, un modo de montar que na Terra Cha lle chaman **de a donas**: *montar de a donas, ir de a donas*.



E falando de cabalos, un almorzo tradicional da comarca de Sarria é **ovos ao cabalo**. O prato consiste nunha tallada de xamón que quedou a desalgar do día antes feita á prancha á que se lle montan uns ovos fritos por riba. O prato complétase cun par de tostas que se farán na mesma graxa do xamón. E seguindo cos ovos, en Lira, do concello de Carnota, teñen unha lambonada de tixola que lle chaman **testón**, que se fai con fariña, auga, ovos, leite e sal. Ao parecer trátase dun pano delgado como a filloa ao que se lle bota azucre por enriba cando xa está feito. Cómpre dicir que aínda que a maioría da xente no país, independentemente dos ingredientes co que esta feita esta lambetada, denomina filloas a eses delgadísimos tapetes superpostos que adoitan servirse nas mesas polo entroido, nalgunhas zonas só son filloas as de sangue, e as de caldo, leite ou auga son coñecidas como freixós. Recollen os dicionarios que pola Costa da Morte lles chaman follados, pero non recollen que polo Val Miñor e polo Condado lles chaman **marruchos**. Outras lambonadas cuxo nome non vimos recollido nos dicionarios son: o **cacho**, que era a comida que se facía nos fiandóns e consistía en liscas de pan cocidas en leite con azucre, pero sen que o pan chegase a desfacerse, e o **calleiro de Noia**, que é unha sobremesa pobre que se fai para aproveitar o pan vello, e para realizala utilízase o calleiro dun animal. Ademais, no noso glosario, tamén temos a **chaola** de Cariño, que é un doce de entroido feito con masa de roscón fritida, similar á bola que comunmente se fai por esas datas en todo o país.

Toda esta repostería é *made in* na casa, ou sexa, tradicional, artesanal, pero iso non quere dicir que non teñamos recollidas palabras relacionadas coa máis avanzada tecnoloxía. Algunhas, como **tarabela** e **virandelo**, teñen hoxe significado reconvertido, ou mellor dito, compartido, pois como é sabido unha tarabela tradicionalmente é en moitos lugares de Galiza un trebello colocado sobre un pau e formado por aspas que baten contra un obxecto co fin de espantar os paxaros; e virandelo, tamén tradicionalmente, é pola zona de Carnota un xoguete infantil, un pequeno muíño con aspas de papel. Pois ben, actualmente, tanto tarabela pola Serra do Candán, como virandelo por esta zona da Costa da Morte, tamén poden significar aeroxerador, muíño eólico. De todas as maneiras unha palabra que nos namorou é a que nos chegou da zona de Mazaricos, o substantivo **habilincho**, nome con que se designa todo aquel útil provisto de tecnoloxía ata un determinado tamaño: un tronzón non pode ser un habilincho porque carece de tecnoloxía, pero si pode selo unha motoserra; un tractor non pode ser un habilincho polo seu excesivo tamaño, pero si se poden nomear así o GPS ou a radio.

E xa que falamos do virandelo, aproveitamos para falar dalgúns xogos infantís populares do noso país, porque cómpre dicir que a pesar dos moitos nomes que hai rexistrados para o bambán, que como sabedes tamén pode chamarse arrandea, arrandeadoiro, carriola, chioncheiro, pinquela ou randeeira, a *Palabras con memoria* chegaronnos máis. Por exemplo, do sur da provincia de Pontevedra chegounos **balambán**, do Saviñao **arrolíquín**, de Cerceda **virinván** e de Negreira da Coruña **tirandeira**. Temos ata unha palabra autóctona para definir tobogán sen necesidade de recorrer ao esquimó, porque por terras de Muros chámanlle **escurripela**. Pola zona de Carnota ao xogo de tres en raía chámanlle **castro da man**, porque **castro** a secas é como denominan eles a mariola. Pola zona de Cambre eran os nenos amigos de xogar ás **caadas**. Este xogo consistía en que dous se agarrasen arrolándose polo chan costa abaixo e canto máis pendente houbera, máis divertido. Por Cuntis ao tiratacos, tirabalas ou tiracoios, chámanlle **arcabucio**, e ao xogo das lombas, consistente en saltar varios participantes por riba do lombo doutro, pola zona do concello de Crecente pontevedrés chámanlle **rebaldeixe**, mentres que en Lavadores a este mesmo xogo dicíanlle **galopada**.

A maioría dos xogos citados non precisan de xoguetes, pero se imos por Cerceda e os hai, non debería estrañarnos que lles chamasen **estribillos**. Cun significado próximo, aínda que non exactamente este, tiña recollido estribillo tamén Filgueira Valverde no seu dicionario de 1926 onde lle dá o valor de pasatempo, enredo ou distracción.

Mais se de xogos infantís inocentes pasamos a brincadeiras de xente adulta, parece necesario citar o verbo **achedar**, que nos dicionarios históricos significaba empurrar o carro facendo forza nas chedas, e que pola zona de Ramirás aparece co significado de gozar sexualmente, e así alguén podería dicir: «Seica tivera ganas de casar para se fartar de achedar a parella». Cómpre saber que polo Courel a un encontro sexual denomínanlo **pingazo**, mentres que pola zona de Mondariz empregan o verbo **broucar** e non sería raro escoitar: «Aquela parella está broucando». Tamén aquí hai que dicir que broucar aparece no dicionario de Sobreira de principios do XIX co significado de «Dar golpes la puerta abriéndose y cerrándose», mentres que nos seguintes de Anibal Otero, Eladio Rodríguez e Franco Grande fálase de golpear co mazo, co cal parece claro o sentido figurado dos mondaricenses. E sen saír do tema pero falando do instrumental, cómpre dicir que por Melide teñen o literario costume de chamarlle **prefacia** ao órgano xenital feminino, mentres que por Muxía un **atabán** é un membro sexual masculino de grandes dimensións.

E falando de cousas de grande tamaño, tamén por Muxía a algo ou alguén extremadamente grande chámalle **cachimán** e por Arbo, patria gastronómica da lamprea, á rata grande de auga chámalle **arganón**. O **escambroto** é pola zona de Forcarei a espiña grande e dura dunha planta e un **cantán** é para as muxiás e muxiáns unha pedra moi grande, mentres que pola zona da Estrada un **alacoto** é un pau grande e basto que se leva na man.

Que se ocupen do pequeno tamaño, tamén temos palabras, por exemplo a **xiballada**, que en terras de Muxía era o peixe pequeno que viña no boliche, e que como non valía para a venda empregábase como engado. Pola zona de Nois, na Mariña, a un can pequeno chámalle **tustelo**, pero se alguén vai por Navia de Suarna escoitará que lle chaman **cuçín** e pola zona de Bergantiños, que son amigos de achegar ao galego o latín dos canteiros, poden chamarlle **chacurro** –pero coidado, que tamén poden referirse ao gato. E coa mesma precaución debemos escoitar aos da Mariña de Lugo cando falan do **gato mión**, porque non está a referirse a un felino, senón á ave nocturna da familia do estríxidos, coñecida na maioría do país co nome de moucho. Ave tamén, aínda que neste caso rapaz, é o **tastaraño**, que é como por algúns lugares da Terra Cha lle chaman á falconiforme que outros denominan testaraña.

Grandes cazadoras estas aves rapaces, ás que non lles fai falla trampa para acadar a presa. Trampa en cambio si que utilizan polo Courel para pillar os ratos, e danlle o nome de **leixó**. Pero ás veces o rato é listo, libra e morde deixando a pegada dos dentes no queixo e nese caso, se o rato anda por Navia de Suarna, dirán que o arrouñou, conxugando o verbo **arrouñar**.

O rato é un grande amigo do queixo, pero a xente polo xeral é amiga de comer de todo. Xa dixemos que en Cuntis aos afeccionados a comer lles chaman chapantes, polo que o sinónimo de comer, alí, sería chapar. Pero hai outras denominacións polo resto da nosa xeografía que non lle andan atrás en orixinalidade e así, pola zona de Cerceda ao comer dinlle **tascar**, pola zona de Cambre falan de **tapiñar** e pola Pobra do Brollón din **marmear**. Pero aínda que no noso país abonda a xente comedora, tamén hai quen non goza coa comida e pola zona de Monforte, se ven que alguén anda remexendo nela sen levala á boca, dirán que anda a **espenicar** e por Burela poden dicir que anda a **comer sopas por unha tirafonda**, mentres que por Navia de Suarna á persoa que escolle moito no prato cando come chámalle **lambelo** ou **lambela**. Normalmente esa xente que escolle moito na comida faino por ter moitos escrúpulos e polo tanto a soleira do noxo moi baixa. A esa xente polas comarcas de Lemos e Quiroga chámalle **esporrido/a** ou **espurrido/a**, pero por exemplo na Pobra do Brollón a unha persoa escrupulosa chamaranlle **escupiloso/a**, pola zona de Ferrolterra diranlle **esnichoso/a** e pola de Cervo, na Mariña, sería un **escutilido** ou unha **escutilida**.

Pero por moi escrupulosa que sexa a persoa, se ten larica, os escrúpulos pasarían a un segundo plano: pola Mariña, se alguén ten moita gana de comer dirá que ten fame **regañada**, porque **regañado/a** por aquela zona –ademais do significado común de gretado/a– significa *moito, en abundancia*, sexa comida ou calquera outra cousa. Pola mesma bisbarra e sobre todo pola parte

de Viveiro tamén podemos escoitar, co significado de moito/a, **espeso/a**, polo que é doado ouvir: «A min as sardiñas sábenme espeso» ou «Hoxe na praia había xente espesa.» E por aquela mesma comarca aínda teñen outra expresión moi popular para expresar a abundancia de algo e non sería raro que escoitáramos da boca dalgún de Burela dicir: «Fulano ten cartos **a enciñar**» ou «Naquela marea entrounos o peixe **a enciñar**». E por se fosen poucas as maneiras de dicir moito ou moita pola Mariña luguesa, aínda temos a forma **callado**, coa que alguén pode dicir: «Gústame callado ir ao cine».

Do gusto das xentes tamén hai palabras recollidas en *Palabras con memoria*, como por exemplo **reinar** que, ademais do significado monárquico anacrónico, pola zona da Mariña significa iso, gustar, polo que é doado ouvir: «Ao rapaz non lle reina o estudo, o que lle reina é xogar ao fútbol». Hai que dicir que este verbo ten unha extensión a maiores cando vai unido aos adverbios ben e mal, e así **reinar ben** sería ser boa e **reinar mal** sería ser mala persoa. Un exemplo para que se vexa: «Moi mal lle reina a este pícaro; é malo coma o seu pai». Pero volvendo ao do gusto, non quixera deixar fóra outro verbo que nos achegaron do Caramiñal, que é o verbo **leiquear**, derivado da palabra inglesa *like* e que segundo a fonte que nolo enviou, case sempre se utiliza en negativo e referido ás persoas. Aí vai un exemplo: «A min ese home non che me leiquea nada».

E se nos deixamos levar por esta corrente, veremos que hai máis anglicismos engastados no noso idioma debido á nosa relación co mar, como por exemplo o **bruso** que é como moita xente polo Barbanza lle chama ao cepillo; e pola zona da Mariña e de Ferrolterra moitas veces falan de ir como un **filispín** cando queren ir a toda velocidade que é o que significa *full speed*, de onde deriva.

Claro que para expresar a velocidade á que se ten que realizar unha acción non precisaríamos de achegas externas, porque ademais das máis coñecidas e populares por toda a nosa xeografía, por diferentes zonas de Pontevedra empregan **rau**, e desta maneira poderemos escoitar: «Ponte a chaqueta e rau!». Claro que aquí hai unha incitación á présa que nalgúns casos nin é necesaria para facer unha cousa con rapidez. Cando é así, por Muros utilizan a expresión **nun vira-vira**, por exemplo en: «Esa merenda cómoa eu nun vira-vira». Pola Mariña luguesa, usan ademais o verbo **cebolear** para aplicarllo a aquelas persoas que fan as cousas rapidamente, pero non poñen interese en facelas ben. Por exemplo: «Non ten ganas de facer boa letra, sempre cebolea cando escribe para acabar pronto».

Pero van tan unidas rapidez e velocidade, que quizais estea ben amosar palabras como **estorroar**, que se ben noutros sitios se aplica só co significado de desfacer cotellóns, no Courel aplícanlla a quen conduce un auto a moita velocidade, polo que podemos escoitar: «Estorróalle ao coche que dá medo». E, cousa curiosa, por unha ampla zona de Pontevedra utilízase unha expresión que normalmente ten un significado case oposto que é **a catro pés**, co significado de a toda velocidade.

E seguindo cos pés, pero con tres na vez de catro, temos a **estrípea**, que así lle chaman pola zona de Cambre a ese utensilio comunmente coñecido por trespés a secas, de forma triangular e sobre o que se poñen as tixolas e as perolas. Continuando por esa parte, pero do noso corpo humano, non quero perder a ocasión de poñer nos ouvidos que escoitan o verbo **prensilar** que alguén nos mandou da zona de Mazaricos e que ten que ver con agarrar algo engruñando as dedas. Por exemplo: «O bebé prensilou as sabas cos dedos dos pés».

Mais, subindo polo pé arriba, chegamos á perna, e descubrimos que ata o xeonllo os de Bergantiños chámanlle **xamba**, tanto se é de animal como de persoa. E aínda que sabemos que na parte posterior desa xamba das persoas está o que comunmente coñecemos por sofraxe, o certo é que pola zona de Ponte Caldelas denomínana **ventrecha**. Pero relacionado coas extremidades inferiores tamén hai un verbo bonito e moi escoitado por min, pois é bastante usado na Mariña. Refirome ao verbo **estrincar** que significa facer forza coas pernas ao estiralas, e así pode alguén

ouvir por exemplo: «Eu tiraba pola correa do can, pero el estrincaba e non fun quen de traelo para aquí». Por Muxía en cambio teñen o verbo **esperrecharse**, que vén sendo abrirse de pernas, estricarse, pero tamén rirse moito.

Para iso de abrir, segundo o que sexa, utilízanse diferentes palabras: abrir ou dilatar demasiado un buraco no Courel é **esnabarcar**, e en Muxía a abrir á metade a cabeza do congro para facerlle un oco e colgalo no banco chámasele **esmonifar**, mentres que en Navia de Suarna a abrir moito os ollos díselles **estartamelar**. E sen deixar de falar de aberturas, pola zona de Carnota, á abertura que levan algúnhas saias chámalle **garghelo**, mentres que pola zona de Manzaneda se algún portal ou algunha fiestra só está entreaberto/a, dise que están ou **sochouso** ou **sochousa**.

Cando unha porta está entreaberta ou sochousa e se move por efecto do ar, pode producirnos medo ata facernos tremer ou, como din pola Mariña luguesa, facernos **cucar**, e por iso podemos escoitar: «Por aí non te metas de noite, que non hai luz e cucas co medo». Cucar é desas palabras, deses verbos, que tanto vale para un roto coma para un descosido. Este significado de tremer non estaba nos dicionarios aínda que a palabra aparece con estoutros (e seguro que non os vou dicir todos): facer burla, non deixarse enganar, caducar un asunto, morrer, desagradar, cantar o cuco, campar, figurar facendo ostentación, gustar, agradar, bicar, dar por rematado, alzarse unha cabalería das mans e tirar o xinete, albiscar, asexar, chegar coa bola á cuca –que no xogo de birlos e unha raia a onde ten que chegar a bóla para non perder–... Pois ben, malia todo iso que estaba recollido e malia o significado que nós anotamos no noso glosario, aínda tiña outro significado sen recoller, porque cucar tamén significa, sen saír da Mariña, teren as fabas o verme, así que por Burela, por exemplo, alguén pode escoitar: «Se queres que non che cuquen as fabas, méteas no conxelador».

O conxelador lévanos a pensar no frío e nalgúns días de inverno, e por Xove cando aparece un deses días grises, fríos e tristesiros dáselles o cualificativo de **suédrego**, mentres que pola comarca do Condado podemos escoitar a palabra **fatana** referida ás folerpas de neve. Seguindo co frío como leitmotiv atopamos pola zona de Navia de Suarna a palabra **escouria** para definir o vento frío e seco, unha palabra que sería sinónima das máis comúns carbeso ou guilsa.

E metidos no tema meteorolóxico, toda a xente de Galiza sabemos a cantidade de nomes que temos para a chuvia e todo o que está arredor dela, pero aínda que moitos están rexistrados, o caso é que faltaba por exemplo outro verbo para a chuvia miúda, sinónimo de barruzar, chuviñar e tantos outros. Pola Mariña pódese escoitar para o caso o verbo **boubizar**, e por algúns lugares da Terra Cha podemos escoitar falar de **morrón** para referirse a esa chuvia feble, case brétema, que tamén chamamos zarzallada. Pola zona da Cañiza cando hai unha escampada logo da chuvia, podemos escoitar: «Á tarde vou sulfatar, que parece que vai enxeirar». **Enxeirar** pois, é o verbo que empregan para anunciar unha bonanza meteorolóxica por aquelas terras do xamón, mentres que onde fan a Festa do Ovo, alí por Pazos de Borbén, pode escoitarse a palabra **delouro** que é o nome que se lle dá a un intervalo de descanso da chuvia. Neses intervalos, ás veces ata asoma o sol e se estamos pola bisbarra de Bergantiños, pode que escoitemos a palabra **xandusco** referida a iso que xeralmente chamamos raiola. Cando está anubrado e inestábel pero aínda así vai calor, por Muxía din que hai **momaseira**.

E sabido é que nesos días tan pesados e apampadores o único que apetece é durmir ou polo menos botar unha soneca, e podes quedar durmido ata sentado. Unha situación que no Courel definen como **encornar**, polo que alguén pode dicir: «Manolo viña tan canso, que sentou nesa cadeira e deseguida encornou». Xa na cama, ao feito de conciliar o sono, de adormecer, polo Morrazo chámalle **enxarecer**, pero fóra das horas propias do descanso un **enxarecido** é un fulano adurmiñado ou amorriñado ou enfadado. E, como se sabe, os nenos pequenos tardan ás veces en prender no sono, polo que ás veces hai que adormecelos no colo, unha acción que por Ramirás definen co verbo **acocorar**, e así pódese escoitar: «Todas as noites acocoraba a filla cunha canción dos seus avós». E para que se vexa que aquí temos recursos lingüísticos incluso

para o jet lag, cando unha persoa está desvelada, cando alguén non pode durmir, dise que está **trasbordada**.

E coido que aínda que non sexa hora de durmir, si que é un momento perfecto para que eu deixe descansar este auditorio desexándolles **manaías** a todos, como farían por Navia de Suarna ou polos Ancares, que con esa palabra tan bonita desexan sorte neses lugares.

Pero antes de despedirme de todo quero agradecer á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que puxese os medios para que este proxecto fose viábel e chegase a ser o que hoxe é, así como á Área de Cultura da Deputación de Lugo polo patrocinio desta sección, e a todos os contribuíntes que nos enviaron e nos seguen a enviar palabras.





## Saber o seu nome sen perder a súa voz (mesa redonda)

*Modera: Antonio Reigosa*

*Participan: Xulia Marqués Valea e Isidro Novo*

### **Moderador**

Unha vez presentadas as persoas que participan na mesa e o tema a tratar, convídase a relatores e asistentes a intervir, preguntar e opinar cando consideren oportuno, pois o obxectivo é que estas actas recollan o sentir do conxunto dos presentes.

### **Intervención desde o público (Toño Núñez)**

Introduce a expresión *Manaia sexades vós* co significado de benzón ou parabéns para a organización e participantes na Xornada.

A seguir comenta, referíndose a un dito que Xulia Marqués usou no seu relatorio, que o seu pai dicía «O nome faino a persoa».

### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

Xulia lembra que o dito que ela usou, tirado de *Diccionario dos nomes*, era «O nome fai o home», pero conclúe que se o pai da persoa que intervén dicía doutra maneira, seguro que se di desa e non como ela dixo.

### **Intervención desde o público (Toño Núñez)**

A seguir comenta un caso sucedido na súa familia e que ten que ver coa carga simbólica dos nomes. Na familia houbo unha muller chamada Raquel que padecía unha discapacidade importante. Cando naceu a filla dunha curmá os pais quixeron poñerlle de nome Raquel, pretensión á que se opuxo a nai da prima. Pero a decisión dos pais da criatura que ía nacer prevaleceu e cando naceu a nena chamouse Raquel. Mais a nena ao nacer tamén presentaba unha discapacidade, o que provocou que a súa avoa, a nai da nai do bebé, pasase o resto da súa vida culpando a filla e o xenro de que Raquel arrastrase canda o seu nome a invalidez daqueloutra Raquel.

No referido aos alcumes comenta que coñeceu xente moi creativa, en concreto unha persoa que tiña unha facilidade enorme para alcumar a toda a xente da contorna, como foi o caso dun rapaz do seu concello e da súa idade, que lle chamaban Catana.

Cre sen embargo que, a causa da globalización e da uniformidade, a xente perdeu esa capacidade creativa tamén nestes asuntos, e agora está de moda alcumar con nomes doutras culturas.

### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

En canto aos alcumes confirma que nacen do enxeño ou da inventiva popular, e que tiñan o seu caldo de cultivo nas dinámicas das sociedades rurais tradicionais. Cre que segue habendo inventiva pero que se reduciron tantos os alcumes das persoas como os nomes das casas. E que eran creados por persoas cunha habilidade ou capacidade creativa superior á media. Ás veces tiñan éxito social e outras non; había moitos factores que influían.

### **Intervención desde o público (Toño Núñez)**

O interviniente, mestre de profesión, comenta que lle pide ao seu alumnado que na ficha de datos escriba, antes do seu nome, o da casa á que pertencen. E que está constatando que cada vez hai menos casas con nome, que o tipo de vivendas inflúe nesa circunstancia.

### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

Confirma o dito e xustifícao pola translación da poboación a núcleos semiurbanos ou periurbanos. E que todo isto inflúe nas relacións sociais, de maneira que esas denominacións das casas familiares, moitas veces informais, desaparecen.

Comenta que existe un libro da autoría da profesora Patricia Arias Chachero no que, en colaboración co seu alumnado do instituto, recolle alcumes e sobrenomes do Grove.

A orixe deses alcumes está, xeralmente, nunha eiva, na forma de comportarse, no aspecto físico...

### **Intervención desde o público (M<sup>a</sup> Rosario Soto)**

Para facer un comentario sobre a familia léxica de dúas palabras citadas por Isidro Novo na súa exposición. As palabras son *abarqueiro* e *esnabarqueiro*, e lembra que súa nai, que era de Valdeorras dicía –referíndose á roupa ou ao calzado– «Parecen abarcas», no sentido de levar esa prenda moi frouxa. Por tanto, opina que pode ter que ver con *abarcas*.

### **Intervención desde o público**

A persoa intervén para achegar palabras da súa zona, concellos de Riotorto e A Pontenova, provincia de Lugo. Por alí din que *trapea* cando neva con folerpas grosas. *Estorroñamos os faragullos*, isto é, fritímolos ata o punto de queimado (os faragullos son enfariñados que se fan con filloas gordas). *Merdán*, como *ad hominer*. «Es un merdán». *Es un palistroque*, ou sexa, como un garabullo mal feito. *Ser escutifino*, que é o mesmo que *ser tiquismiquis*. *Ser un cuzo* ou *Ser unha cuza*, isto é, ser como un can.

*Demoucar*, podar as pólas das árbores. *Escónzaro*, por escáncer, réptil non venenoso. Os vellos dicían *Ser un Muza* (polo líder militar musulmán) para referirse á xente que é moi moura de pel.

E engadiu outras varias palabras e expresións de uso local que prometeu enviar para o arquivo de *Palabras con Memoria* da web da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

### **Intervención desde o público**

Comenta que é natural do concello das Nogais, e afirma que alí din que cando alguén se mira ao espello *espéllase*. E que se usa a expresión *Ir a requicho* cando se leva un neno sobre os ombros ou ás cabaliñas. Tamén comenta algunhas outras palabras e expresións que se incorporarán ao arquivo de *Palabras con Memoria* da web da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

Comenta a expresión *Botar un capio* e comenta como nos traballos que realizan no seu centro en Vedra, zona vitivinícola, recibiron a visita dun profesor que lle explicou ao alumnado os tipos de uva e o vocabulario relacionado con esa actividade. E entre as expresións que se comentaron estaba esta co sentido de axudar, de botar unha man. O capio é a atadura –para atar as videiras soe usarse vimbio– que se fai na vide para que as ramas non se derramen.

### **Intervención desde o público (Manuel Barreiro)**


Na súa comarca de orixe, terras de Outeiro de Rei, comenta que había persoas moi ocorrentes creando alcumes. E en canto a denominacións de xogos populares achega *A churra monta na burra*, pasatempo que consistía en saltar por enriba doutros, cantos máis mellor. Tamén comenta a palabra *fachinelo* co significado de burato ou armario de pequeno tamaño. En canto aos nomes das casas que se van perdendo propón que se lles pode dar continuidade usándoos como identificador nas redes sociais. En canto aos topónimos anota un da súa zona, Fompedriña, que deu lugar a un apelido só localizado no concello de orixe e no de Lugo.

### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

Xulia comenta que para coñecer esa distribución dos apelidos polos distintos concellos é recomendable consultar en internet ‘Cartografía dos apelidos de Galicia’.

### **Intervención desde o público**

Toma a palabra para preguntarlle a Xulia Marqués se recolleu ou investigou os nomes que acaban sendo cualificativos, normalmente pexorativos ou usados como insulto. E comenta algúns exemplos escoitados á súa avoa como *Ser un Tiburcio*, cando alguén é limitado, curto de entendemento. Ou, outro, *Facer as cousas como Manolo do Casal*, expresión que indicaba que esa persoa estaba un algo trastornada. Un e outro, ao parecer, foron persoas reais.





### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

Comenta que ela non se parou nese tipo de expresións posto que hai outro relatorio que se centra na fraseoloxía. Pero ademais, tocar ese e outros apartados sería imposible nun tempo limitado como o previsto para cada relatorio.

Fai alusión aos topónimos que pasaron a nomes de persoas como vía de renovación antroponímica nos anos finais do século XX e nos primeiros do XXI. Pero non falou, por falta de tempo, do caso inverso, dos nomes de persoa que pasaron a denominar vilas e lugares, e que noutros tempos da historia foron bastante comúns. Sería imposible condensar tan ampla información en tan pouco tempo.

Hai moitos aspectos que non se puideron tratar por falta de tempo. Comenta que a súa liña de investigación se centra arredor da toponimia, e que no referido á antroponimia publicou *Enredando nos antropónimos*, que xa ten unha versión dixital incrementada con novos exercicios, libro dirixido a profesorado que desexe traballar a materia co alumnado de 5º e 6º de Primaria así como o primeiro nivel da ESO. O enfoque é ludolinguístico, cunha lectura inicial dun texto de Gianni Rodari, actividades de aula, un espazo de xogo no que se recomentan xogos tradicionais e lecturas complementarias. Ademais leva un CD no que e ofrecen todo tipo de recursos para traballar con nomes e apelidos, fontes de información, cómo traballar na aula e experiencias doutros centros de varias comunidades autónomas.

Afortunadamente, desde que se publicou incrementáronse moito tanto as posibilidades de consulta como novos proxectos.

Ofrece aos asistentes contactar con ela para calquera tipo de consulta e intercambio de información.

### **Intervención desde o público**

Ofrécelle a Isidro Novo o envío de palabras para o arquivo *Palabras con Memoria*, e comenta que temos unha lingua tan rica que nalgúns lugares do concello de Punxín para animar as vacas a que beban díselles *agruch*.

### **Intervención de Isidro Novo**

Pois –di Isidro– o idioma das vacas hai que respectalo como o dos seres humanos.

### **Intervención de moderador**

Para informar de que a xornada ten un tempo limitado e que resulta imposible atender todas as posibles fronteiras que demanda a ampla materia tratada.

### **Intervención desde o público**

Pide a palabra para comentar unha anécdota. Di que é de Vilaxoán de Arousa e que alí aínda se usan moito os alcumes familiares, aínda que menos que antes. E comenta que hai alcumes que os carga o demo, pois comenta que existiu un matrimonio no que ela era *María de Pixas* e casou con *Juan O Collón*. Non sabe se aínda viven pero causoulles bastantes problemas.

### **Intervención de moderador**

Comenta o caso dunha familia que lles chamaban *Non deixa mamá*, co tempo o alcume vaise reducindo e os que agora viven son *Non deixa*.

### **Intervención de Isidro Novo**

É o mesmo caso que aquel cazador que tiña un can que lle chamaban *Moito comes e moito deixas de comer*, ao final chamáballe *Moito*.

### **Intervención de Xulia Marqués Valea**

Pide a palabra para informar e convidar a visitar a exposición do proxecto «Vedra medra: unha aposta polo patrimonio cultural e inmaterial nun centro educativo do rural galego», un proxecto didáctico premiado na modalidade de educación secundaria na X edición do Premio Didáctico Antón Fraguas e coordinado por ela. O acto de inauguración foi o 4 de novembro de 2017 no Museo do Pobo Galego.

Co agradecemento ás persoas relatoras e asistentes, ponse fin á sesión da mañá.

† PRIMER ANIVERSARIO DE LA SEÑORA  
**Doña Josefa**  
(A muller de Vales de Paderne)







## Presenza de valores antropolóxicos, etnográficos e/ou míticos na fraseoloxía

M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias

### 1. Introducción

En principio, todo ou case todo o que se pode dicir da palabra pódese dicir da frase ou mellor, da *unidade fraseolóxica* (UF de aquí en adiante). Como dicían os neogramáticos do XIX da palabra, usando unha metáfora biolóxica, tamén as UF nacen, crecen, multiplícanse (e xeran variantes) e desaparecen ou morren. Exemplos de UF desaparecidas tomadas das *Cantigas de Santa María* alfonsís:

*Facerlle o bocín a alguén* 'sacarlle a lingua' (CSM, nº 17, v. 72)

*Corre mais que estruz* (CSM, nº 135, v. 122)

*Sacarlle as liñas do seo a alguén* 'desenmascarar?' (CSM, nº 67, v. 63)

Podemos engadir –os que estudamos a presenza de galeguismos fraseolóxicos no español de América sabémolo moi ben– que tamén viaxan, emigran. Logo veremos se teñen outros dereitos ou privilexios, como volver nacer.

A nós aquí e agora interésannos aquelas UF nas que podemos recoñecer aínda valores antropolóxicos, etnográficos, folclóricos en xeral, míticos talvez. Constitúen un tesouro pouco (re)coñecido, pero é un tesouro ao cabo. En canto se percibe a súa luz, o gozo do coñecemento penetra en nós: porque nos sabemos identificar cos seus valores, que son os valores dun pobo, o galego en particular, o hispano en boa medida, un pobo que enraíza no Atlántico europeo, tamén. En Europa, sen máis precisións.

Dinos unha estudosa eslava, Marina Kótova (Kótova 2005: 140), que a estrutura semántica da UF, como a do proverbio, pode presentar con maior ou menor clareza as tres dimensións: a *denotativa* (valor ou uso recto), a *significativa*, que se corresponde co plano alegórico, e a *connotativa*, que se manifesta nos acompañantes semánticos obrigatorios do plano significativo, é dicir, nas asociacións lingüísticas culturais, contextuais. Como exemplo, se nos guiamos só polo plano denotativo, poderíamos pensar que entre estas tres UF:

*Comiches moucho que adiviñaches* (dominio lingüístico-cultural galego)

*Comer merda de adiviño* (dominio lingüístico-cultural sefardí)

*Comer merda de moucho* (Barbeito 2005: 295)

podería haber relacións semánticas, un significado común, e, porén, só a primeira e a segunda coinciden; a terceira, aínda presentando palabras co mesmo uso recto, difire no plano significativo, equivale a 'ser demasiado crédulo'. Esas últimas, as culturolóxicas, son moi valiosas porque en boa medida de aí xorden os vínculos interculturais e planetarios en distinto grao, e porque poden facer da unidade en cuestión un universal fraseolóxico-paremiolóxico. Por exemplo, *tocar madeira* (sabemos que se di en galego, castelán, portugués, francés, inglés...); *casa a raposa* 'estraños connubios: sol e chuvia', universal relativamente estendido, é facilmente documentable en Europa, como o demostra Xesús Ferro (2007); ou o proverbio *O peixe grande come o pequeno*, un universal de primeiro grao, porque se documenta nun número altísimo de linguas e dominios culturais do planeta.

Di aínda Kótova que os proverbios (e UF –engadimos nós) que non están en uso, os esquecidos –que en galego son moitos inda que o esquecemento sexa parcial e a permanencia na memoria viva, xa que logo, sexa local– son xéneros menores do folclore recollidos nas recompilacións, e son de interese esencialmente como obxectos de folclorística e non de lingüística, e engade que o plano connotativo de tales proverbios é totalmente individual para cada receptor concreto. Se non forma parte do acervo do falante perde un sema connotativo básico, o que Permiakov chamara *coñecibilidade común*, trazo básico como dicimos porque consolida a súa función comunicativa e crea as condicións para a súa proxección nun contexto culturolóxico internacional máis amplo.

A coñecibilidade, como a *estabilidade*, parece ser unha característica imprescindible das unidades fraseolóxicas: «*A fraseoloxía como disciplina lingüística, pola contra, ten como obxecto de estudo as unidades fraseolóxicas [...] institucionalizadas e, por tanto, estables*» (Pérez Martínez 2005: 226). Pero as unidades fraseolóxicas tamén son susceptibles dalgunha variación, tanto nos seus elementos integrantes como no seu significado global: e iso é certo para calquera dominio lingüístico-cultural.

Agora ben, cando a *coñecibilidade* e a *estabilidade* son relativas, cando tocan a un fragmento se cadra mínimo de territorio, cando nos enfrontamos a un país, Galicia, cunhas características particulares, un país onde a fragmentación, a dispersión, a multiplicación de variantes locais, a falta secular de normalización lingüística e de norma idiomática común son trazos condicionantes poderosos..., cando todo iso se dá, preguntámonos: deben quedar condenadas ao esquecemento moitas das voces, UF, datos culturais interesantes pero de uso cuantitativo minorizado, condenados necesariamente ao desprezo, ao desinterese e á morte?

Porque a fragmentación, a tendencia á dispersión, a variabilidade é altísima entre nós: danse incluso exemplos de UF con distintos valores segundo esteamos na costa ou no interior: en Portosín-A Coruña, por exemplo, *Ai vai a xouba* ten unha connotación negativa –dise da persoa escorregadiza, pouco fiable–, mentres que no concello das Neves *Ten cara de xouba* denota delgadeza, unha cara afiada; a cosmovisión varía entre a aldea e a cidade: no ámbito urbano a frase *ter pluma, ser home con pluma* ten connotacións sexuais, mentres que entre a xente de pobo non urbana *ser home de pluma* significa que ten estudos.

Ou, pola contra, as verbas, coma os seres humanos –continuando con aquela liña metafórica e bioloxicista que arriba iniciamos– teñen dereito á resurrección, á reencarnación ou, dito en termos menos marcados ideoloxicamente, dereito a unha nova vida, a unha segunda oportunidade? Pensamos, desde logo, que si. Os que amamos en boa medida a tradición como a amaron os membros do Grupo Nós, os que valoramos a irrepetible beleza e vida que cabe nunha humilde frase, creo que nos entendemos neste punto e estamos de acordo. Nesa convicción é na que nos apoiamos para darlle corpo a este traballío.

Casos de resurrección de verbas habelos hainos: pensemos en *azafata*, para o castelán, voz desfasada e obsoleta en canto que era un oficio vinculada ás vellas cortes dos reis, e que cobra nova vida cos avións; ou en *ren*, voz galega claramente medieval que é recuperada polo Grupo

Nós. Mesmo temos comprobado como moitas das UF das nosas publicacións fraseolóxicas (de Carme López Taboada e unha servidora) son retomadas e recobran vida nas páxinas de recentes obras de coñecidos autores, algún dos cales nos teñen confesado que utilizaron con pracer e afán os nosos repertorios fraseolóxicos recuperados.

A fraseoloxía é unha especie de repositorio onde descansa e mora o xenio da lingua, a forma de ser dun pobo, diso non cabe dúbida: o fenómeno fraseolóxico garda estreita relación coa experiencia do grupo, é froito moitas veces da observación directa e intelixente da realidade, e é garante, mostra plástica, da idiosincrasia do pobo. É ademais un compoñente lingüístico fortemente conservador: pode desaparecer a cousa, o elemento extralingüístico, e conservarse igualmente a frase: vémolos co carro, co boi, vémolos en infinitude de frases. Poñamos un par de exemplos: xa non hai bois nos nosos prados, sacrificados pola moderna inseminación artificial, pero persisten dúcias de frases: *Traballar coma un boi*, *Namorar coma un boi*, *Forte coma un boi* etc.; xa non cantan os carros nas corredeiras pero inda dicimos *Ter un carro de paciencia*, *Non vai no meu carro á misa*, *Poñer antes os bois có carro*, *Subirse ao carro*, *Untar o carro* etc; xa non vemos os cegos nas romarías pero consérvase a UF *Non ten para mandar tocar un cego* ‘non ten cartos’; os cemiterios xa non están no adro das igrexas, pero necesitamos recordalo para entender *Vai criar os pitos do abade* ‘criar malvas’.

## 2. O noso corpus

Organizaremos as UF obxecto do noso estudo en cinco subconxuntos: Mitoloxía e materia lendaria, superstición, relixión, etnografía e antropoloxía, e folclore contístico, sen que existan en moitas ocasións límites claros entre esas esferas.

### 2.1. A mitoloxía e a materia lendaria

*Vai feita unha Berenguela* ‘ser moi bonita’ é unha UF ben coñecida entre os habitantes de Compostela (a nós contounola Xesús Ferro e el dinos que é unha lenda de Santiago, de sempre), que remite á lenda da raíña Berenguela, que se unira en matrimonio con Alfonso VII no século XII. Tan fermosa era que Deus lle concede transmitir a súa beleza ao chou na véspera do día de Santiago a unha muller calquera do pobo, a quen ela decida tocar. Moi posiblemente o adxectivo *bringuela* ‘esvelta’, que concorre por exemplo na narrativa de Blanco Amor, sexa unha variante desa *Berenguela* ou da torre así chamada na súa lembranza.

*Empreñar do aire e parir do vento* ‘ser demasiado crédulo’ (conmuta por *crer nos paxariños preñados*). A frase retrotráenos verosimilmente ás crenzas precristiás do occidente ibérico: as eguas lusitanas eran tan veloces que se pensaba que eran fecundadas polo vento do oeste:

*Ningún ignora que en Lusitania, nas proximidades do Olisipo [Lisboa] e das marxes do Têxo, as eguas volven a cara ao vento occidental e quedan fecundadas por el; os poldros así xerados resultan de admirable lixeireza, pero morren antes de cumprir os tres anos.<sup>1</sup>*

*Xa lle pasou o sol pola lúa* (‘xa non é virxe unha muller’), recollida no concello das Neves (Barbeito 2005: 299), parece claramente reflectir un mito cosmogónico estendido por diversas partes do planeta, desde a Polinesia ata o territorio dos indios arapahó que habitaban parte dos EE. UU. actuais: cando converxían nunha eclipse sol e lúa pensaban que copulaban (máis información sobre esta UF en López e Soto 2010: 231).

<sup>1</sup> Plinio, *Naturalis Historiae* 8, 166. Máis información en Alicia M. Canto, en: <http://www.celtiberia.net/es/biblioteca/?id=1060> [data de consulta: 10/10/2017].

*Dar os fíos á tea* ('morrer') (Vázquez Saco 2003: 943, documenta tamén o refrán: *Quen se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos á tea*) e *Irse o fío da vida* parecen remitir ao mito clásico das parcas que tecían e cortaban o fío da vida.

*Estar feito un basilisco / Poñerse coma un basilisco* ('estar ou poñerse moi furioso') son frases que nos falan do animal mitolóxico de todos coñecido, en galego documentado xa de antigo (CSM: nº 189: *madre é do que trillou o basilisqu' e o dragon*).

*Saber máis que Merlín / Ser máis argalleiro ca Merlín* ('ser moi astuto ou moi argalleiro') falan aínda do éxito que tivo entre nós a chamada Materia de Bretaña. É cousa sabida que inda Cunqueiro recordaba os vellos da súa bisbarra falando de Merlín coma quen fala dun persoeiro coñecido, citado polos avós que se cadra non sabían ler pero coñecían a Merlín polas historias de tradición oral. Merlín xa aparece tamén nas CSM (nº 108).

*Mentir máis que Turpin / Ser máis embusteiro que Turpin* ('mentir moito ou ser un gran mentireiro'). Estas frases condúcennos ao dereito á chamada Materia de Francia, ás historias que enalzaban as fazañas de Carlomagno e os seus doce pares. Desde que se escribira en latín aló polo 1145 o *Pseudo Turpin* –retomando o nome do arcebispo de Reims, Turpin, que acompañara o emperador Carlos na campaña contra os sarracenos ao sur de Francia, pasando por Roncesvales e guerreando contra o rei de Zaragoza– moitas traducións e versións se difundiran por Europa, e unha delas entra a formar parte do galego *Códice Calixtino*. A difusión do tema francés, cheo de fantasías e feitos non históricos, chéganos polo Camiño de Santiago.

– *Ai, Roldán, Roldán, e pensar que todas as vacas son túas...* Temos aquí outra frase (oída de maneira moi esporádica na nosa familia en Valencia do Sil, Vilamartín de Valdeorras, Ourense, onde se documenta a lenda de Roldán e a costureira), co valor de 'hai que ver, que cousas pasan...'; a referencia ás vacas préstase a relacionar este heroe épico francés, Rolán, con outras figuras míticas implicadas na posesión ou roubo de gandos, coma Xerión, Caco, Hércules, Cuchulain, a galega raíña Lupa, a irlandesa raíña Maeve etc.

A fraseoloxía das fadas entra tamén neste apartado, sexan as fadas o que fosen: vellas deusas menores ou xenios do lugar, ou especie de anxos femininos de arcaicas mitoloxías europeas: *Quen non esconxura a queimada, non escorrenta as malas fadas* (refrán); *Botarlle a fada a alguén* (ROSA: *A túa Rosa! / ¡A Rosa que agardas! / ¡Saíronche os lobos? / ¡Botáronche a fada? / ¡Responde, Martiño, / qué tés que te calas?*, en Cabanillas 2002: 92); *Poucas son as malas fadas* 'pouco queda, pouco falta' (referido sempre a cousas malas); *Que sexa para as boas fadas* (díselle a un meniño acabado de nacer, a quen desexamos boa fortuna na vida); *Querer a súa mala fada* (conmuta por 'querer o demo / tecelas o demo / a súa mala sorte'); *Ser algo de moi mala fada* etc.

A frase *Ser máis forzado que Hércules* ('ter moita forza', lembremos que as aras votivas a Hércules cóntanse por ducias na península<sup>2</sup>), remite á presenza do heroe da mitoloxía grega entre nós. Pénsese no escudo da Coruña e pénsese no escudo de España onde figuran as columnas de Hércules.

*Estar máis lonxe que California* ('estar moi lonxe', da oralidade, informante nonaxenaria, e xa ela llo oira á súa nai, de Trasdeza). A propia antigüidade da frase levou algún estudoso a pensar

<sup>2</sup> Vid. *Hispania Epigraphica*: [http://eda-bea.es/pub/list.php?refpage=%2Fpub%2Fsearch\\_select.php&quicksearch=hercules](http://eda-bea.es/pub/list.php?refpage=%2Fpub%2Fsearch_select.php&quicksearch=hercules) [data de consulta: 14/10/2017].

no mundo fantástico e lendario das vellas novelas de cabalarías, e non na meca do cine, descoñecida nas nosas aldeas ata onte.

## 2.2. A superstición

Aínda que é imposible delimitar con precisión matemática a esfera da superstición do estritamente relixioso, por comodidade didáctica imos proceder a dividir.

A frase medieval *Avuitor comestes, que adevinhades* do trobador Estevan Coelho acha a súa correspondencia no galego máis actual *Comiches moucho, que adiviñaches* (obsérvese o paralelismo coa frase sefardí *Comió medra de endivino* que se lle di tamén a quen predí o que vai suceder ou descobre cousas ocultas, en Saporta 1978: 50). Ignoramos a orixe desta crenza supersticiosa, o único que podemos establecer moi de pasada é a posible relación coa ornitomanía, a arte de facer predicións a través do comportamento, voo e demais, das aves; en Grecia o máis famoso ornitomántico foi Tiresias, de Tebas, que aparece, por exemplo no canto XI da *Odisea*.

A fraseoloxía do cuco: o cuco e a bubela son heraldos da estación primaveral, anuncian a nova vida, dan continuidade á tradición, á sucesión dos ciclos agrícolas. Dá gusto oír cantar o cuco, e nese sentido enténdese a xénese da UF común en galego *Alegre coma un cuco*. Dise por terras navarras *Más viejo que el cuco*. E en Galicia dicimos *Oíu cantar máis de catro cucos* para aludir a unha persoa que xa viviu moito. Ou *Non oe cantar outro cuco* cando non cremos que unha persoa cumpra outro ano de vida. Mais na etoloxía desta ave tamén entra ser pillabán, xa que pon os ovos en niño alleo, non lle gusta traballar, non é cumpridor, e desde estoutro punto de vista enténdense ben as UF *Traballar para o cuco* (conmuta por *traballar para o inglés* 'en balde') e *Bebelas coma o cuco* 'pasar olímpicamente, pasar de todo' (Vázquez Saco 2003: 943). Hai outro tipo de UF co cuco máis difíciles de interpretar: *Ter que ir buscar o cuco* (recollida dos avós dunha alumna no concello de Teo; variante *Tedes que ir polo cuco*, recollida en Vedra, Fraguas 1993: 22): díselles ao home que non consegue ter fillos no seu matrimonio, en ton humorístico. Cabe unha interpretación maliciosa, do tipo 'vas ter que ir poñer ou buscar en niño alleo'. Por outra parte, o cuco é un paxaro non doado de localizar na fraga, polo que 'buscar o cuco' estaría remarcando a especial dificultade da procreación. E incluso podía verse aquí o cuco como variante da cegoña, portadora de bebés. Inda que, visto como abundan as cantigas onde o cuco fai as súas cousas coa cuca ou a rula, inclinámonos a pensar na interpretación máis obvia: se unha parella non ten fillos terán que aprender máis e mellor do cuco, facer máis e mellor o que el con tanta frecuencia di o cantigueiro que fai: *O cuco a má-la cuca baixanon polo prad'abaixo i o cuco dixolle á cuca si ti caeras por baixo, O cuquiño e mái-la rula iban polo souto abaixo o cuco deull'unha volta meteu a rula debaixo* (TILG). Analizada a UF baixo esta óptica, a expresión *Pagar a renda ao cuco* (*Tódo-los homes casados pagan a renda ó cuco*: cantiga popular, recollida por Luis Tobío, TILG; hai variante en Schubarth e Santamarina: *Tódo-los ben cäsadiños pagan a renda ó cuco*, TILG) significaría simplemente que todo casado debe cumprir co débito conxugal.

Vexamos por último as UF *Botarlle a niñada o cuco a alguén* (Lence-Santar 2000), *Botarlle o cuco as alforxas a alguén* e *Capar o cuco a alguén* (López e Soto 2008), co significado de 'sentir moito sono'. Di Lence-Santar (2000: 182):

*Si un, en aúnas, sinte cucá-lo cuco por vez primeira no ano, queda cucado e, polo mesmo, todo aquel ano terá sono ou fame. Cando esto pasa, no Valadouro din: ¡Ai, io, botouch'a niñada o cuco! Pro sí o que sinteu cucar non estaba en aúnas, o cuco queda cucado.*

Parece estar focalizada a orixe desta frase curiosa, baseada nunha especie de interdicción ou forte superstición relativa á ave, nas terras luguesas –documentase por exemplo, na obra de Lence-Santar, Manuel María, Xabier P. DoCampo e Xosé Miranda. Pensamos primeiro se non



sería unha prohibición ameazadora ou orde de obrigado cumprimento, 'hai que almorzar cedo: non se pode saír da casa sen almorzar, en caso contrario o cuco vaite capar', xurdida na linguaxe educativa dos pais aos fillos, pero logo vimos noutro lugar (Abraira 2003) que as consecuencias de pillar o cuco un ser humano en xaxún podían ser tan graves coma a morte. De onde máis ben parece deducirse unha orixe ancestral –na noite dos agoiros coas aves– para esta especie de maldición ou praga cuqueira.

*Tocar madeira*: a súa concorrencia en galego non é tan frecuente como en castelán. Non coñecemos estudos sobre o seu uso en Galicia, si observamos que se documenta máis a variante *Deixame que toque madeira*; tamén se documenta a paralela *Tocar ferro*<sup>3</sup>, presente tamén en castelán (CORDE) e de uso dominante en Italia. Inda así, esta UF parece un universal somático-fraseolóxico: logramos documentala no dominio lingüístico-cultural do español, portugués, inglés, francés, sueco, alemán, búlgaro, turco, árabe (de Marrocos canto menos), israelí e hindú (informante de Nova Delhi). Sobre a orixe da UF con madeira (a do ferro está suficiente e convincentemente explicada en Frazer 2003) a literatura ao respecto móvese basicamente en dúas esferas: unha, vincular o concepto directamente con vellos cultos ás árbores; dúas, vincularlo directamente ao madeiro por antonomasia, á cruz de Cristo (culto polas reliquias, neste caso por un anaquiño da cruz, Brunetti 2012: 78). A extensión planetaria da UF, a súa presenza en áreas non cristiás, fainos decantar pola primeira hipótese: no dominio cultural hebreo pénsase na Mesuzá, unha especie de caixiña alongada que garda dentro un texto da tora, onde se relembra que toda persoa debe ter a Deus presente en todo momento. A Mesuzá, un obxecto con claro valor apotropaico, poñíase na xamba, na porta de entrada nas casas, e era tocada cando se pasaba (datos facilitados por un funcionario do departamento de cultura da embaixada israelí de Madrid, a quen moito lle agradecemos a información). Entre nós, usamos a frase para conxurar un mal, cando queremos que algo pensado ou mentado non suceda (aquí *toca madeira* é sinónimo de *Meigas fóra*) e máis tamén usamos a frase cando coincidimos dicindo a mesma palabra ou frase ao mesmo tempo. Este segundo uso non é tan universal coma o primeiro.

As meigas: *O tempo das meigas* 'un tempo moi antigo', *Arden as meigas* 'vai moita calor' (oída na nosa familia política dezá, bo exemplo da pervivencia dentro da fraseoloxía da memoria colectiva, da memoria histórica), *Meigas fóra!* (esconxuro), *Parecer que o viu unha meiga* (dise cando se sucede a mala sorte ou cando un está moi desmellorado), *Botar o mal de ollo* etc.

*Si pasas por debaixo do pau, non medras máis* (Vázquez Saco 2003: 805, xa dá este refrán baixo o epígrafe de *supersticioso*).

Hai unha serie de recitativos propiciatorios e de adiviñación con animais que entran neste epígrafe: *Garrida bonita, garrida bonita* (propiciatorio, para a donicela; tamén os hai de prevención contra ela, do tipo: *Se che morde unha dornicela busca viño e busca terra, que mañá irás pra ela*, recitativo este moi interesante –de Trasdeza– porque, á parte do que viñamos dicindo, proba unha vez máis que os nosos antepasados crían que a morte era unha nova vida, e con iso pódese levar alimentos á tumba, viño neste caso [Vid. “O outro mundo na tradición popular galega”, García 2004: 199-204]); *Xuaniña, rei, rei, pra onde ti voes eu me casarei*; *Margaritiña, margaritón, di se mañá irá sol ou non* (de adiviñación, co insecto coccinélido); *Cuco rei, cuco rei, cantos anos vivirei*; *Cuco cuco, rabo de escoba, cantos anos faltan pra miña voda*; *Cuco cuquelo, rabo de estelo ¿cantos anos me botas pra o meu enterro?* (de adiviñación).

3 Agradecemos a Domingo Villar a seguinte información: «Foi un mariñeiro veterano de Panxón (alcumado Pepe o Bravo) quen me contou, entre outras moitas historias mariñeiras, que na mar adoitábase tocar ferro (madeira había por todas partes, pois os barcos eran todos de madeira) para espantar o mal de ollo».

Outras supersticións climatolóxicas: *Ano de nocas, ano de voces, Ano de moras, ano de choros, Ano de peras, ano de fame, Ano de moscas, ano de millo* etc.

A lúa: *Andar coa lúa, Andar ou estar de mala lúa, Tèr lúa, Faltarlle unha lúa, Pasar ou ir por lúa* (todas indican malos humores ou estados psíquicos condicionados polo astro). Aos alimentos como as patacas ou o touciño dise que *lles dá a lúa* cando se poñen mal, amarelean etc. Nalgunhas culturas pénsase que é malo *tomar a lúa* porque saen manchas na cara (información da nosa avoa materna, que viviu longos anos na Maia, provincia de Oriente, Cuba; era crenza estendida entre as mulleres afrocubanas). *Ser cortado / tallado en boa lúa* pondera a fortaleza física, a boa saúde; coma a madeira, que debe ser cortada coa lúa propicia. As UF *Zúa, que hai boa lúa* 'arreando, en marcha' e *Imos indo* ou *Ímola virando, que hai boa lúa* (informante de Mugardos) reflicten antigas crenzas de necesitar o home moverse consultando se a lúa é propicia.

### 2.3. A relixión

Noutro lugar (López e Soto 2010) estudamos unha serie de UF, exactamente 18, cuxa orixe estaba na Biblia ou na fe cristiá en xeral e católica en concreto. A aquelas poderíamos engadir outras tantas: *O tempo de Adán, Vello coma Adán* ou *Matusalén, Xesús, María e Xosé!* (*canto máis vai, peor é*); *Estar coma os cans na misa, Vaiche na misa en Conxo, Calado coma na misa, Á misa vaíse por toques* 'métete onde te chamen'; *A misa que a diga o crego, Aínda está a misa no crego, Pola alma dos seus defuntiños; Non saber da misa a media, Non durar a misa máis que o crego, Ir á misa o que un di, Que digan misa bendita, Botar a vida de Noé* 'tardar moito'; *Non valer o sal do bautizo* etc.

Son incontables as UF e refráns sobre cregos e frades e outros xerarcas da igrexa, paradigma de comellóns, vividores e pedichóns, e en ocasións, mal pagadores: *Traballar para o bispo* 'en balde'; *Terlle tanto medo coma o bispo aos cregos, Comer ou vivir coma un crego* ou *coma un abade* etc.

Sen contar as UF que conteñen *Deus* como núcleo semántico ou palabra clave (no *Dicionario fraseolóxico bilingüe galego-castelán e castelán-galego*, en preparación, de López Taboada e Soto Arias, contabilizamos 106 entradas). Coa voz *Demo* como entrada contabilizamos algunhas menos, 90. Hai algún caso curioso que nos indica como se produce un proceso de aculturación: a un estrato cultural precristián vemos como se lle sobrepón o estrato cristianizador monoteísta, e así *Deus che dea boa fada*. Nun sentido paralelo, a UF *Está Deus enfadado*, que se di cando trona, implica un estrato cultural precristián: un deus máximo cal Xúpiter tronante, concibido a imaxe e semellanza do ser humano, coas súas mesmas ou parecidas paixóns. E hai tamén casos enigmáticos, como a UF *O das zapatillas*, referida ao demo. Emilio Montero (1981:112), estudoso dos eufemismos galegos, reconece non ter explicación para esa frase. A nós ocorrensenos dúas posibilidades: unha, necesita as zapatillas para tapar os seus pés deformes (é frecuente que apareza mentado como *o patexo, o patanexo*, con pés deformes –ou coxo, maltrato de perna e pé, tras a forte caída–, en forma de pata de galo ou de cabra); dúas, quizais haxa aí unha reminiscencia do vello deus Lug<sup>4</sup>. Sabemos pola famosa inscrición de Uxama Argaela<sup>5</sup> que era patrón dos zapateiros. No *Mabinogion* é chamado «un dos tres zapateiros dourados», e tamén

4 O teónimo Lug parece que é o epónimo de Lugo, o asturiano Lugones e un par de ducias de topónimos máis en Europa; hai aras votivas dedicadas polos luggoni en Asturias. En Galicia acháronse, ata o momento, cinco aras dedicadas a este deus, as cinco na actual provincia de Lugo (Brañas 2007: 402).

5 *Lugovibus / sacrum / L(ucius) L(icinius) Urci/co colle/gio sutoru/m d(onum) d(at)* (en *Hispania Epigraphica*: [http://eda-bea.es/pub/list.php?refpage=%2Fpub%2Fsearch\\_select.php&quicksearch=uxama](http://eda-bea.es/pub/list.php?refpage=%2Fpub%2Fsearch_select.php&quicksearch=uxama) [data de consulta: 14/10/2017]).

«zapateiro divino». El mesmo aparece na tradición galesa serodia desempeñando o oficio de zapateiro. As zapatillas, no canto de zapatos, serían un indicador máis da degradación que sofren os vellos deuses ao seren demonizados.

As UF con advocacións ou mencións aos santos son igualmente numerosas. Algunhas dignas de seren subliñadas porque reforzan canto se dixo a propósito da fraseoloxía como gardadora da idiosincrasia dun pobo, das súas tradicións e costumes: así, nós dicimos dunha persoa que sempre está caendo ou sufrindo golpes que *parece o santo dos croques*.

Vexamos algún exemplo de fraseoloxía cos santos. Por exemplo os casamenteiros, presentes en Rosalía: *San Antonio bendito me valla, pra dar-me un home anque sea de palla* (Vázquez Saco 2003: 942). Ou estoutros: *Santa Apolonia che faiga nacer axiña a moa do xuicio!* (dillo a señora Maripepa á filla en *Os evanxeos da risa absoluta*, de A. Villar Ponte; lembremos que Apolonia é avogosa nos problemas de dentes e moas). *Santa Bárbara bendita...*, cando trona; *Santa Lucía che conserve a vista*; *Santa Rita, santa Rita, o que se dá non se quita* (variante: *Santa Roca, o que se dá non se troca*, Vázquez Saco 2003: 987). Hai algún refrán que reforza o cumprimento do terceiro mandamento da Igrexa, que manda santificar as festas sen traballar: *O vintedous de xaneiro, san Vicente Ferreiro, quen traballa neste día fai da casa un pardiñeiro*; *A paxariña que o día da Ascensión menea os ovos quedánlle golos*. E noutra orde de cousas, cando un se atragoa dicimos *San Blas bendito che valla!* (Ferro 1992: 171); en catalán din *Sant Blai, Sant Blai gloriós deixa el xiquet i endus-te la tos* [San Brais, San Brais glorioso, deixa o rapaz e sácalle a tose], e en Navarra *San Blas, adelante o atrás*, tamén cando un se atragoa. A invocación a san Brais como a Xesús, cuxo nome tamén se di cando alguén esbirra, funciona como funcionaban antes do cristianismo os ritos expulsa-demos: cando alguén esbirra abre a porta aos demos –ou quizais os expulsa de dentro, ambos enfoques caben– e así se xustifica a invocación a Xesús ou san Brais, capaces de vencer os demos. En estreita relación está o feito de cuspir para expulsar demos, un rito que recolle Frazer entre os xitanos da Europa meridional (Frazer 2003: 641). Outra frase común cando esbirramos é *Deus te axude!* En xeral, se observamos toda a fraseoloxía que enfoca a omnipotencia de Deus, o ceo, o plano de arriba, como positivo, fronte á maldade do demo –excepción feita da coñecida frase proverbial *Deus é bo e o demo non é malo*, moi estudada xa pola antropoloxía– e o inferno, plano de abaixo, como negativo, podemos concluír que temos un enfoque lingüístico-fraseolóxico universal (aínda que sexa un universal de segundo grao, pois non todas as culturas do planeta comparten esa escatoloxía). Quizais mereza mención especial a UF *Poder recibir a Deus* (documentada no concello das Neves) ‘estar sen almorzar’: implica un coñecemento de normas impostas pola Igrexa católica que hoxe xa non están en vigor; unha proba máis da existencia de connotacións culturoolóxicas arredor do núcleo fraseolóxico.

O concepto de pecado, moi familiar para a nosa xeración –e tamén para as anteriores–, xoga igualmente o seu papel á hora de xerar fraseoloxía: *Malo coma o pecado* (onde conmuta por *peste / veneno* etc.); *Feo coma un pecado*; *É un pecado* ‘é unha mágoa’; *Darlle pan habendo merda é un pecado* (díselle aos desagradecidos); *Dise o pecado pero non o pecador*; *Negro coma os pecados*; *Vivir en pecado* ‘convivir unha parella sen estaren casados’ (exemplo de UF en retroceso) etc.

Subxace só o cristianismo baixo a capa das UF coa dialéctica ceo/inferno? Na análise dalgunhas unidades percibimos outras pervivencias: *Caer os cangos do ceo*, por exemplo. Inda sendo sinónima de *Caer o mundo enriba*, a UF galega presenta unha plasticidade ou expresividade moito máis efectiva: vemos case literalmente o ceo sostido polos cangos, especie de trabes (sempre míticas: lembremos as numerosas lendas, que parecen mitos fundacionais, de creación do mundo, sostido pola trabe de ouro e pola de alcatrán); e vemos tamén nesa imaxe de ceo sostido por cangos que caen, que se veñen abaixo, aquela cosmogonía celtoeuropea. É moi

coñecida a anécdota de Alexandre Magno cando lles pregunta a varios galos que é o que temen e eles responden que só temen «que o ceo caia sobre as nosas cabezas» (Vega 1992: 8).

*Sete oficios tiña Adán e ningún lle daba pan* (variante: *Sete oficios ten Adán e de ningún saca pan*, Vázquez Saco 2003: 639, nº 16941; nos núms. 16797-16800 hai novas variantes con Mazaricón, Pericón e Xan no canto de Adán pero sen o sete). Sempre pensamos que é importante ese simbolismo, o do sete. Na epopea irlandesa, cando Lug (ou Lugh), heroe épico-divindade solar, destinado a liberar o pobo de Dana da escravitude, chega ás portas de Tara e o gardián do pazo lle pregunta antes de deixalo entrar que é o que sabe facer, Lug respóndelle sucesivamente dicíndolle que é carpinteiro, ferreiro, poeta, arpista, home de ciencia, médico e outros oficios (Rolleston 1995: 94-95). É unha pasaxe fundamental na vida de Lug: dáse por primeira vez a coñecer ao mundo e faino subliñando os seus oficios, en número clave (sexan 12 ou 7, pero na mitoloxía como na paremioloxía e fraseoloxía galegas o sete non é gratuito, senón fortemente simbólico; temos recollido ducias de UF e paremias con ese número). Se a nosa asociación se aceptase, *Adán* implicaría cristianización dun vello esquema de valores teolóxicos, aínda que se conservaría o sema de 'primeiro entre os homes'.

A medio camiño entre pervivencia doutras relixións ou supersticións sen máis aparece esta paremia: *O que mata unha abella ten cen anos de pena* (onde a abella conmuta pola *avelaiña*): cría a xente do pobo que as almas dos defuntiños se reencarnan nestes insectos, en paralelo ao tabú de pisar os bichos que se arrastran polo chan cando peregrinamos ao santo André de Teixido. Trátase talvez dun vestixio da metempsicose, druídica ou non.

#### **2.4. A etnografía e a antropoloxía**

Pervivencia de ritos agrarios: *A aña*. No DdD documéntase *meter a cría* 'adiantar nalgunha faena ao que traballa ao lado', *meter o burro* 'acabar un labor agrícola antes que o veciño'. Tamén documentamos o nome de *Pedro* –un posible eufemismo polo lobo– para os últimos mollos na malla (González Pérez 1991: 140). Por terras de Deza usábase a frase *Botarlle a aña a alguén*: «Cando acababas de sachar ou de segar o primeiro que acababa botáballe a aña ao outro» (informante nonaxenario de Bendoiro, Lalín). «Cando se sachaba o millo o que chegaba antes ao cabo dicía: *ala!*, boteiche a aña ou boteiche o burro!, *porque acabou antes cós outros*» (informante sesaxenaria de Laro, Silleda). «Cando xogabamos na carballeira á pillada, andabamos os us detrás dos outros e cando pillabas a un dicíaslle, e tocábaslle no ombreiro, aña!, e logo a ese, se non encontraba a quen pillar, dicíaslle quedaches coa aña!, quedaches coa aña!» (ao preguntarlle aos nosos informantes, de 53 anos un deles, de Cortegada, Silleda, se o que quedaba coa aña era o que pandaba, dime que el non usaba a voz *pandar*, eles dicían *levar* ou *ter a aña*). Ao noso entender o uso primeiro, ou uso recto, é o que toca ao labor agrícola. Logo, no xogo, hai aí unha apropiación infantil dunha formulación mítico-ritual previa. Da linguaxe adulta pasa a fraseoloxía da aña á linguaxe infantil, periférica, "residual" podíamos dicir. A orixe desta fraseoloxía lévanos aos ritos agrarios, propiciatorios ou simplemente máxicos, que se documentan moi ben en Europa e que están ben estudados por Frazer (2003: 516 e ss.) e Alonso Romero (1993-94). O animal –aña, burro, lobo ou raposa, e incluso o grilo– simboliza o espírito do gran. Os ritos analizados polo antropólogo escocés son moi arcaicos e remóntanse probablemente ao nacemento das sociedades agrarias en Europa. No noso eido cultural, galaico, non só temos concomitancias –con respecto ás áreas europeas que Frazer estudou– na forma concreta de animal que adopta o espírito do gran, temos incluso estruturas lingüísticas concomitantes coas que recolleu Frazer en distintos lugares de Europa (co verbo *ter*, *ten a aña*, ou co verbo *ir*, *o lobo da malla vai co derradeiro feixe*, vid. Xaquín Lorenzo: "O espírito da mes en Lobeira (Ourense)", en García 2004: 153-162), e temos actitudes de mofa ou actitudes competitivas, por ver quen

traballa máis e máis rápido, semellantes. Posiblemente haxa que partir deste valor ritual da voz *aña* para entender a xénese das frases locais *Poñerse ao año* ‘poñerse mans á obra’, *Botar a aña fóra* ‘esforzarse moito no traballo’ e *Sacar boa aña* ‘sacar ou obter proveito’.

As xestas: en moitas partes de Galicia subsisten varios curiosos costumes relacionados con ese arbusto. Por terras noiesas ao chegar maio colócanse ramiños de xesta nos coches e nas xanelas das casas contra o mal de ollo; noutros lugares (arredores do santuario de Amil, arredores da fervenza do Toxa, Pontevedra) aínda se anoan as pólas da xesta para propiciar a boa sorte ou para encontrar parella con que unirse. Tendo isto en conta quizais se entenda mellor a presenza da xesta na fraseoloxía: onde o castelán di *No es la purga de Benito*, en galego pódese dicir *Non é xesta de pasar e varrer*; tamén dicimos *Ser coma unha xesta (varredoira)* ‘ser un remedio moi eficaz’.

Os biosbardos: todos coñecemos a riquísima fraseoloxía cos biosbardos e variantes. *Andar* ou *asubiarlle aos biosbardos*, *Pensar* ou *estar nos biosbardos* ‘estar despistado ou perder o tempo’; (*Mandar a*) *cazar biosbardos* ou *gazafellos* ou *pibardos* ‘perder o tempo’ ou ‘mandar á porra a quen nos amola’; *Crer nos biosbardos* ‘ser moi crédulo’; *Andar a gamusinos* ‘andar de diversión’ (en Viana do Bolo). A presenza na fala e na literatura destes animais fantásticos documéntase –coa forma *gamusinos*– en boa parte do norte de España. Forman parte de noso coma unha tradición lúdico-etnográfica sen máis? Hai aí agochado un vello mito coma aquel do ciclope, da serea ou do basilisco? Case que nos inclinamos pola primeira opción, e é posible que se xerasen as UF a partir do ritual do xogo-burla, suficientemente coñecido, contra estraños e alleos (ou propios, en menor medida, se son parvos ou crédulos) entre a xente moza. Cabería relacionar estes ritos lúdicos con vellos costumes –unha especie de proba iniciática ou peaxe que cómpre pagar– que xorden arredor do círculo pechado da endogamia? Queden abertas estas cuestións para futuros estudos.

Trasnos e pequenos xenios: temos o *tardo*, unha especie de trasno, documentado na UF de Viana do Bolo *Andar coma o tardo* ‘andar de noite’. E contamos tamén co *Pedro* ou *Piro Chosco*, nas UF *Ándalle aí Piro Chosco* (díselle a un meniño cando se lle pechan co sono os ollos), ou tamén *Entrarlle* ou *vir Pedro Chosco*. En Aragón din nun contexto semellante *Ya viene Martinico*, e os etnógrafos afirman que con ese nome se denominan os trasnos.

*O arco da vella*: a propia designación constitúe de seu unha especie de enigma. Hai quen pensa nunha lenda dunha velliña que gardaba nun extremo do arco nunha vasilla –pote ou xerra, coma a representación grega do mesmo fenómeno, Iris, quen portaba unha xerra con auga do río Estixia– un tesouro ou un elixir da xuventude, e hai quen asimila esta vella a unha divindade arcaica. Arizaga (2006: 369) remite ao asturiano N. Bartolomé, e ambos pensan na Vella como divindade indoeuropeo-mediterránea: a deusa nai, da soberanía e da fertilidade da terra, a Caillech ou Caileach das sagas irlandesas, a do espírito do gran –esta vez en forma de deusa, non de animal– que estuda Frazer. Non é para nada inverosímil que sexa esa figura interpretada coma unha vella deusa máxima: na Biblia é o propio Deus Pai o propietario do arco. Recordemos que El lle di a Noé: «*Este –polo arco– é o sinal da alianza que acabo de establecer entre min e toda carne que existe sobre a terra*» (Xénese, 9, 17). A idea de fertilidade casa ben coa serie de refráns onde o arco da vella anuncia auga (*Arco á matiña, alista a capotiña; Arco á cea, boa noite espera* etc.). E dos recitativos populares infantís galegos (*Arco da vella, vaite de aí, que as nenas bonitas non son para tí*), dedúcese un dato non desprezable que pode reforzar a asimilación vella ‘deusa máxima con aparencia de anciá’: o medo, o temor que parece inspirar; esa mesma ambigüidade, ese temor ancestral pola vella-espírito do gran tamén o recolle Frazer: o nome *Caileach* significa, ademais, a encapuchada, a encuberta, e asóciase á Morrigan/Moura,

deusa da morte (todas as divindades de soberanía dominan os dous ámbitos, vida e morte). Claro que cabe outra hipótese interpretativa, cabe pensar que *Arco da vella* se produce tras a elipse do substantivo *alianza*, é dicir, que primeiro sería *Arco da vella alianza* e acaba por sobreentenderse *alianza*. Entón habería que trazar unha orixe relixiosa, bíblica. E a partir da nova UF, *arco da vella*, xéranse as lendas cunha vella –como substantivo–, a posteriori.

*Seica queres casar?* Díselle á muller que cociña salgado. Tamén en Rusia (documentamos na rede este refrán: *Si la comida está demasiado salada, es que la cocinera se ha enamorado*<sup>6</sup>). Non o documentamos no castelán peninsular, pero si no castelán de América (en Cuba «*Dicen las abuelitas que cuando la comida está muy salada es porque la cocinera o el cocinero están enamorados*»<sup>7</sup>). Variantes próximas galegas: *Estas namorada?* (informante de Santa María de Arabexo, Val do Dubra); *A muller que moito sala quere ser casada* (en A Mámoa e Ferreira, parroquia de San Martiño de Ponteferreira, Palas de Rei, Lugo). Sobre a orixe desta UF, a que vincula o sal co desexo de casar, non universal en Galicia pero si bastante común, non temos certezas, só posibles explicacións: unha pasaría por considerar o sal como índice do atractivo sexual ou de fertilidade da muller e, en tal caso, se o índice –o sal– está moi alto, reborda, salta á vista e ao prato, é evidente que xa lle chega a hora de casar e/ou ter fillos (unha UF galega por nós recollida –López e Soto 1995: 29–, *Estar lévedo* ‘estar moi namorado’, tamén xoga coa imaxe dun elemento nutricional primario, básico, e tamén dá idea dun continente que reborda). Que o sal é un elemento noutrora case sacralizado, tan valioso coma o ouro, doadamente vinculable a ritos de fertilidade ou de comezo dunha nova etapa na vida, pensamos que está fóra de toda dúbida: documentalolo polo miúdo levaríanos moito tempo e abonde con que lembremos que en ritos sacrificiais latinos eran imprescindibles o sal e a fariña; para bendicir a auga bótaselle sal, e vale tamén para purificar e conservar. Sabemos que en varios lugares de Andalucía hai tradición aínda, cando un estrea casa –observemos a proximidade semántica casa/casar– de regalar aceite e sal: aceite para que non falte o alimento, sal para que non falte a boa sorte<sup>8</sup>. En Xaén,ponse pan, aceite e sal nun recanto ou no chan cando se estrea casa (informante xienense).

Hai tamén variantes lúdicas, menos interesantes para o etnógrafo: *Bórdache o viño na pipa?* (en Santa Cruz de Rivadulla: é zona vinícola; a relación entre o sal e a necesidade de beber máis explica a frase claramente lúdica). Tamén temos oído a frase, neste mesmo contexto: *Como tira ao viño!* (o que tira é a comida moi salgada). Variante en forma de refrán: *O que sal pon na comida do viño tira*. En Bergantiños din: *Non lle sacaches o tapón ao mar?* (informante de máis de 60 anos, de Ponteceso; dime que tamén empregan esta UF cando a unha persoa non lle gusta o peixe: *por mín que lle quiten o tapón ao mar*; este enfoque situacional lúdico recorda moito ao que adoptan en certas zonas de China: *Rompeuche o tarro do sal?* (frase comunicada por unha nosa alumna de Shanghai).

*Non estar o centeo para gaitas* (concello de Teo; é variante da UF moito máis coñecida *Non estar o alcacén para gaitas*, en Deza tamén din: *Non está a ferraía para gaitas*, todas significan ‘non ser a ocasión adecuada’): O alcacén e o centeo son a mesma planta, o alcacén é o centeo segado en verde, cando ten aproximadamente un metro, para ser usado coma forraxe. Coa cana do centeo, cando xa estaba medrado, os nenos facían ‘gaitas’ que soaban, e para iso o centeo tiña que posuír as condicións axeitadas de flexibilidade. En Trasdeza os rapaces facían ‘gaitas’ cunha

6 En: <http://moskovita.blogspot.com.es/2009/08/supesticiones-rusas.html> [data de consulta: 14/10/ 2017]. Un refrán idéntico –*Si la comida está salada, la cocinera está enamorada; si está insípida, está enojada*– rexístrase na provincia de Chimborazo, Ecuador: <http://dSPACE.espoche.edu.ec/bitstream/123456789/4787/1/23T0521.pdf> [data de consulta: 13/10/2017].

7 En <http://www.laedaddeoro.org/2010/05/consejos-antes-de-empezar-cocinar.html> [data de consulta: 18/01/2012].

8 En: <https://www.mundorecetas.com/recetas-de-cocina/viewtopic.php?t=136538&start=30> [data de consulta: 31/1/ 2012]; a informante na rede é de Torremolinos, Málaga.

planta chamada *Pé de boi* porque é oca por dentro. En Valdeorras, a nosa nai a estas *gaitas* chamáballes 'pipas', forma que nos aproxima aos británicos.

*Mal lle vai ao raposo cando anda aos ovos.* É un refrán bastante estendido na península; entre nós documéntase vivo en Bergantiños, por exemplo. Subxace na súa xénese un costume con certo valor etnográfico, o de premiar a quen cazaba raposos e os presentaba mortos diante da casa da que se quería obter un regalo en forma de ovos. Este costume inda se relembra en terras de Trasdeza (Soto 2003: 14).

### 2.5. O folclore contístico

O tema é case inesgotable e xa foi tratado por nós nun par de ocasións (López e Soto 2010; Soto e González 2009). Neste último lugar tratamos bastantes casos (*Poñer as botas de sete leguas*, *Aparta, laxe, que te fendo*: díselles a quen esaxera, e está tomado do coñecido conto das vodas do ceo, cando a ave solta á raposa; *Estar coma o rei nunha cesta* etc.), e algúns moi interesantes, como a UF *Debíalle un día ao demo e funllo pagar hoxe*, que implica o conto popular de Brancaflor, a filla do demo. Trataremos de non repetirnos e comentaremos só un cantos casos máis. Todos oímos e dixemos algunha vez UF procedentes de contos, maiormente populares, mais tamén contos de autor (Andersen, Perrault), integrados xa no acervo popular: *O príncipe azul*, *A cincenta* (catro documentacións no CORGA, un par deles en prensa, coma este: «*A cincenta da Medicina española*»); *A ratiña presumida*; *O parrulo* ou *parruliño feo* (tres concorrencias no CORGA); *Espelliño, espelliño...* (media ducia de concorrencias no CORGA, algunha na prensa política, para interrogar sobre quen ten en maior medida determinados defectos, nun caso evidente de reutilización dunha UF). Pola súa banda, *Colorín, colorado...* (dúas concorrencias no CORGA e seis no TILG, a primeira aboada por Antonio M<sup>a</sup> de la Iglesia en 1886) e *Foron* ou *viviron felices e comeron perdices* (tres concorrencias no CORGA), son esquemas fraseolóxicos que non pertencen a ningún conto en particular, senón a todos eles en xeral.

Xunto a estas frases tan coñecidas podiamos engadir unha serie de casos suficientemente documentados en Galicia, aínda que de uso menos frecuente: *Meus peñóns, meus peás, se non forades vós, comíanme os cas* (Vázquez Saco 2003: 931): dise cando apelamos aos pés, cando botamos a correr ou escapamos correndo de algo, e procede dun conto popular de animais en que o lobo persegue a ovella, ou os cans ao raposo, e a chamada a ser vítima sálvese por moi pouco.

*Fai coma o cuco, que se chove vai mallar* (Vázquez Saco 2003: 949): díselles a un lacazán; o conto está no TILG, recollido por Lence-Santar (" *Chamaron ó cuco para mallar e dixo: Si vai sol, hei me de poñer á sombra; si fai nubrado, cuco, e si chove, pr'alo irei*").

*É testudo como a muller que lle chamaba ó home polludo...* (Vázquez Saco 2003: 949). A frase úsase para ponderar o testuda que pode ser unha persoa. Procede por implicación dunha variante daquel conto ou, mellor dito, exemplo moralizante, medieval, que recollera no seu libro o infante don Juan Manuel (en síntese, trata dunha muller que quere levar sempre a razón e un día que porfia co home sobre se algo é ou non é tesoiria, este bótaa polo río abaixo e inda estando a piques de afogar, ela saca as mans e fai cos dedos cruzados a forma da tesoiria: nesta variante galega a muller fai cos dedos coma quen esmaga o piollo).

*Fai coma a toupa, que cambiou os ollos polo rabo* (xa en Hernán Núñez: *El trueque del topo, los ojos por la cola*, en 1549, CORDE).

*Nacer cun sol na fronte* ‘ser afortunado’. Ás veces tamén indica certa predestinación. A frase podémola atopar na poesía de autor (nos versos de Curros dedicados a Rosalía –*Do mar pola orela / mireina pasar, / na fronte unha estrela, / no bico un cantar*–, nos poemas da primeira etapa de César Vallejo –*¡Tú que llevas un sol en la frente!*, en clara alusión á xuventude–, por exemplo), mais procede, por implicación, da narrativa contística popular. Basicamente achamos o dato no ciclo de santa Dora ou de santa Xenoveva de Bravante, con todo o ronsel de refundicións e versións que circulan entre o pobo desde tempos inmemoriais. A nosa tía-avoa valdeorresa foi a primeira persoa á quen lle escoitamos unha das variantes (hai un rei que casa cunha boa muller pero que non é querida pola sogra ou as cuñadas; mentres o rei está ausente, a esposa pare un fillo ou xemelgos –recordemos que os dioscuros Cástor e Pólux, prototipo mítico de xemelgos nacen nalgunhas versións cun sol na fronte– que veñen ao mundo cun sol, ou el cun sol e ela cunha lúa, na fronte: indican a orixe real, porque serán botados polo río abaixo e só moito tempo despois, e grazas a ese sinal prodixioso, se producirá o reencontro cos pais).

E colorín, colorado, damos este conto por acabado.



### Referencias bibliográficas

- Abraira Pérez, Miguel A. (2003-2004): “Encantos, demos e cucos. Folklore e cultura popular a tradición oral de Beche (A Pontenova)”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo* 11, 1, 171-196.
- Alonso Romero, Fernando (1993-94): “El espíritu del grano: tradiciones agrícolas propiciatorias en Galicia y en otras comunidades europeas”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLI, 367-389.
- Arizaga Castro, A. R. (2006): “Vellas son as cousas. Folklore, mitoloxía e antropoloxía da xente maior na Galiza e arredores”, *Séματα* 18, 361-385.
- Barbeito Lorenzo, M<sup>a</sup> Dolores (2005): “Frases feitas do Concello das Neves”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 293-301.
- Brañas Abad, R. (2007): “Entre mitos, Ritos y santuarios. Los dioses galaico-lusitanos”, en F. J. González García (coord.): *Los pueblos de la Galicia céltica*. Madrid: Akal, 377-445.
- Brunetti, Simona (2012): “Fraseoloxía e superstición. Usos e costumes comparados de dous pobos”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 63-83.
- Cabanillas, Ramón (2002): *A Virxe do Cristal. Lenda de Curros Enríquez axeitada para ópera*. Ed. de M. Ferreiro e G. Sanmartín. Universidade da Coruña.
- CORDE = Real Academia Española: *Corpus diacrónico del español*. <http://www.rae.es>.
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual*. <<http://corpus.cirp.es/corga>>.
- CSM = Alfonso X: *Cantigas de Santa María*. Ed. de W. Mettmann. Madrid: Castalia. 1989.





- DdD = Santamarina, Antón (2003): *Diccionario de Dictionaries* [versión 3]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza-Instituto da Lingua Galega. Versión electrónica actualizada dispoñible en <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.
- Ferro Ruibal, Xesús et alii (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Ferro Ruibal, Xesús (2007): “*Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?*”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 67-94.
- Fraguas y Fraguas, Antonio (1993): “La Galicia insólita. Tradiciones Gallegas”. *Cadernos do Seminario de Sargadelos* 51. Sada-A Coruña: Castro.
- Frazer, James G. (2003 [1922]): *La rama dorada*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- García Martínez, Carlos (2004): *Xaquín Lorenzo. De varía etnográfica*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- González Pérez, Clodio (1991): *As festas cíclicas do ano*. Santiago de Compostela: Museo do pobo galego.
- Kótova, Marina (2005): “Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 135-148.
- Lence-Santar, Eduardo (2000 [1941]): *Etnografía mindoniense*. Edición de Armando Requeixo. Santiago: Follas Novas.
- López Taboada, Carme e Soto Arias, M<sup>a</sup> Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*. A Coruña: Galinova.
- (2008): *Diccionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Xerais.
- (2010): “Sete catas na orixe da fraseoloxía”, *Estudos de Lingüística Galega*, 2, 221-233.
- Montero, Emilio (1981): “El eufemismo en Galicia”, *Verba*, anexo 17. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pérez Martínez, Herón (2005): “Os ditos do *Diccionario de meixanismos de Santamaría*”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 225-238.
- Rolleston, Thomas W. (1995): *Los celtas*. Madrid: Studio editions, M. E. Editores.
- Saporta y Beja, Enrique (1978): *Refranes de los judíos sefardíes*. Barcelona: Ameller.
- Soto Arias, M<sup>a</sup> Rosario (2003): *Achegas a un diccionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*. *Cadernos de fraseoloxía galega* 3.
- Soto Arias, M<sup>a</sup> Rosario e González García, Luis (2009): “Folclore contístico, fraseoloxía e paremioloxía. Interrelacións xenésicas”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 211-227.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/TILG/>> [Consultado: 22/05/2017]
- Vázquez Saco, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de fraseoloxía galega* 5.
- Vega, Teresa de la (1993): *Los celtas*. Madrid: Akal.



## Lendas e toponimia

*Gonzalo Navaza  
Universidade de Vigo*

### *Sumario*

#### *Toponimia e patrimonio*

- *Lendas toponímicas*
- *Topónimos con lenda*
- *Lendas na toponimia*

### **Toponimia e patrimonio**

Agradézolle á organización o convite que se me fixo para vir a Lugo e participar nesta Xornada. Vou falar da toponimia desde unha perspectiva que podemos chamar etnográfica –como pode dar a entender o título– para expoñer, aínda que sexa moi superficialmente, diferentes creacións culturais de transmisión oral relacionadas cos topónimos ou suscitadas por eles. Habitualmente os estudos de toponimia non lle prestan moita atención a esta dimensión, que cae á marxe do enfoque meramente histórico ou lingüístico dos topónimos mais que ten enorme interese como parte do chamado patrimonio inmaterial, da herdanza intanxible.

A propia toponimia tradicional é un elemento fundamental desa herdanza e desde hai un par de anos conta con protección legal expresa coa chamada *Lei de salvagarda do patrimonio inmaterial*, do ano 2015. Antes de entrar en materia, permitídemme que me deteña nesta cuestión porque, con esa lei e por primeira vez, a lexislación do Estado protexe de maneira explícita os topónimos tradicionais, e faino apelando ás directrices do Grupo de Expertos de Nacións Unidas para os Nomes Xeográficos, asumidas pola UNESCO. A Asociación Galega de Onomástica, da cal formo parte, ten entre os seus obxectivos o de difundir entre a opinión pública a importancia da preservación da toponimia tradicional, e con ese propósito participou en numerosas campañas en defensa do uso dos nomes tradicionais na toponimia urbana para os nomes de rúas, prazas e urbanizacións, pois con demasiada frecuencia as autoridades locais tenden a empregar por defecto toponimia conmemorativa desaconsellada por eses organismos internacionais cada vez que se abre unha nova vía pública. Desde que entrou en vigor esta lei xa se leva gañado algunha batalla e en varios concellos galegos conseguíuse que na denominación de novas rúas se bote man da microtoponimia histórica do propio lugar e que se teña presente ese criterio en casos futuros.

En fin, e volvendo ao que nos ocupa, a primeira constatación que non nos pode pasar inadvertida é que arredor da toponimia orbita todo un mundo de literatura oral. Falarmos de *lendas*, como se di no título, parece limitarnos ás construcións de carácter narrativo ou etiolóxico, pero cómpre salientar a importancia e interese doutras creacións populares relacionadas coa toponimia que en rigor quedan fóra do epígrafe das lendas. Por exemplo, o material proporcionado pola colección de fichas manuscritas obtidas por Camilo José Cela a través das oficinas de Correos de Galicia, que poden consultarse na páxina web do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago ([ilg.usc.es/ditados](http://ilg.usc.es/ditados)). Ese material constitúe un repertorio limitado pero representativo (algo máis de 1.200 fichas) dese tipo de creacións asociadas á toponimia, con información de carácter lingüístico (permite facer buscas por palabras e por lugares) e etnográfico-literario, que asigna a cada topónimo as respostas dun sinxelo cuestionario que pregunta por: a) o xentilicio común, b) o xentilicio festivo ou alcuña, c) cantigas ou refráns relacionados co topónimo, e d) o pseudo-topónimo ou topónimo burlesco ou humorístico. En moitos casos só hai resposta para o xentilicio e o resto dos apartados non conteñen resposta.

A información desa recolleita ten interese desde moitos puntos de vista. Ao cubrir o conxunto do territorio galego, permite trazar mapas de difusión de determinadas formas ou motivos. Por exemplo, na cuestión relativa a cantigas e refráns, advírtese doadadamente a consolidación, en determinadas áreas ou comarcas, de fórmulas e modelos que admiten variación dos topónimos, para acomodar o verso ou a paremia a diferentes lugares, coas naturais restricións impostas pola métrica ou a rima.

Sirva de exemplo esta cantiga que se recolle nas fichas de varias parroquias do Val de Miñor:

*En Peitieiros boas mozas  
En Gondomar churumelas,  
En Baiona morriñosas,  
En Morgadáns, a flor delas.*

O mesmo modelo volve repetirse na cantiga recollida nas parroquias veciñas, intercambiando os mesmos topónimos ou deixando lugar ao nome doutras parroquias da zona (*Couso, Chaín, Santa Baía...*). Polo regular o último verso, que declara quen son as vencedoras da competencia, ocúpano en cada caso as mozas locais. Neste caso concreto, a alternancia das fórmulas <En + topónimo> e <As de + topónimo> permite empregar topónimos bisilábicos e trisilábicos (*En Morgadáns boas mozas [...], As de Couso boas mozas// en Gondomar churumelas [...], as de Chaín churumelas...*), aínda que tamén se transmiten variantes “imperfectas”, cunha sílaba de máis ou de menos, rompendo o octosílabo e a regularidade métrica na estrofa (*En Couso a flor delas*).

Unha das fórmulas de maior éxito neste tipo de composicións que intercambian topónimos, a xulgar polas fichas de Cela, é a muiñeira do burro morto, que se recolle por todo o territorio galego. A versión simple resúmese así:

*Os de tal sitio mataron un burro,  
os de tal outro comérono crudo,  
os dun terceiro mandaron recado  
que lles deixasen a punta do rabo.*

Ou unha variante que muda por estes os últimos versos:

*Os dun terceiro izaron bandeira (/puxeron bandeira)  
que lles deixasen a tripa cagueira (/para comeren a tripa cagueira)*

Algunhas combinan ambas as dúas, coma nesta recollida en Pontearreas:

*Os de Moreira mataron un burro,  
os de Angoares comérono crudo,  
os de Cristiñade puxeron bandeira  
que lles deixaran a tripa cagueira  
e os de Pontearreas mandaron recado  
que lles deixaran a punta do rabo.*

Anímovos a consultar esa páxina que contén as fichas enviadas a Cela polos carteiros de Galicia. No apartado das cantigas e as paremias aparecen ás veces composicións de extensión considerable, coma o longo romance que comeza:

*Nesta parroquia de Ludrio  
nun día de foliada  
dixéronse estes versos  
e armouse unha algarada [...]*

que debeu de ter moita difusión por terras de Meira e Mondoñedo. Nas fichas aparece como anónimo. En Álvaro (Pastoriza) atribúeselle, con dúbidas, ao xuíz da Órrea, autor doutros romances humorísticos que tivo moita celebridade a comezos do século XX. En fin, existe toda unha literatura popular vinculada á toponimia que cae fóra dos temas que veño tratar aquí. Con todo, agora que a Xunta de Galicia pretende relanzar o *Proxecto Toponimia de Galicia* (PTG), que tiña por obxecto a recolleita de toda a toponimia galega viva, e que se anuncia que poñerá a través de internet un medio, incluída unha aplicación para teléfono móbil, que permita a colaboración espontánea da xente con información acerca dos topónimos, penso que sería interesante incluír nos formularios das bases de datos e das aplicacións para o teléfono novos campos relativos a este tipo de información.

Para centrarme na relación que existe entre a toponimia e as lendas vou tratar de tres cuestións. A primeira son as lendas etiolóxicas relativas aos topónimos, que constitúen un interesantísimo campo clamorosamente ausente dos traballos que se ocupan da toponimia. Non coñezo ningún traballo específico fóra daquel libríño da célebre colección O Moucho que publicou Xosé María Álvarez Blázquez baixo o pseudónimo de Celso de Baión co título *Os nomes da terra*. Sería o que propiamente chamariamos “etimoloxías populares”. A segunda cuestión é a das narracións vinculadas a un topónimo que sinala o escenario do suceso lendario ou marabilloso: destas temos certa tradición escrita, pois constitúen mesmo un subxénero narrativo, que recolle ou imita as lendas da tradición popular oral e que ao mesmo tempo pode influír sobre elas, pois a tradición oral tamén se alimenta de fontes cultas, como vemos en máis dun exemplo. Cando quixeron comprobar que base popular utilizara Curros para o poema da Virxe do Cristal non puideron: o que a xente sabía de memoria naquela zona xa eran os versos de Curros. En terras das chamadas Mariñas dos Condes hoxe seguen transmitíndose oralmente no ámbito familiar, xa non como lendas tradicionais senón coma se fosen memoria de feitos históricos medievais, verídicos, o que en realidade son invencións de Benito Vicetto no século XIX. Traballos como o dirixido por Xoán Carlos García Porral no Instituto Pintor Colmeiro de



Silleda, que ten por obxecto a microtoponimia do territorio municipal e que se pode ver en internet, revelaron que unha mínima modificación nos modelos de ficha que o alumnado levaba ás súas casas para a recolleita de toponimia, incluíndo un apartado dedicado a *Lendas ou tradicións asociadas ao topónimo*, permite obter unha extraordinaria cantidade de información, moitas veces descoñecida por pertencer a tradicións moi locais, no máis estrito sentido da palabra, moi domésticas. En terceiro lugar, para rematar, tratarei da presenza de lendas na toponimia, algo moito máis concreto e en certa medida contrario dos anteriores, porque xa non se trata das lendas asociadas a un topónimo ou provocadas por el, senón máis ben de topónimos producidos por unha lenda ou de nomes de lugar que teñen entre os seus compoñentes formais termos que corresponden a un elemento lendario, sexa popular (*moura, mouros, o Santo, a Santa, Meigas, o Lobishome*) ou culta (*Roldán*).

### 1. Lendas toponímicas

O primeiro tipo de creacións, que podemos chamar *lendas toponímicas*, constitúen unha variedade sintética das narracións da tradición oral que se etiquetan como lendas etiolóxicas. Como fragmentiños de cosmogonías, responden máis ou menos inxenuamente á pregunta de *Por que se chama así este sitio*. O que ten especial interese para nós é que a resposta popular a esa pregunta tende a servirse dos procedementos da chamada *arte etimolóxica*; non a etimoloxía tal como a entendemos hoxe, a *ciencia etimolóxica*, que pretende coñecer a orixe e evolución da forma e o significado dun termo, senón da arte etimolóxica no sentido das *Etymologiae* de Isidoro de Sevilla. Esa arte ten por obxecto descubrir algo que se oculta nas propias palabras e que revela a íntima esencia da realidade que designan. O exemplo que sempre se menciona é o da etimoloxía de *cadáver*, que se explicaba como Ca-, de CARO, CARINIS ‘carne’, da- de DATA ‘dada’ e ver- de VERMINIBUS ‘aos vermes’: carne dada aos vermes. *Se non é vero é ben trovato*, como diría o outro. O procedemento é sempre ese: cando a palabra é escura, frágmenbase en anacos (normalmente en sílabas), e a cada sílaba atribúeselle a condición de abreviatura dunha palabra completa. Eu son de Lalín, e na escola, cando se falaba do nome da vila, o propio mestre nos explicaba: «*Lalín*: la- de lana e -lin de lino». En Maside, Ourense, contan que viña un xeneral romano cos seus soldados polas ladeiras do Ribeiro arriba e, cando quixeron deterse xa nun sitio para pasar a noite, o xefe mandou que seguisen un pouco máis: «*Más ide!*». Agora vivo en Gondomar, onde a tradición popular di que se chama así porque antigamente estaba «*no ghondo do mar*». E no veciño concello de Nigrán din que o nome lle vén de que un ano houbera colleitas moi ruíns e non quedou «*Ni gran*». E en Canido falan dun «*can ido*», un can que fuxiu do seu dono. E así moitos exemplos.

Moitas destas explicacións populares, ademais de compartiren ese procedemento da fragmentación, teñen en común, como vemos, a intervención taumatúrxica do castelán: o topónimo instáurase desde o poder. En ocasións son etimoloxías populares de carácter culto, valla o paradoxo, e fan intervir o latín. En Viascón explican así o nome: Vi- de VIA, e *ascón* de ABSCONDITA, isto é, o latín VIA ABSCONDITA ‘camiño escondido’. Debe de ser creación dun párroco.

Seguramente a máis famosa destas etimoloxías toponímicas guiadas pola arte etimolóxica antiga, neste caso sen dúbida de orixe culta, letrada, é a que explica Compostela como *Campus Stellae* (cando realmente é un diminutivo do participio de COMPONERE, e ten paralelo en *Compostilla*, en León), interpretación que xerou moita iconografía, pois sobre esa etimoloxía descansa o emblema da cidade, a estrela do seu brasón, a base sobre a cal se identificou o Camiño de Santiago coa Vía Láctea e todo o mundo simbólico relacionado.

A dimensión iconográfica destas etimoloxías populares abre un interesantísimo campo de estudo porque permite facer unha lectura lingüística das imaxes na medida en que as imaxes informan acerca do que a xente pensaba das palabras. Se o celtismo *camba* ‘curva’, ou



especificamente a da roda do carro tradicional, non chegase a nós, poñamos por caso, poderíamos ter certeza de que chegara vivo ata o galego medieval pola roda de carro dos brasóns medievais do apelido *Camba*. Aínda non hai moito os estudosos da toponimia vían un problema fonético, e unha dificultade para unha etimoloxía común, no feito de que os topónimos *Bolaño* en Lugo e *Bolaños* en Castela-León e máis na Mancha presentaban todos un –l– intervocálico: o escudo municipal das cidades castelás resolve o problema, porque mostra que a icona naceu en galego (un bolo e un año) e que o nome é un nome galego exportado.

O feito de que moitos apelidos toponímicos xerasesen representación heráldica mediante un *brasón parlante* tamén permite saber o que a xente pensaba acerca dos topónimos, que etimoloxía lles atribuíu. Lembremos que a etimoloxía nese sentido

non buscaba a verdade da orixe do nome, senón unha verdade simbólica. O feito de que a imaxe dun león representase o reino de León non significa que non se soubese que o topónimo León era *Legione* (na idade media escribíano así en latín) e que facía referencia a unha lexión romana, pero a figura do animal era tamén a súa representación verdadeira. Para entender o alcance da lectura lingüística das imaxes baseadas na arte etimolóxica pode servírnos de exemplo a afirmación de que a cuncha de vieira como símbolo da peregrinación é unha creación iconográfica da lingua galega. Aínda que se trata dunha simboloxía que se inaugura antes da aparición da escrita do romance, pois é no século XII, no latín da *Historia Compostellana* e do *Codex Calixtinus*, onde se consolida a vieira como símbolo da peregrinación en Santiago, o certo é que só desde o galego se explica a “verdade etimolóxica” desa icona, porque só no galego *vieira* conflúen os resultados do latín VIARIA, derivado de via ‘camiño’, e de VENERIA ou VENEREA, de *Venus*, o nome da propia cuncha.

Remato esta primeira parte relativa ás etimoloxías populares dos topónimos con algún exemplo máis. Os que conteñen máis corpo narrativo son propiamente micro-relatos e axéitanse mellor ao concepto que temos de lenda. Nun moi célebre, que imaxino é coñecido e que tamén recolleu Álvarez Blázquez no mencionado libríño, explica o nome do Castro de Caldelas cunha escena onde un tal Castro se presenta ante o conde de Maceda ou de Lemos para pedirlle a man da súa filla; como o conde ten máis de unha, dille: «*Castro, cal delas?*». Tamén se explican mediante un micro-relato os diferentes *Parderrubias*, sempre explicando *par + de* como ‘dúas’, aínda que nunhas versións as *rubias* son vacas e noutra, que supoñemos máis recente, son mulleres. A escena instauradora do nome pode afectar a varios topónimos: no val de Monterrei, non lonxe de Verín, hai dúas localidades chamadas unha *Vences* e outra *Nocedo*, e os nomes explícanse na tradición local imaxinando unha escena de disputa en que alguén di «*Tú vences pero yo no cedo*». De novo o castelán, divinas palabras, no acto de instauración.

Estas lendas ou explicacións que afectan máis dun topónimo informan dunha particular percepción da toponimia como un tecido, como algo orgánico. Unha relación máis obxectiva pero semellante é a que se establece entre o que as persoas especialistas chamamos *topónimos replicantes*, motivados por outro topónimo veciño, que dan orixe a parellas toponímicas onde o nome máis recente non está motivado pola realidade física que designa, senón que é simple réplica do nome preexistente. Imaxinemos un topónimo dos chamados “de interese arqueolóxico” como *Anta* ou *Arca*, motivados por restos megalíticos prehistóricos, ou *Moimenta* ou *Muimenta*, dun étimo latino MONUMENTA, que adoitan corresponder a construcións funerarias do período romano. Pois ben, se temos dúas aldeas próximas chamadas Anta de Arriba e Anta de Abaixo, ou Moimenta de Arriba e de Abaixo, non significa necesariamente que haxa restos nos dous lugares que levan o mesmo nome. Do mesmo xeito, en moitas parellas de

topónimos máis ou menos próximos do tipo *Soutelo* e *Souteliño*, con frecuencia só o primeiro está motivado pola realidade física, mentres que o formado co sufixo diminutivo é simple réplica del. Na parroquia de Couso, en Gondomar, un topónimo *O Silvado*, derivado do latín SILVA co seu significado orixinario de 'selva, bosque', que antigamente daba nome a unha área moito máis extensa ca hoxe, provocou un topónimo máis moderno (do XVIII, posiblemente) *A Asubiada*, nunha especie de xogo que interpreta *O Silvado* como un participio castelán e o traduce ao galego facéndoo feminino. Seguramente a máis famosa parella de topónimos replicantes é a da parroquia de San Pedro do Allo, no concello de Zas, onde *O Allo* do nome da parroquia e mais das célebres *Torres do Allo* ten réplica nunha aldea veciña chamada *A Cebola*. Ambos os dous topónimos dan pé a unha famosa cantiga popular que foi utilizada como mote no século XVIII para unha glosa do cura de Fruíme:

*Ai do Allo, ai do Allo,  
Ai do allo, ai da cebola,  
Ai do Allo, ai do Allo,  
Nunca che eu do Allo fora.*

Moitas das explicacións que se atañen aos procedementos da arte etimolóxica son conscientemente humorísticas, pois imaxino que ninguén pensa que sexa unha verdade histórica a ocorrencia que di que Coristanco se chama así porque ten «*Coro y Estanco*». Aínda que quen sabe. Unha informante dá razón dun microtopónimo *Canido*, en Nigrán, coa mesma historia dun can fuxido que se dá para o homónimo *Canido* en Vigo, pero aquí insiste na verdade da súa explicación alegando que ela mesma é bisneta do dono do can. Pola mesma, isto é, interpretando o sufixo *-ido* como o participio do verbo *ir*; un *Biduído* era un *viúvo* (un viúdo, en castelán?) que marchou da casa. Non discuto que o baixorrelevo dun porco que campá na parede da igrexa parroquial de San Martiño de Cerdido sexa o porco bravo dos Andrade, como defende a tradición local, pero o procedemento da fragmentación estivo tan arraigado nas etimoloxías populares que non podemos evitar que esa imaxe nos provoque un sorriso de sospeita.



## 2. Topónimos con lenda

O segundo campo de reflexión que formulei ao comezo é o dos lugares que son o escenario concreto dunha lenda tradicional. Exclúo os que conteñen no seu nome unha referencia explícita á lenda, porque eses déixooos para comentalos ao final. Despois de experiencias como a que subiu a internet García Porral desde o seu instituto de Silleda, que constitúe un bo modelo, sinxelo e práctico, que se pode imitar desde calquera centro escolar e que identifica no mapa os lugares marcados como topónimos con lenda asociada, de xeito que calcando na marca correspondente podemos ler un texto que a resume, o primeiro que salta á vista é o elevado número de topónimos que teñen asociada algunha lenda. Tamén neste caso, cremos que a pretensión de recolleita e catalogación exhaustiva da nosa toponimia que pretende o PTCG debería considerar

a posibilidade de que nos rexistros dos topónimos se inclúa un campo para aqueles casos en que o topónimo teña lenda asociada. Ata o de agora, os modelos ou formularios empregados habitualmente para a recolleita de toponimia en traballo de campo teñen unha columna *Observacións* onde o persoal técnico de campo podía anotar informacións deste tipo fornecidas polos informantes orais, pero en xeral non se pregunta expresamente por esas cousas e todo queda ao arbitrio do persoal técnico. Resultados coma o dos traballos do Instituto Pintor Colmeiro de Silleda levaron á Universidade de Vigo (que a través da Área de Normalización Lingüística estableceu convenios para a recolleita e estudo da microtoponimia local co Concello de Vigo e co Instituto de Estudos Miñoráns) a incluír nos formularios de traballo de campo unha columna específica para anotar posibles lendas e sucesidos relacionados cos topónimos. Dan idea dos resultados obtidos os exemplos de follas de traballo de campo que incorporan esa nova columna específica. Como se pode observar, a cantidade de información segue variando segundo os gustos do técnico de campo. Compárense os sucintos «*Hai unha moura*», «*Aparecía unha galiña con pitos de ouro*», que lemos na recolleita de Vidán, Fornelos de Montes, coa nota máis precisa da recolleita da toponimia de Couso (Gondomar), que reproduce as palabras do informante:

*Os Panascos das Tomadas* ou *As Tomadas de Arriba*. Dinos Lidia de 90: «Hai un encanto neste lugar. Cando os rapaces ían co gando, os vellos dicían que aparecía encima dos muros unha cobra cunha cuncha na cabeza co dito:

*Cobra moura, toma o meu pano da cabeza  
e dáme da túa riqueza  
que eu che darei da miña pobreza.*

Mais nunca vían a cobra moura.» [Couso, Gondomar. Técnico de campo: Roberto Rodríguez]

Non me vou deter aquí nas variadas tipoloxías das lendas que poden aparecer vinculadas a topónimos, pero quero chamar a atención sobre un aspecto da distribución xeográfica dos topónimos con lenda. Talvez é simple coincidencia, pero parece máis ben que informa dunha posible función social das lendas. A representación cartográfica de topónimos con lenda asociada, coma as que ofrece para Silleda o proxecto de García Porral, permite observar que con sorprendente frecuencia os lugares cargados con lenda están situados na estrema entre dúas aldeas ou entre dúas parroquias. Como as demarcacións veñen moitas veces establecidas por monumentos megalíticos, temos que aceptar que con frecuencia son os propios restos prehistóricos os que xeran a lenda e a demarcación; mais en moitos outros casos non hai resto arqueolóxico pero si lenda, o que nos leva a sospeitar que posiblemente a lenda ten unha función de reforzo mnemotécnico, para que as sucesivas xeracións coñezan ben o lugar da demarcación: sobre-identifícase o lugar, cargándoo cunha lenda, para que non se confunda con outro, para que non se movan os marcos.





### 3. Lendas na toponimia

Chegamos finalmente aos topónimos nacidos dunha lenda ou que na súa mesma forma conteñen referencia a unha lenda, ao tempo que identifican explicitamente o lugar como escenario dalgún episodio ou sucedido. A presenza de determinados substantivos ou adxectivos que podemos interpretar como alusivos a lendas non sempre é inequívoco sinal de existencia dunha narración asociada; pode non habela ou pode que a houbese no pasado e se perdesse. Con frecuencia os topónimos que presentan eses substantivos ou adxectivos tamén adoitan ser indicio da existencia de restos arqueolóxicos, como xa quedou dito, especialmente megalíticos, e con frecuencia sono das dúas cousas: hai lenda porque hai restos arqueolóxicos.

Usando o buscador da páxina web do PTG ([toponimia.xunta.es/gl/Buscador](http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador)), que é de uso público coma as outras páxinas que levo mencionado, podemos facer buscas de topónimos que conteñen termos asociables a lendas. Os resultados obtidos para o substantivo e adxectivo *santo*, *santa* (co obxecto de identificar topónimos do tipo *A Cama da Santa*, *A Cova do Santo*, *A Pena da Santa* etc.) son tan numerosos que levaría moito tempo discriminar os casos en que eses termos corresponden a advocacións relixiosas comúns, polo que é preferible facer buscas máis restrinxidas. Por exemplo, de formas precedidas do artigo *do Santo*, *da Santa*, ou mellor aínda do adxectivo acompañando substantivos concretos, como *augas*, xa que o correspondente topónimo composto adoita aplicarse a mananciais con virtudes medicinais ou milagrosas. Como é sabido, o popular topónimo da *Praia das Catedrais* é unha denominación turística de novo cuño que se sobrepón a un *Augas Santas* tradicional.

Tamén resulta laborioso discriminar os usos de *mouro*, *moura* como adxectivo de cor daqueles casos en que fai referencia aos seres imaxinarios coñecidos como *mouros* e *mouras*. Os mouros e as mouras son, segundo a denominación popular, os habitantes lendarios dos monumentos megalíticos e dos restos prehistóricos en xeral, así como dos lugares significados por un encantamento. A posible confusión con *mouro* ‘musulmán’ é produto dunha simple homonimia, pois xa se rexistra a presenza deste termo en topónimos galegos no latín de documentos dos séculos VI, VII e VIII, coma un *Maura Morta* datable no século VI e recollido no *Liber Fidei* de Braga e mais no *Tombo Vello* da Catedral de Lugo. Nun erudito traballo relativamente recente, pero que continúa unha tradición consolidada, o celtista italiano Francesco Benozzo<sup>1</sup> identifica o noso *mouro* da toponimia e das lendas cun celta *movron* ou *móvrono*, adxectivo participial dun verbo celta cognato do latín MORIRE, polo que estes mouros serían en rigor ‘os mortos’. No topónimo *Maura Morta* desa primeira atestación do ano 572 teriamos en consecuencia un topónimo redundante ou tautolóxico (coma en *Praza da Quintana*, *Praia de Arealonga*, *Río Guadiana* etc.). No buscador da aplicación, para evitar os casos en que *mouro*, *moura* está presente nos topónimos como adxectivo de cor, podemos restrinxir a busca a formas precedidas de artigo e preposición (*do mouro*, *da moura*, *dos mouros*), pero os resultados seguen a ser moi numerosos, e ademais non son infrecuentes os casos en que un topónimo composto perde a preposición, como veremos máis adiante ao referirnos á *Pena de Roldán* ou *Pena Roldán*, de maneira que nalgún caso un topónimo actual *Pedra Moura* pode corresponder a un *Pedra da Moura* do pasado. Lémbrese que estas buscas se fan sobre un repertorio toponímico que non cobre a totalidade do territorio, aínda que os máis de 400.000 lugares identificados nel co seu nome e as súas coordenadas xeográficas nos ofrecen un bo corpus representativo da microtoponimia galega.

Nese corpus do PTG, as buscas de topónimos que conteñan o termo *Lobishome* e variantes ofrecen un único exemplo, localizado no concello ourensán de Manzaneda. Se as fichas do traballo de campo que se empregaron nas recolleitas do PTG inclúen un ítem específico para

1 [http://www.continuitas.org/texts/alinei\\_benozzo\\_area-gallega.pdf](http://www.continuitas.org/texts/alinei_benozzo_area-gallega.pdf)

posibles lendas, como se fixo no instituto de Silleda, poderíamos saber se ese topónimo *O Lobishome* ten lenda asociada e calcando no mapa despregaríase unha ventá co texto que resume a lenda. Neste caso concreto non puiden comprobar se o topónimo ten lenda asociada. Debemos ter en conta que *O Lobishome* tamén pode ser simplemente un topónimo de propietario, pois hai constancia do uso dese termo como sobrenome persoal desde a Idade Media (un exemplo medieval no CODOLGA: *Gundemaro Lubusome*, nun documento de Celanova do ano 1062) en cadeas onomásticas, quizais aplicado humoristicamente a persoas peludas.

Ademais das lendas de carácter popular, as tradicións lendarias cultas tamén deron orixe a topónimos. Voume referir aquí ás lendas carolinxias da tradición xacobeá medieval, que tiveron extraordinaria difusión no seu tempo.

O nome de *Roldán*, o heroe de Roncesvalles, compañeiro de Carlomagno, aparece no PTG en 6 ocasións dando nome a formacións pétreas que contan con lenda asociada. Exclúo intencionadamente da relación varios dos resultados que conteñen a secuencia *de Roldán* nos concellos de Betanzos e Arteixo, onde *Roldán* constitúe un apelido de propietario. Pola documentación histórica temos noticia doutros topónimos con eses mesmos nomes, *Pena de Roldán*, *Pedra de Roldán*, *Pena de Rolán*, este coa forma galega do nome, a habitual no galego medieval. Nestes que rexistramos en fontes escritas non podemos saber cando se refiren ao personaxe lendario ou cando son simples topónimos de posesor. Moitas destas lendas con *Roldán* ou *Rolán*, e en xeral moitos dos topónimos que conteñen ese nome, poden ser relativamente antigos, quizais medievais. O nome de *Roldán* é un dos nomes expresamente reprobados no século XVI polo cardeal Manrique de Lara nun sínodo diocesano celebrado en Ourense que anticipa as disposicións tridentinas relativas aos nomes que poden usarse no bautismo, cando se pide que impoñan unicamente os nomes dos *santos y santas que hay en el cielo*.

A das imaxes é *A Pena de Roldán* no lugar chamado *A Pena Fachada*, parroquia dos Vilares, concello de Guitiriz. Tomeinas da web do concello, onde o nome da pena aparece sen preposición, *Pena Roldán*. É un penedo xigantesco que presenta varias fendeduras verticais,



atribuídas pola lenda á espada do heroe. A singularidade desta formación pétreá motivou non só ese nome senón tamén o propio nome da aldea, pois ha de ser a mesma pena a que suscitou o topónimo *A Pena Fachada*. O segundo elemento do composto, malia a aparencia, non é o substantivo común *fachada* 'parte frontal dunha construción', que é termo de orixe italiana, senón o resultado galego do latín *FASCICULATA* ou *FASCULATA* 'en feixes'. O nome antigo da *Pena de Roldán* era, xa que logo, *A Pena Fachada*, e cando ese nome xa se usaba para designar o pequeno



núcleo de poboación inmediato á pena, esta adquiriu o novo nome relacionado coa lenda. En que época sucedeu iso? Probablemente na Idade Media, polo que vou comentar a continuación.

Charo Soto, a miña compañeira de mesa nesta xornada, ou sexa, a miña comensal etimolóxica, tense ocupado de explorar as pegadas deste tema carolinxio e do nome de Roldán en paremias, dicires e outras creacións tradicionais da cultura popular galega. Na súa intervención tamén nos informou da expresión «*Mentir máis ca Turpín*», e tomo o fio da súa referencia para falar en detalle dese libro. O libro de Turpín, a *Historia Turpini*, é unha das partes que conforman o *Liber Beati Iacobi*, o Códice Calixtino. A *Historia Turpini* é a orixe do que podemos chamar a vertente xacobeá dos mitos carolinxios. E é unha creación compostelá do século XII, un texto escrito en latín, que vincula a Carlomagno co descubrimento do sepulcro do Apóstolo en Santiago. Foi todo un libro de éxito no seu tempo, como mostra o elevado número de copias e traducións que circularon manuscritas desde moi cedo por toda Europa, non só como un libro de aventuras, tamén como un libro histórico, que se usou para lexitimar poderes territoriais en diferentes áreas peninsulares. O libro, supostamente escrito por quen fora amigo de Carlomagno, o arcebispo Turpín, encontrándose convalescente



na súa cidade (*Vienna* no texto latino, *Viana* en occitano e na tradución galega de *Os Miraxes de Santiago*), recibe a encomenda de narrar como Carlomagno liberou de infieis o camiño cara ao sepulcro do apóstolo despois de que este se lle aparecese en soños sinalándolle o camiño das estrelas. Que o libro de Turpín ou *Historia Turpini* sexa coñecido comunmente tamén co nome de *Pseudo-Turpín* ou que chegase a acuñarse unha expresión como a de «*Mentir máis ca Turpín*» non é algo casual. Durante aproximadamente un século, ata mediados do XIII, o contido da *Historia Turpini* non só non tiña ningunha connotación de falsario senón que se consideraba unha verdade histórica. Mais o novo paradigma nacido en Castela a partir do reinado de Fernando III, que negaba calquera intervención de Carlomagno na Reconquista, condenou o libro de Turpín e comezou a etiquetalo con esas connotacións que sobreviviron nese «*Mentir máis ca Turpín*» e no *pseudo* que acompaña o nome.

Nun traballo que publiquei o ano pasado na *Revista Galega de Filoloxía*, da Universidade da Coruña, e que se pode localizar en internet, titulado *A orixe literaria do nome da Coruña*, expoño a opinión de que o nome de *Crunia* usado en 1208 polo rei Afonso IX para renomear a súa vila de Faro ao tempo que lle concedía unha carta foral á súa veciñanza, está tomado da *Historia Turpini*, onde designaba unha localidade galega non identificada no texto. Apenas medio século máis tarde de que o rei galego escollese ese nome (que neses primeiros tempos é sempre *Crunia* en latín, *A Cruña* en galego, *La Cruña* en castelán), o seu neto Afonso X, que sen dúbida non ignoraba a orixe do topónimo e os seus pormenores, pois desde moi novo era afeccionado á historia e coñecía moi ben a documentación da chancelaría real, decide contradicir o avó e, finxindo ignorar a orixe literaria de *Crunia*, crea na súa Crónica a ficción ou o mito que vincula a torre con Hércules e o seu combate con Xerión e despacha a orixe do nome dicindo que era o dunha muller presente na escena. Rodrigo Ximénez de Rada e os cronistas da corte de Fernando III estableceran unha nova visión dos séculos precedentes que negaba todo o relacionado coa presenza de Carlomagno na península ou coa súa intervención no culto a Santiago, e así se explica ese tratamento que lle dá Afonso X ao nome do que hoxe é a cidade da Coruña, escurecendo as motivacións do avó. Créase un mito para apagar outro mito

precedente. Coa mesma función, tamén no mesmo proceso de negación ou anulación dos mitos carolinxios relacionados co culto a Santiago, que é un proceso irradiado desde a corte de Castela e a mitra de Toledo no século XIII, coa mesma función, digo, debeu inventar Ximénez de Rada o mito da batalla de Clavijo e do *soño do rei Ramiro* que a precedeu, destinados a dar unha nova interpretación a certa iconografía que circulaba desde había décadas na tradición relacionada co culto ao apóstolo, e que en realidade representaba o soño de Carlomagno e o derrubamento das murallas de Pamplona, episodios da *Historia Turpini*. Quen teña interese nesta cuestión, que examine as ilustracións da *Historia Turpini* e das súas copias medievais, ou as representacións do soño de Carlomagno en igrexas francesas, e as compare coas que ilustran o soño do rei Ramiro e a batalla de Clavijo, e especialmente os frescos de Santiago da basílica de Santo Antonio en Padua, onde se vacila entre as dúas interpretacións. Pódense ver eses frescos en internet. O suposto Ramiro I é Carlomagno, como se advirte en símbolos convencionais da propia pintura: a coroa imperial, as flores de lis do seu manto..., e a suposta batalla de Clavijo é o episodio da *Historia Turpini* que conta o derrubamento milagroso das murallas de Pamplona.


En fin, no traballo mencionado, e noutros sobre a mesma cuestión, estudo a política toponímica do rei Afonso IX (1188-1230), que modificou o nome dalgúns poboacións reguengas galegas ao tempo que lles concedeu foro ou carta foral aos seus veciños constituídos en concello, seguindo preferentemente o modelo do foro de Benavente, que fora dado polo seu pai Fernando II á veciñanza desa poboación zamorana. Aínda que en moitos casos non se conserva o documento foral que instaura o novo nome, dispoñemos de documentación medieval suficiente para saber cal era o nome anterior desas poboacións reguengas e tamén o ano exacto ou aproximado da mudanza toponímica. Esas poboacións son Milmanda (Celanova, Ourense; a parroquia chamábase antes Carracedo, o seu lugar chamado A Vila nace coa erección da fortaleza, finalizada con Afonso IX), Viana do Bolo (antes chamada *Robreda*), Monforte de Lemos (antes chamado *Pinum*, O Pino), Baiona (antes chamada Iriçán, Erizana), A Guarda (antes chamada Tarás), Salvaterra de Miño (antes chamada Lazoiro), A Xironda (antes chamada Vilamaior) e A Coruña (Crunia, 1208, antes chamada Faro).

Na tradición dos estudos sobre estes topónimos, nalgún caso (Baiona e A Coruña) tense suxerido algunha vez unha probable orixe patrimonial, isto é, que o topónimo xa existía na toponimia local cando o rei decidiu escollelo para dar novo nome á poboación, mais en realidade, tanto Afonso IX coma os outros monarcas medievais que instituíron topónimos novos sempre empregaron topónimos de repertorio ou formas tomadas da tradición escrita, nunca da toponimia local. Destes topónimos interézanos para o caso, pola súa vinculación coas lendas carolinxias, pois están tomados da *Historia Turpini*, os de *Viana* e *Crunia*. *Viana*, que tamén foi empregado polos monarcas de Navarra para dar nome a unha localidade situada á beira do Camiño de Santiago, había de ser empregado novamente décadas máis tarde por Afonso III o Boloñés en Portugal. Seguindo o modelo do foral de Valença, polo cal lle impuxera o nome de *Valencia* á localidade do Minho previamente chamada *Contrasta*, o Boloñés volveu usar o nome de *Viana* para mudarlle o vello topónimo a Santa Maria de Foz de Lima (hoxe Viana do Castelo). No referido traballo comento que o nome de *Viana*, ademais das connotacións carolinxias que lle daba a súa orixe literaria (xa dixemos que *Viana*, *Vienna*, hoxe Vienne, é a cidade de Turpín), permitía ser etimoloxizado como un derivado de VIA ‘camiño’, segundo a mesma arte etimolóxica de que falamos atrás, a mesma arte que vincula o nome de Compostela coas estrelas e a Vía Láctea ou as cunchas de vieira coas peregrinacións. *Crunia*, como digo, é o nome dunha das supostas cidades conquistadas por Carlomagno en territorio galego segundo o texto da *Historia Turpini*. A tradición viña interpretando que se refería á poboación que é hoxe A Coruña, pero a documentación medieval é incontrovertible neste punto: cando se escribiu a *Historia Turpini* a vila aínda se chamaba Faro e continuou chamándose Faro varias décadas, ata comezos do século XIII, de xeito que un lector do XII non podería identificar que lugar era ese que segundo

o texto formaba parte das vilas grandes e cidades que o emperador conquistara en Galicia. Para a escolla do nome de Baiona, que é eco do da *Baiona* de Gascuña (a cal nos *Miragres de Santiago* aparece como *Baiona dos basqos* ou como *Baiona a vella*), debeu influír igualmente a presenza que ten o topónimo na mesma obra, de xeito que poderíamos considerar tamén *Baiona* como un topónimo de connotacións lendarias carolinxias. Igualmente podemos considerar un topónimo lendario ou vinculado ás lendas o nome de *Milmanda*, de orixe francesa, que antes de ser utilizado por Afonso IX xa o fora polos Condes de Barcelona para retoponimizar unha poboación en Cataluña. Ademais das dúas parroquias ourensás chamadas *Milmanda*, existiu outro topónimo *Milmanda* en Sevilla, posiblemente imposto polos galegos que tomaron a cidade en tempos de Fernando III e tamén aquí, na cidade de Lugo, existiu unha torre chamada *Torre de Milmanda*.

Aos mencionados, e para ir rematando, podemos engadir dous novos topónimos galegos de orixe medieval, tamén nados no reinado de Afonso IX e relacionados coas lendas carolinxias. Dalgún xeito están vinculados coa común utilización do topónimo *Viana* por parte dun rei galego-leonés e dun rei navarro e responden a unha común protección ou fomento do Camiño. Os reis de Navarra favoreceran, para servizo dos peregrinos a Compostela, a orde dos cabaleiros de Roncesvales, que homenaxea no nome o máis célebre episodio das lendas carolinxias, neste caso non da vertente xacobeá (ou sexa, non da tradición xenuinamente compostelá representada na *Historia Turpini*, senón da tradición francesa representada pola *Chanson de Roland*), pero igualmente posta ao servizo da peregrinación ao sepulcro do Apóstolo. Pois ben, a esa orde concedeulle Afonso IX a freguesía de Salvador, en terra de Lemos, que desde entón pasou a chamarse *Rozavales*. As propiedades desta mesma orde en terra de Trives, administradas desde este *Rozavales* de Lemos, deron orixe a un novo topónimo *Rozavales* e mais o veciño *Souto de Rozavales* nas terras ourensás, non moi distantes do orixinario *Rozavales* de Lemos pero co río Sil polo medio. *Rozavales* (*Roçavales*) é a forma habitual no galego medieval para referirse a *Roncesvales*, *Roncesvalles*, interpretado na nosa lingua coma un composto do verbo *rozar* e o plural do substantivo *val*.

En conclusión, á beira da toponimia galega relacionada coas lendas carolinxias medievais e a súa transmisión popular, coma a da *Pena de Roldán* e dos outros exemplos relativos a ese personaxe, debemos contar outros topónimos procedentes desa mesma tradición lendaria mais por vía culta, como son *Viana*, *Baiona* e *Crunia*, impostos por Afonso IX (1188-1230) e para os cales podemos sinalar unha data concreta de nacemento e aínda a fonte que os inspirou, que foi *Historia Turpini*. E con eles, e tamén debidos ao mesmo rei, aínda que neste caso talvez dun xeito indirecto, estes *Rozavales* de Lemos e de Trives.



## O abecé do noso ADN simbólico-cultural (mesa redonda)

*Moderador: Isidro Novo*

*Participan: M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias e Gonzalo Navaza*

A segunda mesa da X Xornada de Literatura de Tradición Oral celebrada o 21 de outubro de 2017 no salón de actos da Deputación Provincial de Lugo a partir das seis da tarde, tivo como principais protagonistas os relatores intervinientes nesa tarde, M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias e Gonzalo Navaza Blanco.

O **moderador** intervién dirixíndose a Gonzalo Navaza mentres os asistentes preparan as súas preguntas para abundarlle no tema das etimoloxías aventuradas e contarlle aquela na que don Ánxel Fole dicía que Cospeito viña de *cox*, camisa e *peito*, o cal casaba perfectamente para un significado torácico-téxtil.

**Gonzalo Navaza** apunta a raíz desta intervención que el fai unha suxestión a A. Reigosa ou a quen corresponda, que sería compilar as elucubracións etimolóxicas de Neumandro, porque cando don Ánxel se “colocaba” de filólogo era Neumandro. Considera Navaza que sería cousa de recuperar. Di que era moi atrevido e que eran ocorrencias filolóxicas, máis que etimoloxías.

**Antonio Reigosa** supón que o facía a propósito, que era consciente de que estaba provocando a risa. Di que moito dese material está no *Cartafol de Lugo*.

**Gonzalo Navaza** tamén cre que era esa a súa intención e afirma que un compañeiro del, Xosé Antón Palacio, ten recortes de *El Progreso* (un cartafol enteiro) de don Ánxel. Engade que se non houbera a colección de Neumandro, recuperaríase coa colección dese seu amigo. Di que non lembra como se chamaba o espazo.

**Antonio Reigosa** apúntalle que quizais fose en *La Hoja del Lunes*.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto** conta que Sarmiento tamén ten unha morea desas etimoloxías populares. Sarmiento no dicionario de Santamarina.

**Antonio Reigosa** intervién para dicir que desas hai moitísimas, e pon como exemplo a de “Lorenzana”, coa suposta fusión de “Lorenzo” e “Ana”.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** engade Viana, Viana do Castelo. Di que unha vez alí preguntáronlle de onde era, contestou que da Galiza e preguntáronlle tamén a que se dedicaba. Ao dicirlle que era filóloga, a persoa interlocutora explicoulle que un rei fixera prisioneira a unha muller

chamada Ana e que xa ninguén vovera ver esa muller ata que un chegou á cantina e dixo: *Vi a Ana* e que de aí viña o nome da vila.

**Gonzalo Navaza** considera que Triacastela parece latino, pero que é medieval e o nome de Viana do Castelo púxollo o rei Afonso III o Boloñés a unha localidade que se chamaba antes Santa María de Foz de Lima. E púxolle Viana porque xa o puxera previamente Afonso IX en territorio galego e é un topónimo sacado da *Historia Turpini*. En francés *Vienna*, en occitano *Viana* e é o lugar onde vive o arcebispo Turpín.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** engade que xente de certa talla, de certa altura intelectual como Constantino Cabal, que é un grande etnógrafo e antropólogo asturiano, dicía que Viana viña de Diana, da deusa. Que quedaba finísimo.

**Gonzalo Navaza** afirma que os asturianos teñen derivados do latín Diana, as *xanas*, que son normalmente espíritos dos bosques e que teñen os mesmos atributos que tiña a cazadora, e na toponimia galega lembra ter recollido algún exemplo de xana, que non é unha forma propia galega, pola zona de Trabada e da Pontenova. Alí teñen un *Paso das Xanas*. Por Asturias teñen moitas. Fontes que para nós son *fontes santas* ou *augas santas*, e para eles son *fuentes de las xanas*.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** di que nós temos as *xacias*: as xacias do río Cabe ou do Miño.

**M<sup>a</sup> Xosé López Castro**, dende as butacas, pregunta pola etimoloxía de *Perros*, que está nunha variante do Camiño Francés de Santiago, un lugar da parroquia de Calvor no municipio de Sarria.

**Gonzalo Navaza** responde que se alguén ten curiosidade pode ver en internet un traballo de Xosé Antón Palacio (o mesmo que ten a colección dos artigos de Neumandro). Trátase dun artigo intitulado: «Malos, perros e cas, topónimos interditos». Perros era un topónimo que se repetía na toponimia galega, era moi común, e no século XVI todos os Perros que afectaban á diocese de Santiago, a igrexa compostelá converteunos en *Los Angeles*. Foi pouco despois de Trento e é significativo, porque se lle puxeron a esas parroquias ese nome era porque estaba de moda e coincide que é cando bautizan tamén co nome de *Nuestra Señora de los Ángeles* a cidade do estado de California. Non se sabe moi ben, di, o que significa *Perrose Perras*, pero el sospeita que se refiren ás augas e, se non, é unha evolución anómala do adxectivo *perennis*, está emparentado con el. Son lugares de augas potábeis e que non acaban nunca. Fala Navaza de Pernal en Noia e di que ese 'rn' de Pernal pode alterar en 'r', porque hai Pernal, pero tamén hai Perral...

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** apunta tamén Perrote, variante renacentista de Parrote...

**Gonzalo Navaza** engade Falperra..., ou sexa, que ten que ver con augas e con *perennis*..

**M<sup>a</sup> Xosé López Castro** conta que alí había unha casa onde vivía a nai do Padre Sarmiento, unha casa señorial.

**Gonzalo Navaza** considera que de alí collería o apelido Sarmiento, porque do outro lado eran Garcías, eran Balboas... Engade que eses Perros é raro que sobrevivisen. Se sobreviviron era porque estaban noutras dioceses, porque os de Santiago cambiáronos todos e esas parroquias agora chámanse Os Ánxeles, que ademais son varias. Di coñecer unha en Boimorto, outra en Brión... Había prexuízo contra a palabra *perro* porque era sinónimo de infiel ou de musulmán.

**M<sup>a</sup> Xosé López Castro** segue a contar que cando fixera unha tesíña sobre falas nesa zona contaban que era de dous irmáns que se levaban moi mal e de aí viña o de Perros.

O **moderador** tamén intervén sobre ese topónimo porque hai un home da zona de Sarria que sempre o aborda para falarlle algunha vez dun problema viario en Perros, e cando unha vez lle preguntou pola orixe dese topónimo el considerou que viría de pedra, porque por alí había moita.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** cre que ben podería ser e cítaa en francés: *pierre*, para que se vexa o parecido.

**Gonzalo Navaza** insiste en que de todas as maneiras a teoría máis firme sería unha deriva de *perennis*, transformando o 'n' en 'r', e como exemplo fala do futuro do verbo vir no galego medieval como na cantiga de Airas Nunes: *Bailemos já todas três, ai amigas / sô aquestas avelaneiras frolicas, / e quem for velida, como nós velidas, / se amigo amar, / sô aquestas avelaneiras frolicas / verrá bailar /...* Ese *verrá* é o latin *venire ha...*

O **moderador** lembra a frase nomeada por M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias na súa intervención: «Como un rei nunha cesta» e lembra o engadido: «... e a cesta polo río abaixo».

**Gonzalo Navaza** fala da vinculación da cesta coa historia de Moisés, ata o punto de chamarlles *moiseses* ás cestas portadoras de nenos. Di que vai contar algo, aínda que non veña moito a conto co tema, referido a Rosalía, que foi citada por M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias como exemplo neste asunto dos moiseses. Di que non se sabe moi ben por que a familia materna de Rosalía quería quedar con ela, ingresa a nena no orfanato e inmediatamente a recolle. O motivo é un problema de lexislación ao que antes el mesmo fixera referencia. En tempos finais de Fernando VII, a década ominosa, fálase de non estigmatizar os nenos dos hospicios, algo que ten que ver co pensamento ilustrado no que se creara unha *pragmática de los oficios viles*, de modo que o oficio de curtidor, por exemplo, non afectaría a condición de fidalgos se os desa clase se dedicasen a ese traballo. Un dos problemas que houbo para a industrialización galega era que a xente que tiña posibilidades, a fidalga, prefería non exercer traballo manual por non perder o dereito da executoria que lle recoñecía a condición de fidalgo. A de fidalgo é unha condición fiscal: non pagaba impostos con esa dignidade... Cando empeza a difundirse esta idea de que se prexudica os nenos –que por riba teñen a fatalidade de non ter pais– coa estigmatización que lles supón a imposición de determinados nomes e apelidos, circulan unhas solucións para que estas criaturas non teñan unha vida tan negativa. Hai un período de 30 anos no que un fillo de pais descoñecidos depositado no hospicio podía ter acceso a lugares aos que non podía ter acceso un fillo ilexítimo. Un neno ingresado no hospicio non ten que presentar probas de limpeza que se esixían para determinado tipo de cousas, pero en cambio non lexislaron para os que eran fillos ilexítimos, que era outro caso que rompía a executoria. Entón hai un momento no que os fillos de pais descoñecidos e os fillos de hospicio poden acceder á universidade, por exemplo, ou outro tipo de actividade; poden entrar dentro do clero..., mentres que un fillo ilexítimo non podía. Daquela, Navaza pensa que lles cadrou nun momento cronolóxico no que era preferíbel que a nena fose de pais descoñecidos a que fose ilexítima.

O **moderador** di que neses casos de fillos de solteira o máis habitual era que levasen os apelidos da nai, pero lembra e pensa que tamén pode ser dunha época determinada, que había xente que levaba de primeiro o apelido *No* e o da nai aparecía de segundo.

**Gonzalo Navaza** afirma que o uso de *No* é propio de Lugo, como tamén o é de *Incógnito*. Fóra de Lugo non hai. E segue dicindo que cando se creou o Rexistro Civil (apunta que el fixo un traballo sobre os expósitos), que é na década de 1870, pasa a haber un organismo civil que vela pola identidade da xente, porque antes quen velaban eran os libros parroquiais. Cando se crea o Rexistro Civil xa se establece de entrada o sistema de dous apelidos: apelido paterno en primeiro lugar e apelido materno en segundo, porque era un hábito que xa viña utilizando a Igrexa de maneira consuetudinaria, pero cómpre dicir que tampouco había ningunha regra, e quen teña traballado con xente do antigo réxime verá que non é raro dar con irmáns que teñen distintos apelidos ou que alguén utiliza un determinado apelido e de repente recibe unha herdanza dun tío paterno e pasa a utilizar o apelido deste... En certas parroquias aos fillos de solteira, para non os estigmatizar, poñíasilles o apelido da nai. Onde xa se implantara o hábito dos dous apelidos, os párrocos máis sensíbeis coas criaturas utilizaban *un apelido habitual en la zona*. Isto provocou que algúns apelidos que non tiñan que ser moi usuais nalgunha comarca se fixesen frecuentes e, por exemplo no territorio diocesano de Lugo, Varela e Taboada funcionaron como comodíns. O mesmo lles pasou a moitos dos patronímicos: Fernández, González...,



porque tamén se utilizaron como habituais da zona. Iso cando o cura era medianamente comprensivo. Cando esa lexislación comeza a funcionar recoméndase, aínda que tampouco dunha maneira demasiado taxativa, para non estigmatizar a criatura, utilizar un único apelido; de maneira que este ten o apelido da nai e non hai ningún problema con iso. Pero resultou que a xente que tiña un único apelido coincidiulle a creación do Rexistro Civil estando vivos, así que tivo que cambiar, tivo que adaptarse ao rexistro. Cando apareceu o expediente escolar de Curros Enríquez, por exemplo, resulta que se chamaba Manuel Curros, pero non lle aparecía o Enríquez, que o escolleu el unha vez que se creou o rexistro. Pasoulle a Curros e tamén lle pasou a Pondal. Na *Historia da Literatura Galega Contemporánea* Ricardo Carvalho Calero comenta que era sorprendente que as grandes figuras do Rexurdimento tivesen problemas onomásticos. Pero non debería ser sorprendente porque coincidiu que daquela se instauraba o Rexistro Civil, por iso se producen esas irregularidades. A xente que chegou a 1870 en Galiza, cando non aparecía apelido do pai, deixábase en branco no rexistro, tal como estaba, mentres que en Lugo deulles por poñer *No* ou *Incógnito*. E se se fai unha busca na *Cartografía dos apelidos de Galicia* e se busca *Incógnito* veremos que só o hai na provincia de Lugo. E foi todo por ese traslado de datos. Di que en Nigrán hai unha especie de casa neomedieval cun torreón e no torreón pon *Quirós No*, e a xente sempre se preguntaba se eran os apelidos dos propietarios.

Un **interveniente** di que quere preguntar por un termo que saíu na conferencia de Charo (M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias). Trátase dos *biosbardos*. Pregunta pola súa etimoloxía, por que adoita aparecer en plural e tamén se hai na toponimia algunha referencia aos biosbardos.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** asume a parte etimolóxica e considera que a toponímica é cousa de Navaza. Contesta que é unha resposta complicada e recoméndalle que vaia ao dicionario de Antón Santamarina e que busque *alpabarda*, pois di que el e Ríos Panisse teñen un apartado etimolóxico, aínda que ela non está moi de acordo co que eles din e fala de que pode ter unha raíz expresiva ‘bsbsbsbs’, porque en moitos ritos destes xogos había que asubiar; de todas maneiras é conveniente mirar o que conta Santamarina, reitera, en *alpabarda*.

**Gonzalo Navaza** segue dicindo que o propio conto é o que dá título á colección de contos. Na colección que se puxo en pantalla –comenta como curiosidade–, que é a segunda edición de Galaxia, falta precisamente ese conto. Sae na primeira, na segunda desaparece e logo xa se recupera. Ademais di que no propio conto *Os biosbardos* sae o singular, *biobardo*, e na frase que ten que pronunciar o enganado...

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** e **Gonzalo Navaza** falan de *gazafellos*, *cocerellos*, *gamusinos* e din que noutras linguas tamén teñen este tipo de seres imaxinarios.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** di que por Asturias falan de *pibardos*.

**Gonzalo Navaza** asegura que a finalidade destes persoeiros é a burla, como a pedra de afiar alfinetes e a navalla de capar grilos. Como experiencia conta que, se viña un forasteiro ou un primo da cidade a pasar as festas, a mediodía dábanlle 2 pesetas e dicíanlle que fose á tenda a mercar unha navalla para capar grilos.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** conta que, falando de brincadeiras, un día preguntoulle a un que sabía moito sobre Cervantes, Francisco Rico, para que quería os seis reás Dulcinea na cova de Montesinos e dixo que era todo unha burla, o libro todo é unha burla... E de aí non se moveu nada.

Un **interveniente** fala da posíbel relación de biosbardos con *picos pardos*, pois aínda que *andar de picos pardos* era en principio *andar de putas*, xa que a saia cortada en picos era unha especie de uniforme que tiñan que levar as mulleres de “vida airada” en época de Carlos III, os dicionarios españois tamén falan de que é entregarse a cousas inútiles e insubstanciais.

**Antonio Reigosa** engade que ademais de andar aos biosbardos, gamusinos, cazafellos, etc., hai *andar ao panchos*.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** comenta que se lle adoita dicir a quen leva os pantalóns longos algo curtos, arremangados.

O **moderador** di que por esta zona dise *andar ás panchas*, en feminino.

**Antonio Reigosa** engade que con toda seguridade o topónimo de máis éxito nos medios de comunicación mercé á brétema na autovía é *O Fiuoco*. Todos os días na radio polas mañás soa ese topónimo.

**Gonzalo Navaza** considera que o sufixo é prerromano.

**Antonio Reigosa** di que preto hai outro lugar chamado *As Fiosas*.

**Gonzalo Navaza** comenta que os acabados en -oso e -osa son abundanciais, daquela é que abonda algo.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** engade que a raíz parece derivar do fiúncho.

**Gonzalo Navaza** di que hai topónimos do tipo *Fiaño* que non son fáciles de explicar e poden derivar de fio e marcan estremas.

**Antonio Reigosa** fai mención do anteriormente falado de Turpín e comenta que dentro dos lendarios galegos están os nomes das cidades asolagadas, aí está Valverde...

**Gonzalo Navaza** afirma que o nome de Valverde tamén o difunde o *Códice Calixtino*.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** conta que ten publicado algo sobre o tema. Comenta que se pode buscar en *Garoza*, sobre vilas asolagadas.

**Gonzalo Navaza** anuncia que quere falar algo sobre o tema e di que para a ladeira da Limia o nome era Antioquia e a forma recollida na literatura popular era Antioquia, pero dende hai unhas décadas circula como Antioquía, que o corrixe a xente porque lle soa así mellor. Insiste en que a forma tradicional era Antioquia. Cando se creou un estado na Colombia actual, era un estado con moitos brañais e puxéronlle tamén estado de Antioquia, con capital en Medellín. Hai galos en moitas das cidades asolagadas, pero o da cidade asolagada no lago de Antela era o galo de Antioquia na literatura oral popular e nas fontes escritas modernas aparece xa Antioquía.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** di que se relaciona coa lenda bretoa de Ith e está moi documentada nas fierras atlánticas. Tamén di que hai moitas concomitancias entre a lenda bretoa de Ith e a lagoa de Carregal que xa estudou *in illo tempore* Leandro Carré nas *Leyendas Tradicionales Gallegas*. É un tema preciosísimo –afirma– e segue dicindo que Antón Santamarina, que foi profesor seu, afirma que ten orixe xermana, aínda que ela niso discrepa.

**Lois Pérez** intervén para preguntar por un topónimo e, referíndose a Navaza, segue dicindo que chamou a atención moito e quedou moi elegante iso que falou de Antioquía, porque parece que lle dá un toque exótico ao discurso, pero... e A Babilonia? Polo visto hai unha en Liáns, en Oleiros.

**Gonzalo Navaza** contesta que temos moitos topónimos exóticos que son eco doutro topónimo de fóra. O que pasa é que todos non son eco, por exemplo o *Exipto* que hai en Santiago é unha advocación relixiosa: San Xosé camiño de Exipto. Comenta que sabe dun *Chicago* na Peroxa, e supón que a alguén lle daría por poñerlle ese nome. Di tamén que en Galiza hai catro lugares chamados *As Alpuxarras*. Seguramente teñen que ver coa repoboación de Serra Nevada. Houbo recrutamento de xente aquí por parte dos reis para levala alá, e como son espazos situados nun alto asócianse con aqueles lugares. Estes topónimos adoitan ter información da época na que se impuxeron. A moitos dos grupos de vivendas de protección oficial que se fixeron nos anos cincuenta chámanlles *Corea*, aos dos anos sesenta chámanlles *Catanga*, porque lles coincidiu a guerra de Corea, a do Congo...

**Antonio Reigosa** apunta *As Malvinas*.

**Gonzalo Navaza** di que tamén, porque coincidiu con esa guerra. Por exemplo, as *Catangas* que hai polas vilas costeiras xurdiron pola guerra do Congo, que era moi famosa e había aquela canción que dicía: *Qué pasa en el Congo / qué pasa en el Congo / que a blanco que pillan / lo hacen mondongo* / [...] Seguindo cos exotismos comenta que en Galiza hai tres *Mezquitas*, unha que está na estrema con Zamora e logo está a do lado da Merca en Ourense. Para esta *Mezquita* de Ourense a documentación do mosteiro de Celanova dá a clave para saber como nace ese

topónimo: o sitio parece documentado como *San Petro de Eclesiola* ata o ano 1100 aproximadamente, e o señor desa aldea cedérala a Celanova, pero este morre antes de que se execute a cesión. Celanova reclama ese sitio protestando ante o rei a ver se llo devolvían. O señor deixara no testamento que llo deixaba a Celanova. O rei, que non o ten claro, mentres non dirime se lle pertence ou non a Celanova a propiedade, coloca alí un *sayón* seu, un home de armas que se chama Sarracino, e ao mellor é o propio nome deste o que provoca o topónimo ou a casualidade. Ao sitio que se chamaba na época *Grisoá* ou un equivalente (*Eclesiola* en latín) empézanlle a chamar en Celanova un nome burlesco, xa non é a *igrexíña* senón a *mezquita*. Así pois nace como unha variante burlesca do anterior topónimo. Da que queda na estrema con Zamora habería que buscar información concreta porque pode ser tamén burlesco, aínda que o Padre Sarmiento cre que algunhas desas mezcultas non teñen que ver cos oratorios musulmáns senón cunha planta que en portugués se chama *mesquita*, que é o *ruscus aculeatus*. Navaza di, porén, que cos nomes que aparece esa planta en Galiza non aparece a *mesquita*, polo que desconfía de que esa sexa a orixe.

Unha **interveniente** fala de que ela apuntaba ás mouras cando se falaba de que seguramente proviña dunha orixe de morte ou de transcendencia do espiritual, e gustaríalle anotar que no imaxinario máxico da súa zona as mouras nunca son mouras. Son louras, moi fermosas, cunha pel extremadamente branca e ollos azuis...

**Gonzalo Navaza** responde que efectivamente as mouras dos encantos, entre outras cousas, non están relacionadas cos musulmáns porque a tradición as pinta dese modo.

A mesma **interveniente** engade que sempre queren casar e sempre teñen ouro...

**Gonzalo Navaza** replica que é curioso, porque o de casar...

A mesma **interveniente** di que sempre intentan subornar...

– **Antonio Reigosa** intervén para dicir que son dous perfís diferentes...

**Gonzalo Navaza** cre que si, que hai unha que fai unha transacción coa persoa que atopa o engado e, dependendo de como se comporte, o resultado.

**Mª Rosario Soto Arias** comenta que o que di a interveniente casa co que fala Mar Llinares no seu libro *Os mouros no imaxinario popular galego*, que é un libro básico e fai unha interpretación de interdicción sexual sempre entre home e moura. Outra investigadora que di que se pode seguir é Dolores Vilavedra, que tamén ten traballos sobre o tema.

**Gonzalo Navaza** retoma a palabra para dicir que ninguén dúbida de que as mouras da nosa tradición son prehistóricas.

**Antonio Reigosa** comenta que fixeramos unhas xornadas sobre o asunto e –perante a perplexidade de Navaza– confésalle que aínda hai xente que as considera medievais, pois nesas xornadas estivo un portugués, investigador de literatura popular, e mantiña a teoría da moura musulmá. En concreto, quen defendía esa teoría era Alexandre Parafita.

**Gonzalo Navaza** di que a visión popular que teñen da historia os portugueses, o portugués común, é que a historia empeza con Afonso Henriques (1109-1185)... E antes?... A noite dos tempos.... Porque é así, ten que ver coa súa propia identidade. Se estaba enfadado cos portugueses o Padre Sarmiento era porque miraban para nós e vían un madrileño, e ademais, canto máis atrás fosen, máis se emparentarían con nós e quedarían fóra de sitio. O Padre Flores, en cambio, acepta que esas mouras son prehistóricas.

**Mª Rosario Soto Arias** di que xa Risco as pon en conexión coas *Morrigan*.

**Gonzalo Navaza** comenta que o celtismo en tempos de Risco era completamente heterodoxo porque no pensamento académico español (Menéndez Pidal e continuadores) Galiza non sae moi ben parada: cada vez que o historiador ten que dicir onde naceu, non se sabe ben por que, sempre di que naceu na Coruña “accidentalmente”. Termos que non cabe dúbida que son celtas, do castelán, non hai problema en aceptalos como célticos. Arquetipo é a palabra *páramo*. Aceptada porque xa os historiadores e os xeógrafos latinos, cando falan de celtismo na península

ibérica mencionan esa palabra. Pero na ortodoxia moderna do celtismo, como o modelo de céltico que construíron no século XX se fixo a partir das linguas célticas insulares e mais do galo e do bretón, non se tivo en conta nin celtibérico nin o celtismo do sur, pois saíulles que unha das características do céltico é que non ten 'p' inicial, de modo que outras linguas indoeuropeas teñen un 'p' inicial e o céltico non o ten. E con esa cousa, todos os celtismos co 'p-' que teñamos nós, xa non serán celtismos. O profesor Carlos Alonso del Real e o Departamento de Prehistoria da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago funcionaron como axentes anticeltistas. Daquela falar de celtismo suscitaba risa. Agora o paradigma cambiou por completo. O celtismo volve estar presente na visión do noso pasado con moitos máis argumentos dos que había no século XIX. Hai un momento de finais do Paleolítico entre o 10.000 e o 12.000 a. C., o chamado *Dryas Recente*, unha época que non chega a ser de glaciación pero si de fríos, onde Europa é practicamente inhabitábel. Xa estivera habitada pero houbera un cambio climático no que quedan os chamados refuxios meridionais, que son os refuxios hispánico, itálico, balcánico e anatólico. No refuxio hispánico, no da Península Ibérica, volven estenderse para ocupar as costas do Atlántico unhas poboacións que posteriormente serían chamadas celtas. É dicir, que todo aquilo dos celtas que viñan do leste, que crearon as culturas de Hallstatt... Hallstatt e La Tène ao pé dos Alpes non son formas antigas dos celtas que viñeron ao Atlántico, senón máis ben a consecuencia. Esta é a nova versión que se está impondo agora. Estamos vivindo un cambio da concepción científica da prehistoria lingüística.

**M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias** intervén para dicir que de todas maneiras convén puntualizar que Corominas xa no seu tempo cuantificou aquela porcentaxe: 60% para o Noroeste, 30% para Cataluña e o 10% para o resto.

Unha **interveniente** do público, tomando como referencia o xa comentado topónimo *Mezquita*, pregunta como se explican outros topónimos do tipo *Almuzara*, *Atalaia*...

**Gonzalo Navaza** contesta que Almuzara, identificado cunha almazara, é un arabismo dubidoso. Dos arabismos difundidos na lingua medieval podemos ter información de como chegaron. Hai dúas bases de datos en internet que podemos usar: o CODOLGA, que ten todos os rexistros medievais en latín, e outra que se chama TMILG que ten documentación medieval, pero xa en romance. Se un busca esas palabras de orixe árabe no TMILG e no CODOLGA, non só pode ver que son arabismos integrados no galego medieval, senón que pode ter tamén a cronoloxía desa integración. Comenta que el, por exemplo, estivo dedicado a buscar a cronoloxía dos arabismos que deixaran restos na toponimia, e soubo que por exemplo *Aldea*, que ten moita presenza na toponimia galega (hai dúascentas e pico localidades chamadas así), entra moi tarde na documentación medieval. Ademais primeiro referíase a localidades de fóra de Galiza, e aquí talvez entrou no século XV ou xa no XVI, ou sexa, que é un arabismo pero de integración relativamente tardía. *Atalaia* en cambio xa aparece nas narracións militares como definición de torre de vixía. Son arabismos que se foron difundindo en galego. Téndese a pensar que os arabismos galegos non son directos, senón que chegaron a través do castelán ou a través do portugués. Engade Navaza que en galego conviven os nomes *aceia* e *aceña* para o muíño de roda vertical. En portugués é só *azenha*, de maneira que se nós temos unha variante coa perda da nasal, temos un arabismo directo e ademais a documentación medieval permite saber que o artefacto, e seguramente con el a palabra, apareceu antes do ano 1000, a través de Celanova, porque Celanova tiña propiedades en Coimbra, pouco despois de que se conquistara Coimbra. E probablemente trouxeron de aí o artefacto e, con paciencia e dada a documentación que se ten, pódese ver a cronoloxía dos arabismos, saber cando entraron.

Cumprido e incluso sobrepasado o horario desta mesa redonda, dáse por rematada para abrir a seguinte sesión.





## Palabras con misterio: O Latín dos canteiros (faladoiro)

*Marcos Escudero (canteiro)*

*Moderadores: Antonio Reigosa e Isidro Novo*

Aínda que para esta sección se contaba coa presenza de Xesús Antón Gulías (investigador), Xabier Quijada, Santiago Lema e Marcos Escudero (canteiros), o caso é que cando xa non cabía posibilidade de substitución, escusaron a súa ausencia os tres primeiros, sendo **Marcos Escudero** o único comparecente co que se contou e co se optou por facer un coloquio entre el e os dous moderadores da xornada, con intervención de toda a xente da sala.

**Antonio Reigosa** introduce esta sesión práctica recordando que estamos a piques de rematar a X Xornada de Literatura de Tradición Oral, que a estas alturas supón arredor do medio cento de relatores dos que só unha vez fallou un. Era de Madrid e avisou a véspera que tiña un problema familiar grave. Comenta que talvez fose certo, que non o cuestiona. Nunca ata esa vez pasara tal cousa. Di que na mesa non debería estar Isidro Novo, entre outras cousas porque é un home moi maior e está canso (risas do público) pero –continúa– tiñan que estar os anteriormente citados, e agradece moi moito a súa presenza ao canteiro e escultor Marcos Escudero. Prosegue dicindo que unha cadea de circunstancias entre as que está a saúde e que se presentaron a última hora, foron as que provocaron estas ausencias. Seguidamente pasa a presentar a única persoa da mesa que ten que ver coa pedra e co oficio de canteiro, porque o que se pretendía nesta mesa era traer á palestra unha xiria, unha xerga que xa está practicamente desaparecida, pero que foi –polo que din algunhas investigacións– de uso cotián para 20.000 persoas nas cuadrillas de canteiros que circulaban por todo o país e fóra, e á que hoxe probablemente non lle quedan falantes ou, se lle quedan, son escasos. De feito un dos ausentes dixéralle que aínda mantiña conversas cos seus irmáns cando toman un café na Coruña. Comenta que el coñeceu unha persoa en Abadín, alá polo ano 92, cando facían traballos de campo, que lles deu máis dun cento de palabras do latín dos canteiros e que eran produto do oficio de canteiro que el desenvolvera por aquela zona: non era que fose a Terra de Montes ou á Costa da Morte, senón que con que houbera unha mínima cuadrilla de canteiros xa se expresaban nesa xiria normalmente para meterse cos demais. Iso hai que dicilo, non era unha



fala de uso exclusivo para asuntos do gremio, que tratase de cuestións técnicas que non puidesen entender os outros, tiña outras intencións. Marcos Escudero, segue dicindo, é herdeiro do que viña sendo o oficio de canteiro, aínda que el vai máis alá do que era o oficio tradicionalmente: construtor de casas. El tamén é escultor e unha persoa que polo seu amor á pedra explora camiños novos. E aproveita para dicir que Marcos ten unha páxina fantástica que se pode consultar onde hai un escaparate bastante completo con fotografías de todos os traballos que fai: escultura, monumento, pedra heráldica e todo o que se lle poña por diante. A páxina chámase M'arte. Seguidamente Antonio Reigosa preguntalle pola relación que ten co latín dos canteiros, aínda sendo unha persoa nova que continúa no oficio da cantería pero xa non anda nas cuadrillas de canteiros.

**Marcos Escudero**, antes de iniciar a súa resposta saúda: «*Xida túrdiga, Verbo Antonio, verbo Aghoupamación de Garfeantes en Xiria Gallufa*». E continúa: Un pouco para que escoitedes como soa esta xerga... Di que tiña pensado estar arroupado por xente falante da xiria, pero que tratará de saír do paso. Comeza dicindo que a súa profesión é canteiro, escultor, e que a querenza polo seu oficio faille querer e interesarse por todo aquilo que ten que ver con el. Continúa dicindo que os canteiros dende moi antigo tiveron a necesidade de crear esta xerga para comunicarse entre eles sen que os *zoínas*, os *monos* e os *purrios* en xeral –explica que *zoína* é cura e *mono* calquera persoa principal: un marqués, un rei, mentres que *purriar* é poder e *purrio* alguén que o ostenta– se desen de conta do que falaban. Típica frase do *buxa* ao *morrón* –do xefe da cuadrilla ao aprendiz: «*Morrón, ghiche nurre, ghiche nurre*», que vén sendo ‘rapaz, pouco e mal, pouco e mal’, porque se non o choio acabábase e deixábase de cobrar. Ese tipo de mensaxes que se transmitían entre eles necesitaban ser crípticos, secretos, e esa lingua desenvolveuse, din, cando se construíu a catedral de Santiago e esmoreceu sobre a década dos cincuenta do século pasado.

**Isidro Novo** apunta que talvez a desaparición se debese á individualización do transporte.

**Marcos Escudero** di que en realidade se perdeu porque había outra maneira de traballar... Os canteiros traballaban en cuadrillas e para as obras dunha casa normal unha cuadrilla encargábase de todo: ía á canteira, extraía a pedra, transformábaa, montábaa e remataba a obra. Esa cuadrilla era a que mantiña viva a xerga, porque era constante no tempo e permanecía unida e adoitaba ter ata vínculo familiar: formaban a cuadrilla irmáns, curmáns, tíos, fillos... Pero non sempre foi así, pois nas obras maiores xa entraban os catro tipos de canteiros que hai: os *arriangueiros*, que son os que arrincan a pedra na canteira, de feito canteira dise *arriangueira* ou *ouriza* tamén, con algunhas variantes...

**Isidro Novo** comenta que el ten recollido palabras da xiria incrustadas no galego, como a palabra *arria*, co significado de pedra.

**Marcos Escudero** di que *arria* ou *arria*, hai varias... pero segue coas catro clases de canteiros: logo dos *arriangueiros* están os *labrantes*, que son os que labran e transforman a pedra en perpiaños, en cornixas, en espirais..., os *muriantes*, os que fan a *muria*, a obra (*muriar* é traballar), e logo veñen onde inclúe el os *labrantes chorufos*, que son os escultores, os que, como el di, *facemos os bonequiños*.

**Isidro Novo** pregunta se esa división de traballos obrou en contra da desaparición da xerga.

**Marcos Escudero** responde con rotundidade que non, que o que a fixo esmorecer foi a desaparición da cuadrilla, porque hoxe segue habendo canteiras que arrincan a pedra, serradoiros que a transforman, segue habendo os colocadores, pero xa se fai cada cousa independente, xa non existe a cuadrilla, daquela a xerga deixa de ter obxecto.

**Isidro Novo** di que por exemplo na xiria do Burón, que era a de arrieiros e ambulantes do val de Fornela, deixaron de falar o buronés porque antes ían todos á feira xuntos, vender, pero cando viñeron os coches, deixaron de tratarse como gremio, individualizaron a súa actividade, e deixaron de falalo.

**Antonio Reigosa** engade que igual se perderon o barallete e outras falas gremiais porque cambiou a forma de vida. Dician que había moitas maneiras para referirse ao *verbo xido*, á *verba*, á *fala*. Algúns que tomou: *o verbo dos arxinas* (ou *dos arginas*), *Lacre*, *Ghalrucio*... e deben ser variantes comarcais, que se van...

**Marcos Escudero** interrompe para dicir que *Ghalrucio* é un pouco confuso... porque *ghalruar* é falar, pero *ghalrar* é golsar, é vomitar... O propio persoal investigador ás veces ten erros cando manexa esa palabra...


**Antonio Reigosa** comenta que un dos convidados ausentes, Gulías, fixo un traballo de investigación e dille a Marcos Escudero que ten diante un dicionario do verbo dos canteiros que fixo el. Polo visto fixo ese traballo de recollida a finais dos anos sesenta e principios dos setenta. Comezou a investigar porque el é de Terra de Montes, de familia de canteiros, pero deuse de conta cando chegou a estudar a Compostela que el usaba palabras que os demais non coñecían. Pensou que era galego e alí descubriu que os outros non entendían certas palabras e decatouse de que eran dun idioma diferente. Engade que hai un monte de palabras, das que moitas xa fuches ti –referíndose a Marcos Escudero– citando, pero logo hai dentro do oficio... porque a fala tiña dúas funcións, unha a de comunicarse e outra a de meterse cos outros, e este home que el nomeara na introdución, de Abadín, xa hai 25 anos dicía:

*Verbo xido miña purria  
que intervas por areona  
heiche de aniscar os zuros  
e mais rosmarche a morrona.*

que é das máis populares, seguramente, porque hai outras máis bravas e traducido vén sendo:

*Verbo xido miña dona  
que parece unha vaca  
heiche de sacar os cartos  
e mais foderche a filla.*

Reitera que as hai máis bravas. Esa é das máis suaves que atopou. Tamén di que un dos motivos para que Isidro Novo estea na mesa é porque dentro





# B

desas mil catrocentas entradas que contén o glosario da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega aparecen palabras do latín dos canteiros na fala da xente do común, palabras que se incrustaron no galego.

**Isidro Novo** di que llas mandan sobre todo da zona de Bergantiños, pero tamén doutros sitios. Por exemplo en Lalín ao cu chámanlle *fris*, tamén recolleu *cota*, que é muller, dona ou paisana. Incluso disque lle mandaron unha frase que é *o/a xebo/cota non é terba*, que traducido vén sendo 'o paisano ou a paisana non entende'.

**Marcos Escudero** di que, no que el coñece, debería ser *interva*, pero claro, é igual que cartos, que nun lado din *chais* e noutro din *xais*.

**Isidro Novo** prosegue dicindo que tamén ten rexistrada a palabra *chacurro*, que lle mandaron dicindo que era aplicábel ao can e tamén ao gato.

**Marcos Escudero** nega a do gato porque son palabras do éuscaro e quizais sexa unha deformación da zona onde se rexistrou. Di que, ademais de desde o éuscaro, o latín dos canteiros colle palabras do inglés, porque por exemplo para nomear un coitelo ou unha navalla din *naifó*, pero tamén do catalán, do francés...

**Isidro Novo** segue dicindo que outra das palabras que ten recollidas é *quilar*, co significado de fornicar...

**Marcos Escudero** engade que tamén se di *moer*.

**Gonzalo Navaza** lembra aquela letra que dicía:

*Deus cho pague churusquería,  
moito cho hei de agradecer,  
cando vou ao teu muíño  
sempre me deixas moere.*

**Isidro Novo** cita *rufo* como outra das palabras que entraron en *Palabras con memoria* co significado de lume, a expresión *andar á sucaina* co significado de actuar con picardía, sen que ninguén se decate, e que mandaron da parte de Cuntis. E prosegue: *Lurpián* e *landrúsc* co significado de lacazán, de nugallán. Di tamén que *enfaxudarse* mandárono co significado de emborracharse, o mesmo que *enfaxotarse*.

**Marcos Escudero** di que a xerga é particularmente rica en todo o que teña que ver con comer, beber, foder, traballar e sobre todo falar mal dos curas...

**Isidro Novo** engade que tamén atopou algunha palabra inocente, como *nácoras*, que é como algúns lles chaman ás patacas pola zona do Barbanza; *moura* á broa e, saíndo do terreo gastronómico, ten recollida a palabra *bate* para citar o par...

**Marcos Escudero** comenta que co dos números hai bastante confusión...

**Isidro Novo** segue a citar: *xerpe*, *xerpelo* ou *xarpelo*, co significado de caldo, calduada ou caldufada; *xedio* ou *sedio* co significado de medio ou metade...

**Marcos Escudero** di que lle chamou antes a atención a palabra *xerpelo* porque *ferpelo* xa é tecido, xa é unha manta.

**Antonio Reigosa** di que despois do que leva ouvido a xente xa pode escoitar outra copliña:

*Ós de nove mesenes daquela veiga  
xastía o morronciño xa na roxeira.*

Que vén dicir que 'aos nove meses da fodenda chega o rapaciño dando guerra'.

**Gonzalo Navaza** suxire que podía ler un poema de Celso Emilio escrito en Verbo xido.

**Marcos Escudero** di que ten pensado ler un poema de Celso Emilio dedicado aos canteiros.

**Toño Núñez** intervén dicindo que falando da toponimia saíu *Muria*, e en Navia hai *Murias de Rao*, e pregunta se pode haber conexión.

**Gonzalo Navaza** aténdea dicindo que supón que si, porque *murias* son montóns de pedras.

**Toño Núñez** quere saber o xentilicio. Muriano?

**Marcos Escudero** di que no que respecta ao seu oficio sería *muriente*. Os que están traballando son muriantes. Di que lle pasou unha cousa moi curiosa. Cando descubriu que había *a fala* empezou a ler todo canto caía nas súas mans sobre ela, e dunha das cousas que se decatou é que había palabras que lle escoitara á súa nai toda a vida e *mourear* –non *murear*–, *mourear* escoitoulla a ela sempre: *Como mourea este home*, que vén sendo *Como traballa este home*.

Unha **interveniente** apunta se a palabra pode vir de que se traballaba moito ao sol.


**Marcos Escudero** non sabe, pero segue dicindo que non é esa a única palabra que xa escoitara de boca da súa nai. Conta que alá, na Galiza do sur, *vitrúculo* é unha palabra que sempre se utilizou para referirse ao metro, e úsano hoxe fontaneiros, carpinteiros... O metro é un *vitrúculo*, escoitouno toda a vida. O aparato, di, non a medida, e logo véxoo no dicionario dos canteiros. Quere dicir que hai moitas palabras que ao mellor estamos usando e non sabemos...

**Antonio Reigosa** volve co que recollera en Abadín hai vinte e cinco anos e comenta que por exemplo, para dicir ama ou señora ou dona da casa, o home deulle ata tres nomes diferentes: *cota*, *purria* e *peifa*. Para chamar os becerros: *areou* e, cando é pequeno, *micarol*. Cocho *burdio*, cabra *xabea*, ovella *motoa*, egua *belba*, burro *belbo*...

**Marcos Escudero** comenta que efectivamente ovella é *motoa*, e para nomear as abellas, como soamente cambia unha letra, entre os canteiros a estas chámanlles *motoas do rechilo*. Prosegue dicindo que o mesmo pasa coas patacas, que son *cruvelas*, mentres que as *cruvelas de rechilo* son as castañas.

**Isidro Novo** comenta que do buronés, a xiria de arrieiros e ambulantes do val de Fornela, quedou en poboacións como Peranzanes (Pranzais) que lles chamasen *suterras*.

**Antonio Reigosa** segue citando galiñas *gumarras*, coello *pandorco*, gato *bizoco*... Diferencian, di, a rapaza bonita da fea: a bonita é *xara morella* ou *xara sina* e a fea *xara moiperre*...





**Marcos Escudero** di que *xido* é bonito e aclara que, segundo el ten entendido, *perre* é enfermo ou de mala calidade...

**Antonio Reigosa** continúa: home vello *peifo cañeiro*, home novo *peifo noveito*, muller vella *cota cañeira*, muller nova *cota noveita*...

**Isidro Novo** engade que o ferreiro é *ferruxeiro* e *ferruxo* chámanllo ao martelo...

**Antonio Reigosa** comenta que o seu informante non lembraba de todo os días da semana: O domingo *luz de queico* (ou *de romanxa* –puntualiza Escudero)...

**Marcos Escudero** apunta que hai variacións. Non é o mesmo o que recolleu Feliciano Trigo en Pontevedra que o que se recolleu en Terra de Montes, ou no Val Miñor ou en Bergantiños. Hai variacións, pero serviría para entenderse.

**Gonzalo Navaza** di que unha xiria non é unha lingua, senón un léxico substitutivo, pero nesta utilizando o galego como base.

**Antonio Reigosa** di que hai palabras que teñen tanta lóxica que dan que pensar: mexar *urifár*. Di que o seu informante lembraba o nome das horas de traballo: a hora é *escuria*, pero a primeira hora é *unha chila*, a segunda *un bate de escurias*, a terceira *mateguiche de escurias*, a cuarta *delatrosca de escurias* e a quinta *delinco de escurias*.

Unha **interveniente** toma a palabra para dicir que ao rematar unha obra, por exemplo, unha casa, seguíase algún tipo de ritual... Porque alí –refírese a onde ela vive– cando alguén compra un piso faise festa de inauguración, e ponse un ramo de loureiro e dáse un gran convite...

**Antonio Reigosa** contéstalle que non é festa de inauguración, senón de fin de obra.

**Isidro Novo** apunta que se chama *albaroque*.

A mesma **interveniente** di que por onde ela se move converteuse en inauguración, que a xente a anuncia dicindo: *imos facerlle o ramo*.

**Marcos Escudero** intervén para dicir que os canteiros son atravesados, porque o loureiro séguese poñendo na cheminea como ela di, pero hai recollido por aí que se a *purria neso balsaba de chumar*... (se a dona non daba de beber mentres se realizaba a obra), por vez dun ramo de loureiro poñíanlle un fachico de palla e prendíanlle lume. E conseguían con iso que todo o lugar soubese que era amarrada, xustiña.

**Isidro Novo** comenta que o loureiro tamén se poñía nos furanchos: nas casas que cultivaban viño facían previsión para o consumo familiar e o excedente poñíanlo á venda anunciado cun ramallo de loureiro para que a xente fose consumir. Teno visto pola parte de Betanzos e dende logo en moitos sitios de Pontevedra.

**Marcos Escudero** di que por alá ao furancho xa se lle chaman *loureiro*.

**Antonio Reigosa** retoma os seus apuntes para dicir: *O purrio e mais a purria amoretan de fris a ghirra porque lle llaspern os zuros o patelas e o arxina*, que vén sendo *O amo e mais a ama mexan co cu para arriba porque lles quitan os cartos o albanel e o canteiro*.

**Marcos Escudero** apunta que *patela* é barro.

Outra **interveniente**, logo de sabida a distribución do traballo, interésase polo transporte.

**Marcos Escudero** responde que era comunal. Cando un veciño estaba a facer unha casa, normalmente era o dono da obra quen se encargaba de pedir axuda á veciñanza, porque cun carro só non se facía. Necesitaban todos os carros da vila ou do lugar para facer esa carretada.

**Gonzalo Navaza** di que o Catastro de Ensenada dá información das parroquias de Vigo que quedan preto da zona de pedras... de Beade, de Castrelos... e o que figura como oficio neses lugares é *labrador y carrejón*. *Carrejón* era porque transportaban pedra das canteiras dende a parroquia ata a cidade...

**Marcos Escudero** imaxina que cando eran obras grandes xa se profesionalizaba o oficio.

Outra **interveniente** comenta que entendeu que o verbo dos canteiros podería remontarse á construción da catedral de Santiago, e iso a ela fíllelle pensar en que había xente de moitas linguas, polo que pregunta se podería tratarse do nacemento dunha lingua mixta nese momento para entendemento de todos os que traballaban.

**Marcos Escudero** di que el ten lido que o verbo deles foi collendo palabras desa xente toda que viña traballar aquí. Non só viñeron as palabras, senón que viñeron canteiros que trouxeron técnicas construtivas... Os vascos, os cátaros, que eran especialistas canteiros, e xente de toda Europa. Cre que nese ir e vir foron deixando palabras, pero a base da xerga dos canteiros é o galego.

**Antonio Reigosa** dá instrucións para a enquisa, despide a X Xornada e toda a xente que participou nela, antes de que Marcos Escudero lea un fragmento dun poema de Celso Emilio dedicado aos canteiros.

**Marcos Escudero** recita un fragmento do poema de Celso Emilio titulado "Gabanzas dos canteiros", integrado no libro *Longa noite de pedra*:

*Sodes a frol dos homes honrados,  
a tona dos que labouran por un xornal  
e teñen as maus encallecidas  
nobremente.  
Caste de poetas.  
pequenos dioses construtores  
dos refuxios que nos acobillan  
da chuvia e da neve;  
das chouzas nas que nascemos,  
copulamos e morremos.  
Que Caicóo vos garde  
e vos dé un paradiso de pedra,  
azul e rosa e branco,  
dóce coma un xardín de outono  
cun longo río á beira cantando.*







## Biografías das/os relatoras/es e coordinadores

### Xulia Marqués Valea



Naceu en Pacios da Ría de Abres, concello de Trabada (Lugo). É licenciada en Filoloxía Hispánica (Galego-Portugués) e Filoloxía Románica (Francés). É doutora en Filoloxía Galega pola USC desde 2003 e actualmente profesora de Lingua e Literatura Galega de Ensino Secundario no CPI de Vedra (A Coruña). Tamén é profesora de Lingua Francesa en excedencia. A súa tese de doutoramento leva por título *A toponimia de Trabada (Lugo)*.

Con longa experiencia no ensino público, 29 cursos académicos, foi secretaria da Asociación Galega de Onomástica (AGOn) entre 2005 e 2009 e secretaria da *Revista Galega do Ensino* desde 2004 a 2015.

Realizou labores de asesoría técnica na administración pública galega, na Dirección xeral de Política Lingüística (2004-2009), na Secretaría xeral de Educación (2005-2010) e na Secretaría xeral de Política Lingüística (2010-2015). Colaborou na elaboración do “Protocolo para o estudo da toponimia”, parte do proxecto de innovación educativa “Polo monte. O monte e o desenvolvemento sostible”, promovido polas consellarías de Presidencia, Educación, Medio Rural e Medio Ambiente.

É autora de numerosas publicacións como *A toponimia na escola. Guía para a recolleita, catalogación e estudo dos nomes tradicionais de lugar* (2003), *Enredando nos antropónimos* (2012), *Antoponimizando. Proposta educativa dixital para traballar con nomes e apelidos na aula* (2012), *Enredando nos topónimos con Rodari* (2008), *A Literatura galega no xornal El Compostelano 1920-1946* (1999).

Son moitos os artigos e traballos monográficos da súa autoría publicados en diversas revistas especializadas sobre onomástica, toponimia e antroponimia. Participou como relatora en numerosos congresos, seminarios e xornadas, é autora ou coautora de material didáctico como *ATOPando Compostela. Xogo didáctico para escolares de ESO* (2011) e *SALNÉS-XOGO*, pasatempo didáctico realizado pola Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística do Salnés.

A onomástica, a toponimia ou a antroponimia, sempre arredor da escola e as súas aplicacións didácticas, como valor educativo e como materia de estudo, como é o caso de “Vedra medra:

unha aposta pola toponimia como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego”, un proxecto didáctico premiado na modalidade de educación secundaria na X edición do Premio Didáctico Antón Fraguas.

## Isidro Novo



Isidro Novo é nacido en Lugo, mais gusta presumir que é de ascendencia mariñá. En realidade ten tres nomes pois o seu pai chamábase Isidro, o padriño Juanito do Paraíso, de Viveiro, e naceu na rúa que actualmente se chama Camiño Real un día de San Froilán. Logo das negociacións entre o santo, o pai e o padriño (nin a nai nin o neonato puideron opinar) decidiron que se chamase Isidro Juan Froilán. E así lle quedou nos papeis oficiais.

*Tèaza de brétema*, libro publicado na colección O Barco de Vapor en 1994 foi o seu primeiro libro individual. Seguiríalle o wéstern *Por unha presa de machacantes*, o libro de relatos *Carne de Can* e o poemario *Dende unha nada núa* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1996).

En 1999 sae á rúa *Antollos de Eimarmena*, de narrativa curta, e a seguir as novelas *Súa de sí*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio* (Premio Risco de Literatura Fantástica no 2005 e Premio Arcebispo San Clemente, 2007). No mesmo ano 2007 ve a luz *Esteiro de noites falecidas* (Premio Concello de Carral, 2006) e en 2009 publícase a súa tradución ao galego da novela de Benito Vicetto *Os fidalgos de Monforte: historia cabaleiresca do século XV*. Tamén son obras súas o libro de relatos *Cabalos do demo e outros invertebrados* (2010), o de viaxes literarias *O Courel de Novoneyra*. *Eidos de ollarollar* (2010), así como a novela de terror *Sinistra deixa* (2012).

En 2016 sae á rúa o libro *Memorias do san Froilán*, en cuxa elaboración participan tamén os asistentes ao Obradoiro de Narración Oral patrocinado polo concello de Lugo. Neste ano 2017 ven a luz o poemario *CO<sub>2</sub>* e a novela *O tabú na traslenda*.

En tempos fixo radio (programa “Gomorrilas e novas criaturas” na pirata Radio Clavi), ademais de publicar dúas guías orientativas para libar viño artesanal na cidade de Lugo, *Guía do bebercio lugués* con edicións de 1992 e 1995.

Durante o último decenio foi vogal por Lugo no Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e colaborador da súa Sección de Literatura de Tradición Oral, participando activamente no proxecto *Polafías* (máis de 30 celebradas por todo país desde 2007), na posta en marcha das distincións *Mestras e Mestras da Memoria*, na revista orla do San Froilán, “Letra das Festas”, e na organización das dez Xornadas de Literatura de Tradición Oral que acumulamos e de moitas outras actividades que a AELG vén realizando en Lugo cidade e provincia.

Neste período, e esa é a razón pola que foi convidado como relator, puxo en marcha e mantén vivo o proxecto da AELG denominado “Palabras con memoria” (sección á que esta xornada lle rouba amigablemente o título) que ten o obxectivo de recuperar palabras, expresións e acepcións nosas en desuso que por diversas razóns non atoparon sitio nos dicionarios e, polo tanto, en severo perigo de extinción. Xa son máis de mil trescentas entradas ou palabras recuperadas por Isidro Novo e os seus colaboradores que se poden consultar libremente na web da asociación, amais de térense publicado en distintas épocas no xornal *La Voz de Galicia* e agora no semanario *Sermos Galiza*. O proceso de análise, recuperación e publicación destas palabras xera ademais reflexións interesantes para a literatura de tradición oral.

## M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias



*galego-castelán, castelán-galego* (Centro Ramón Piñeiro, 2003). E desde hai catro anos administra un blog ([cazatesouros.blogspot.com.es](http://cazatesouros.blogspot.com.es)).

A Coruña, 1956. Licenciada en Filoloxía Hispánica pola USC, catedrática xubilada de Lingua galega e literatura no Instituto Eusebio da Guarda da Coruña, membro do consello de redacción da revista *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, onde ten publicados varios artigos sobre fraseoloxía e paremioloxía. Ademais, conta no seu haber con algúns traballos sobre folclore e mitoloxía de Galicia, concretamente sobre Roldán, sobre a raíña Lupa e sobre vilas asolagadas. É coautora, xunto con Carme López Taboada, do *Dicionario de Fraseoloxía Galega* (Xerais, 2008), e autora de *Achegas a un dicionario de refráns*

## Gonzalo Navaza



Escritor, tradutor, estudoso da toponimia, actor de teatro e profesor titular de Literatura na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Como escritor ten cultivado diversos xéneros. Dirixiu a elaboración dos dicionarios de galego da editorial Xerais no ano 1988, chegando a crear o máis vendido da historia do galego, *O pequeno Xerais*.

O seu labor de investigador da toponimia callou na publicación de *Fitotoponimia galega*, un voluminoso volume editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza onde analiza os topónimos do sueste galego procedentes de nomes de plantas. Neste campo de traballo tamén desenvolve a súa actividade na Asociación Galega de Onomástica (AGOn, onde xa colaborou na organización de dous congresos internacionais) e na Comisión de Toponimia, encargada oficialmente pola Xunta de Galicia de fixar as formas escritas dos topónimos de Galicia.

No ano 2012 incorporouse á Real Academia Galega como académico correspondente.

Forma parte do grupo de traballo que desenvolve o Paradigma da Continuidade Paleolítica para as orixes das linguas indoeuropeas.

## Marcos Escudero



Mos, 1973. Escultor de formación autodidacta e canteiro formado en horas de traballo no Val da Louriña, maior centro de extracción e transformación da pedra de Galiza.

Como artista plástico traballou en varios ámbitos antes de centrarse na escultura en pedra, e foi un canteiro de Xinzo de Limia, O Pichín, quen lle deu ánimos para comezar, afirmándolle que, sabendo esculpir outros materiais, para traballar a pedra só tes que coñecer a ferramenta axeitada. Deste xeito, a súa primeira lección durou dúas tardes de verán.

Comezou a súa andaina de canteiro tarde, pero nacer na Louriña significa, hoxe en día, ter máis da metade aprendido, xa que nesta comarca a pedra é un dos principais motores económicos. Nos serradoiros de Budiño, O Porriño e Mos traballou na elabora-



ción de pezas especiais e de obra civil con destino aos lugares máis insospeitados do mundo. Ademais de encargos de particulares e obras de cantería tradicional recibiu as encargas de varias esculturas públicas, entre as que cómpre destacar o monumento de Homenaxe ás Vítimas do 36 en Mos (2008), a escultura dedicada a Avelino Cachafeiro, o gaitero de Soutelo (2011) ou a escultura dedicada a Óscar Pereiro Sío, gañador do Tour de Francia 2006 (O Porriño, 2013).

Tamén realiza demostracións do oficio dos canteiros con ferramenta tradicional para colexios, feiras de artesanía... E foi precisamente durante estas actividades, de contacto directo co público por toda Galiza, cando descubriu o verbo xido, ao achegárenselle os vellos canteiros a conversar sobre a ferramenta, o traballo e a vida.

Dende entón absorbeu as diversas publicacións e todo aquilo relacionado co latín, coñecendo moitos jalruadores, como Francisco Rozados Rochi de Forcarei, o Laureano de Gondomar, o Misa de Baiona ou Calros Solla de Cerdedo; este último foi quen para Marcos Escudero puxo algo de orde entre a morea de dicionarios publicados. Neste último ano, e na compañía de outros arghinas de toda a Ghalleira, creou un grupo de whatsapp para compartir mensaxes escritas na xerga.

Asentado no duro granito galego, dende os seus inicios participou en múltiples exposicións individuais e colectivas, pero non por iso deixa de explorar técnicas e materiais para alimentar a súa creatividade, coma o *sand painting* ([youtube.com/user/MarcosEscuderoTV](https://www.youtube.com/user/MarcosEscuderoTV)), polo que foi convidado a participar dentro da programación de varios eventos internacionais (musicais, festivais de maxia...) e a realizar video-clips musicais. Actualmente colabora co xornal *A Nova Penneira*, no que publica os debuxos satíricos e humorísticos dos Tonios.

No eido cultural é membro de varias asociacións e fundador da Asociación Cultural Festa da Prehistoria e ViaxaMos no Tempo, que dinamizan e divulgan parte da historia do concello de Mos, e tamén mantén o blog *A Pedra que Fala* ([aspedrasquefalan.blogspot.com.es](http://aspedrasquefalan.blogspot.com.es)), no que publica artigos relacionados coa nosa historia, arqueoloxía, etnografía, toponimia... e, como non podería ser doutro xeito, co Latín dos Canteiros.

## Antonio Reigosa



Zoñán, Mondoñedo, 1958. Na actualidade é Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Cronista oficial de Mondoñedo, escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular, da literatura de tradición oral e da cultura oral. Cofundador, con Mercedes Salvador, Ofelia Carnero e Xoán R. Cuba, do Grupo de Investigación Etnográfica Chaira (Premio décimoquinta edición dos Encontros na Terra Cha da Asociación Cultural Xermolos), con quen realizou numerosos traballos de campo en diferentes concellos da provincia de Lugo: Abadín, Vilalba, Begonte, A Pontenova, Chantada, A Fonsagrada...

Creador e coordinador da enciclopedia virtual Galicia Encantada [galiciaencantada.com](http://galiciaencantada.com). Coordina as revistas orais *O pazo das musas* (Museo Provincial de Lugo) e *A voz dos carraos* (Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo). Como vogal responsable de literatura de tradición oral da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) coordina os proxectos *Polañas* e *Mestres da memoria*, creados para documentar e divulgar os valores da oralidade e da cultura popular. Coordina con Isidro Novo as Xornadas de Literatura Oral que se veñen celebrando en Lugo desde 2008.

É autor de unidades didácticas para o Museo Provincial de Lugo, colaborador habitual da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas. Participou en proxectos como *Boas noites*

(2007), obra de teatro da compañía Berrobambán para o que elaborou a guía didáctica interactiva *Pasamedos*. Coordinou con Helena Zapico o monográfico “Literatura oral e educación” publicado na *Revista Galega de Educación*, núm. 41, 2008. Participou en proxectos como *La memoria de los cuentos* (2009), libro e documental baixo a dirección de Antonio Rodríguez Almodóvar, *Antropologías del miedo* (2008), publicación coordinada por Gerardo Fernández Juárez e José Manuel Pedrosa, ou *Quieres que cho conte?* (2011), proxecto de dramatización do conto oral de Palimoco Teatro coordinado por Paloma Lugilde.

En coautoría co Equipo Chaira publicou *Polavila na Pontenova. Lendas contos e romances* (Deputación de Lugo, 1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (Museo Provincial de Lugo, 2004).

Con Fernando Arribas e Xoán R. Cuba publicou a *Guía do Museo Provincial de Lugo* (Museo Provincial de Lugo, 2003).

Participou con relatos nos libros colectivos *Ninguén está só* (Amnistía Internacional - Tris-Tram, 2001); *Narradio. 56 historias no ar* (Xerais, 2003); *Contos para levar no peto* (Xerais, 2001); *Contos da Policía* (Ir Indo, 2003); *Contos de ostras, aventuras, baladas e piratas* (Xunta de Galicia, colec. Lagarto pintado, 2006); *Contos de medo no museo* (Museo Provincial de Lugo, 2005).

É coautor con Xosé Miranda e Xoán R. Cuba de ensaios e libros de referencia como o *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais, 1999 e 2003 en castelán), *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* (Xerais, 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (Xerais, 2001); *Antoloxía do conto de tradición oral* (Xerais-La Voz de Galicia, 2001) e dos 20 tomos da colección de contos de tradición oral “Cabalo Buligán” (Xerais, 1998-2004), I Premio Frei Martín Sarmiento 2003 polo tomo *Contos de parvos e pillos*.

Con Xosé Miranda escribiu *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (Xerais, 2002), e os tomos 1 e 2 da colección “Lendas de Galicia” que levan por título *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror* (Xerais, 2004) e *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas* (Xerais, 2006).

No campo da narrativa infantil foi Premio Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho (1989), Premio Supernova de Literatura Infantil e Xuvenil, concedido por Televisión Lugo (1999). É autor de títulos como *Memorias dun raposo* (Xerais, 1998), que foi Premio Merlín en 1998 e finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1999, *Resalgarío* (Xerais, 2001), Premio Raíña Lupa 2001, *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (Xerais, 2003), *Bacoriño* (2004), *A raposa no galiñeiro* (Museo Provincial de Lugo, 2004), *A noite dos pesadelos* (Tambre, 2006), *A escola de Briador* (Everest, 2006), *O polimacho e outras criaturas* (Tambre, 2008), *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto* (Morgante, 2008), *Lu e Go pola muralla* (Obradoiro, 2010).

Publicou dous álbums, ilustrados por Noemí López: *Guía ilustrada da Galicia invisible* (Xerais, 2010) e *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* (Xerais, 2011); e o libro *Cuentos y leyendas de Galicia* (Anaya, 2012) e, para primeiros lectores e lectoras, *O aprendiz de home do saco* (Xerais, 2013).

Os seus títulos máis recentes son *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías* (Xerais, 2015), *Lendo lendas, digo versos* (Xerais, 2015) (en coautoría con Antonio García Teijeiro e ilustracións de Xosé Cobas, premio á mellor iniciativa bibliográfica Gala do Libro Galego 2016, Lista de Honra do IBBY) e *Celebración de Mondoñedo* (Embora, 2017).



# ÍNDICE

<b>Limiar da Deputación Provincial de Lugo</b>	5
<b>Limiar da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega</b>	7
<b>Limiar dos coordinadores da Xornada</b>	9
<b>Programa</b>	11
<b>Os sinais de identidade na tradición oral: breve achegamento dende o sistema antroponímico galego</b> Xulia Marqués Valea	13
<b>Orfanato para ágrafas: Palabras ao ventimperio</b> Isidro Novo	41
<b>Saber o seu nome sen perder a súa voz</b> Xulia Marqués Valea e Isidro Novo	53
<b>Presenza de valores antropolóxicos, etnográficos e míticos na fraseoloxía</b> M <sup>a</sup> Rosario Soto Arias	59
<b>Toponimia e lendas</b> Gonzalo Navaza	73
<b>O abecé do noso ADN simbólico-cultural</b> M <sup>a</sup> Rosario Soto Arias e Gonzalo Navaza	85
<b>Palabras con misterio: O Latín dos canteiros</b> Marcos Escudero	93
<b>ANEXOS</b> Datos biobibliográficos das/os intervenientes	101
<b>DVD</b>	



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

---

asociación de **escritoras  
escritores**  en lingua galega